



**A Industria da Música en Galicia.
Tendencias, retos e oportunidades.**

Xaneiro 2024

Este informe foi elaborado por un grupo de investigadores da Universidade de Santiago de Compostela (USC), por solicitude da Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM). Foi financiado coa colaboración da Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), da Xunta de Galicia.

Xaneiro, 2024

Agradecementos

Este estudo é o resultado dun esforzo conxunto, construído sobre a dedicación e o compromiso de moitas das persoas que conforman a Industria da Música en Galicia. Queremos expresar o noso máis profundo agradecemento a todas e cada unha das persoas que, xa sexa a nivel individual ou como representantes de diversas entidades, colaboraron neste traballo. A súa participación, desde a achega da súa visión do sector, a colaboración na difusión da enquisa e, por suposto, o tempo dedicado a responder ao cuestionario, foi imprescindible para este proxecto. Grazas por compartir connosco non só a información, senón tamén a paixón polo sector e o interese no éxito desta iniciativa. Cada un de vós converteuse nunha parte fundamental deste proxecto e, á súa vez, fíxonos sentir unha parte viva do sector musical galego, transmitíndonos a sensación de estar todos conectados nesta tarefa.

Contidos

Introdución	8	Achegas ao sector	90
A industria da música en Galicia en cifras	12	Aportacións públicas de carácter estrutural	90
1. A música clásica	15	Aportacións públicas de carácter conxuntural	91
1.1. A música sinfónica	22	Aportacións privadas	94
1.2. A música de cámara e solistas	25	Impacto económico da Industria da Música	95
1.3. A música coral	28	Impacto económico das actividades integradas na IM	96
1.4. A música de bandas e rondallas	31	Impacto económico inducido polas actividades da IM	98
1.5. Música clásica: principais conclusións	33	Impacto económico total asociado á IM	99
2. A música popular	34	Conclusións	99
3. A música gravada	44	Síntese e conclusións	99
3.1. Formatos dixitais	46	Estrutura do Informe	101
3.2. Formatos físicos	47	Características xerais	103
4. Conclusións	48	Conclusións	104
Análise descritiva da IM	51	Síntese	109
Perfil de participantes	52	Liñas de acción	110
Traballo e condicións de traballo	54		
Volume de actividade	56		
Relacións no sector	58		
Percepcións sobre a actividade	62		
Covid-19 e crise	63		
Difusión e percepcións xerais	66		
Bloque específico de artistas	69		
Análise descritiva: conclusións	77		
Análise cualitativa: a opinión do sector	79		
Entrevistas e grupos de discusión	80		
Consideración sobre o sector	80		
Situación actual	81		
Condicións de traballo	82		
Asociacionismo	84		
Apoio institucional	84		
Retos e desafíos	86		
Resumo	86		
Estimación do impacto económico	88		

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1. Evolución ano por ano dos concertos de música clásica en Galicia (2017-2022)	16	música coral (España vs Galicia, 2017-2022)	31
Cadro 2. Evolución ano por ano dos concertos de música clásica (2016-2022)	17	Cadro 20. Evolución ano por ano dos concertos de bandas e rondallas (2017-2022)	31
Cadro 3. Evolución ano por ano dos concertos de música clásica (2016-2022)	19	Cadro 21. Evolución ano por ano dos asistentes a concertos de bandas e rondallas (2017-2022)	32
Cadro 4. Evolución ano por ano dos concertos de música clásica (2016-2022)	20	Cadro 22. Evolución ano por ano da recadación por concertos de música de banda e rondallas (2017-2022)	33
Cadro 5. Evolución ano por ano dos asistentes a concertos de música clásica en Galicia (2017-2022)	21	Cadro 23. Cadro comparativo dos eventos de música de bandas e rondallas (España vs Galicia, 2017-2022)	33
Cadro 6. Evolución ano por ano da recadación por concertos de música clásica (2017-2022)	21	Cadro 24. Evolución ano por ano dos concertos de música popular en Galicia (2017-2022)	36
Cadro 7. Cadro comparativo dos eventos de música clásica (España vs Galicia, 2017-2022)	22	Cadro 25. Concertos de música popular por tipoloxía (2022)	37
Cadro 8. Evolución ano por ano dos concertos de música sinfónica (2017-2022)	23	Cadro 26. Evolución ano por ano da afluencia a concertos de música popular (2017-2022)	37
Cadro 9. Evolución ano por ano dos espectadores de música sinfónica (2017-2022)	24	Cadro 27. Evolución ano por ano da recadación en concertos de música popular (2017-2022)	39
Cadro 10. Evolución ano por ano da recadación de música sinfónica (2017-2022)	24	Cadro 28. Resumo en concertos de música popular (2017-2022)	40
Cadro 11. Cadro comparativo dos eventos de música sinfónica (España vs Galicia, 2017-2022)	25	Cadro 29. Evolución ano por ano dos espectadores en macroconcertos (2017-2022)	40
Cadro 12. Evolución ano por ano dos concertos de música de cámara e solistas (2017-2022)	26	Cadro 30. Evolución ano por ano da recadación nos macroconcertos (2017-2022)	41
Cadro 13. Evolución ano por ano dos asistentes a concertos de música de cámara e solistas (2017-2022)	26	Cadro 31. Evolución ano por ano do prezo medio das entradas nos macroconcertos (2017-2022)	42
Cadro 14. Evolución ano por ano da recadación por concertos de música de cámara e solistas (2017-2022)	27	Cadro 32. Estimación do tamaño do mercado de música gravada en formato dixital en Galicia (2022)	46
Cadro 15. Cadro comparativo dos eventos de música de cámara e solistas (España vs Galicia, 2017-2022)	28	Cadro 33. Estimación do tamaño do mercado de música gravada en formato físico en Galicia (2022)	47
Cadro 16. Evolución ano por ano dos concertos de música coral (2017-2022)	29	Cadro 34. Estimación do gasto público na IM en Galicia (2022)	91
Cadro 17. Evolución ano por ano dos asistentes a concertos de música coral (2017-2022)	30	Cadro 35. Contribución á economía da música dos principais patrocinadores / subvencionadores públicos	93
Cadro 18. Evolución ano por ano da recadación por concertos de música coral (2017-2022)	30	Cadro 36. Contribución á economía da música dos patrocinadores privados	95
Cadro 19. Cadro comparativo dos eventos de		Cadro 37. Impacto da IM	97
		Cadro 38. Impacto inducido da IM	98
		Cadro 39. Impacto total	99

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1. Concertos de música clásica en Galicia: % sobre o conxunto do Estado (total 2017-2022)	18
Gráfico 2. Concertos de música clásica en Galicia: nº de concertos e % sobre o conxunto do Estado.	18
Gráfico 3. Tipoloxía de concertos de música popular (% Galicia vs España, 2022)	38
Gráfico 4. Forma xurídica	52
Gráfico 5. Actividade principal.	52
Gráfico 6. Localización da actividade	53
Gráfico 7. Persoas socias.	53
Gráfico 8. Concentración de actividade (temporalidade)	54
Gráfico 9. Percepción sobre o Convenio Colectivo	55
Gráfico 10. Cifra media neta de negocios.	56
Gráfico 11. Orixe da contratación: sector público	56
Gráfico 12. Orixe da facturación	57
Gráfico 13. Colaboracións.	58
Gráfico 14. Vías de colaboración.	59
Gráfico 15. Sectores prioritarios de colaboración.	60
Gráfico 16. Volume de actividade (2023 vs 2022)	62
Gráfico 17. Expectativa de actividade (2024 vs 2023)	62
Gráfico 18. Liñas de axuda recibidas na Covid-19.	63
Gráfico 19. Liñas de axuda recibidas na etapa post - Covid-19	64
Gráfico 20. Difusión en redes sociais.	66
Gráfico 21. Percepcións sobre a IM (puntuacións medias)	67
Gráfico 22. Actividade principal (artistas)	69
Gráfico 23. Horas semanais dedicadas a actividade artística.	69
Gráfico 24. Estilos musicais	70
Gráfico 25. Colaboracións entre profesionais	71
Gráfico 26. Asociacionismo	71
Gráfico 27. Pertenza a sindicatos	71
Gráfico 28. Participación en concertos (2022).	72
Gráfico 29. Fontes de ingresos	72
Gráfico 30. Contratación de profesionais	73
Gráfico 31. Percepción de acceso a espazos para actuacións.	74

**A Industria da Música en Galicia.
Tendencias, retos e oportunidades.**

Introdución

Nos últimos anos hai un interese crecente pola industria da cultura, entendida en termos xerais, e pola industria da música, en particular. Este interese é ilustrativo dun paulatino fenómeno de transformación social, onde o tempo libre e as actividades de lecer ocupan un lugar cada vez máis central na vida das persoas. É o que se coñece como “sociedade do ocio”, na que os enfoques tradicionais baseados no traballo e na produción dan paso a outros onde o entretemento e as actividades culturais e recreativas gañan espazo progresivo. Este cambio está influenciado por diversos factores como o avance tecnolóxico, a mellora nas condicións laborais e un aumento xeral no nivel de vida que permite ás persoas dedicar máis tempo e recursos ao ocio. Con todo, está profundamente arraigado nunha modificación dos intereses e expectativas da sociedade, con persoas cada vez máis conscientes da importancia do tempo persoal para a súa saúde física e mental.

Neste contexto, aumenta tamén de forma progresiva o interese polo estudo das industrias culturais.

Con todo, cómpre sinalar que entendemos a música como un aspecto fundamental da cultura e un elemento básico do patrimonio das sociedades. A música, nas súas diversas formas, representa un medio de expresión e identidade cultural, e unha parte esencial das tradicións, das emocións e da historia dos

pobos. Neste sentido, a música transcende o seu valor económico para converterse nun invaluable elemento cultural.

É importante destacar que a cuantificación do valor da música, desde a dita perspectiva cultural e patrimonial, é unha tarefa complexa e inestimable. Mentres que os aspectos económicos da industria da música poden ser medidos a través de indicadores, o seu valor intanxible é moito máis difícil de cuantificar. En consecuencia, estas consideracións fundamentais están fóra do alcance deste informe. A nosa análise céntrase nos aspectos económicos e de mercado da industria da música. Non obstante, é crucial recoñecer que estes elementos económicos coexisten e son influenciados polo valor cultural da música. Este recoñecemento permítenos manter unha visión equilibrada e completa do que a música representa, máis aló da súa dimensión económica.

Feita esta prevención, o certo é que recentemente comeza a espertar interese a vertente netamente económica da música. O aumento do gasto en actividades de lecer e culturais converte á cultura nun importante motor económico para os territorios. A conceptualización da cultura e do ocio como industria comprende unha serie de actividades económicas relacionadas coa xeración de dereitos de propiedade intelectual e a provisión directa de servizos de ocio e entretemento, incluíndo teatro,

música, danza, cine, radio, televisión, pintura, edición, parques recreativos e museos, entre outros. O estudo da cultura neste contexto implica analizar a súa contribución á economía, así como o seu papel na creación de emprego e no desenvolvemento económico.

Porén, este estudo non está exento de dificultades. A industria da cultura caracterízase polo risco asociado á produción cultural, cuxa viabilidade e competitividade dependen da aceptación pública de produtos únicos que xeralmente teñen altos custos de produción, distribución e promoción. Os produtos culturais, ademais de transmitir ideas e valores, son considerados unha forma de capital cultural, intensivos en coñecemento e con altos requirimentos en capital humano, o que supón as máis das veces a estimación e valoración de intanxibles, coas dificultades inherentes á dita cuantificación. A demanda de produtos culturais varía co nivel de renda, levando a un consumo máis diversificado en liña cun maior nivel educativo e unha maior dispoñibilidade de ocio. A realidade cultural é dinámica e cambiante debido á heteroxeneidade dos axentes implicados e á diversidade de manifestacións culturais e institucións. Todo isto converte ao sector nunha área complexa de análise, pero esencial para o desenvolvemento económico, especialmente en economías avanzadas onde a acumulación física e tecnolóxica e mesmo o capital humano deixaron de ser as variables esenciais para garantir o benestar socioeconómico a longo prazo.

As dificultades aumentan cando o foco se traslada do ámbito xeral -a cultura- ao particular, coma é o estudo dun ámbito cultural concreto, caso da industria da música. A dita industria ten unha importancia fundamental no marco da industria da cultura, tanto a nivel propiamente cultural como social e económico. A súa importancia transcende o simple entretemento, para situarnos nun plano de identi-

dade cultural, motor de cohesión social, impulsor do turismo, medio para a formación e catalizador de innovación e creatividade. Ademais, na liña do anteriormente exposto, a música é tamén fonte de desenvolvemento económico, que proporciona actividade e emprego para unha ampla gama de profesionais relacionados coa produción, distribución, promoción e venda de música.

A delimitación xeográfica dunha parte da industria supón engadir unha capa máis de complexidade aos problemas previamente identificados. Porén, ninguén pode negar que o contexto é importante para o desenvolvemento da cultura, particularmente cando se trata de estimar o valor relativo dunha parte desta coma é o caso da música. Igualmente, a importancia económica da industria, en toda a parte, non ten por que ser necesariamente coincidente en todos os contextos xeográficos. Pese a esta importancia, e á crecente consciencia da relevancia económica da cultura e da música, os estudos destinados a cuantificar este fenómeno son limitados, constituíndo máis ben aproximacións parciais descritivas ao fenómeno.

Este informe intenta superar esta eiva, sendo deseñado para proporcionar unha análise profunda e detallada da industria da música que abrangue tanto a súa estrutura e dinámicas como o seu impacto na economía e no emprego de Galicia. Esta industria caracterízase pola súa diversidade e riqueza cultural, representando un entramado de xéneros e prácticas que van dende o máis tradicional ao contemporáneo. Este informe detallará as diversas manifestacións musicais en Galicia, analizando como interactúan os distintos axentes, dende artistas e compositores ata produtores, distribuidores e plataformas comerciais.

O estudo realízase a iniciativa da Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM). A dita

asociación ten como obxectivos principais os seguintes:

- Exercer a representación das empresas que conforman a cadea de valor da actividade musical e cultural en Galicia.
- Promocionar e defender os intereses empresariais do sector musical en xeral, e dos seus asociados en particular.
- Dar prestixio e recoñecemento ao traballo das empresas que integran a cadea de valor dos eventos musicais e culturais.
- Influír e promover consensos entre o conxunto de institucións e axentes sociais para favorecer o progreso económico no ámbito musical e cultural.
- Reivindicar o valor das empresas musicais e culturais.
- Fomentar a música e a cultura, e defender a súa difusión como garantía do benestar socioeconómico.

No marco destes intereses, propúxose realizar un **estudo sobre o valor e impacto da industria da música en Galicia**, co fin de obter unha imaxe fiel do alcance e da contribución desta industria ao conxunto da actividade económica da comunidade galega, así como do seu papel xerador de emprego e riqueza. O estudo pretende ser obxectivo, amplo, plural, completo, rigoroso e ambicioso. Para iso, inclúe todos os segmentos que participan na actividade de forma directa (promotores, managers, axentes, distribuidores, etc.) e indirecta (servizos loxísticos, de comunicación, catering, etc.). Tamén se incorporan empresas e organizacións, así como as persoas que desenvolven unha actividade profesional artística na IM (autores, intérpretes e/ou executantes).

En última instancia, este estudo pretende pór en relevo que existe unha industria da música en Galicia que contribúe á xeración de actividade económica e á creación de emprego na comunidade galega. Esta contribución pode ser identificada e cuantificada, algo imprescindible para que sexa considerada no mesmo plano que outras actividades con maior tradición de análise. Para iso, é fundamental perimetrar correctamente a IM, identificar aos axentes implicados e estimar a participación de cada un deles na xeración de actividade e valor engadido, ademais de calcular o volume total de emprego xerado.

Un dos problemas identificados para poder realizar esta estimación do valor e impacto da IM é a falta de datos globais sobre esta industria. Coa excepción dun estudo realizado en 2007 e algún informe parcial (como os realizados polo Consello Galego da Cultura sobre a música clásica e popular en Galicia, de 2015), non se atoparon estudos relevantes de carácter económico sobre a IM en Galicia. A nivel estatal hai diversos estudos que utilizan distintos enfoques de carácter xeral, parcial, desde unha perspectiva laboral, de xénero, e mesmo cun enfoque psicolóxico. Porén, ningún aborda especificamente o impacto total xerado. Tampouco se realizaron estudos con este enfoque económico-empresarial centrados na comunidade galega. Esta ausencia é importante, posto que a IM en Galicia experimentou unha expansión significativa nos últimos anos, con esforzos inxentes na profesionalización do sector e na consecución dun posicionamento no conxunto do Estado que non pasa desapercibido.

O presente estudo pretende superar esta carencia de datos, describindo de forma pormenorizada a IM, a súa actividade e valor xerado, de maneira que poida ser de utilidade para dar visibilidade ao sector. En paralelo, ofrecerase unha descrición da situación da IM

en Galicia, ofrecendo un panorama de situación que favoreza a identificación dos principais retos e dificultades que aborda o sector. Desta maneira, facilitarase a toma de decisións para mellorar a situación da IM e potenciar o seu desenvolvemento.

O informe divídese en cinco partes. Na primeira realízase unha **análise descritiva do sector**, a través dos datos dispoñibles en fontes oficiais. Na segunda parte complétase esta descrición a partir dos datos procedentes dun **cuestionario** circularizado no sector. Neste apartado obtense tamén un perfil dos axentes implicados na IM, achegando datos da súa dedicación, a identificación e actividades que realizan -de forma única ou con carácter complementario-, a actividade empresarial ou artística que realizan habitualmente; as formas xurídicas que utilizan para o exercicio da súa actividade profesional ou a dispoñibilidade de axudas da Administración, entre outras cuestións.

A terceira parte dedícase á análise da información obtida a través das **entrevistas e focus group** realizados. Trátase dun apartado basicamente cualitativo, baseado en percepcións e opinións particulares de quen participou no estudo. A pesar da dificultade da análise desta información, que supón o estudo e interpretación destas opinións -co risco inherente de poder facer algunha interpretación errónea-, estes encontros permitiron abordar diversos temas en profundidade, revelando insights que poderían pasar desapercibidos con outros métodos de investigación. A flexibilidade e xenerosidade dos participantes permitiu, ademais, recompilar unha gran cantidade de información de calidade para este informe.

A cuarta parte resérvase ao **estudo do ámbito económico e empresarial**, estimando a contribución da IM á economía e ao emprego en Galicia. Por último, revísase e sintetiza a

información obtida nos apartados precedentes, co fin de ofrecer conclusións relevantes e proporcionar liñas de acción, suxestións e recomendacións para o fortalecemento da IM galega.

O propósito deste informe é dobre. Por unha banda, pretende **describir e delimitar con precisión o perímetro da IM en Galicia**, identificando as súas compoñentes clave, desde a creación artística ata a produción, distribución e comercialización. Por outra banda, propón **avaluar o impacto económico deste sector**, cuantificando a súa contribución á economía de Galicia e a súa influencia no mercado laboral.

A metodoloxía empregada neste estudo combina a análise cualitativa coa recollida e análise cuantitativa de datos, permitindo proporcionar unha visión integral do sector. O informe non só revelará a estrutura e funcionamento da industria da música galega, senón que tamén destacará o seu potencial como motor de crecemento económico e xeración de emprego. O estudo desenvolveuse entre xullo e decembro de 2023.

Este traballo busca ser unha ferramenta valiosa para a toma de decisións no ámbito político e empresarial, así como un recurso informativo para aqueles interesados en comprender a complexidade e o potencial da industria da música en Galicia. Con este obxectivo en mente, o informe preséntase como unha guía esencial para entender e apreciar o papel da música na economía e na cultura de Galicia. Esperamos que as conclusións extraídas sirvan para dar á IM o lugar que lle corresponde en tanto que industria estratéxica, así como para facilitar o deseño e implantación de medidas que favorezan un mellor desempeño da IM, á vez que superar as dificultades atopadas e afrontar os retos máis importantes derivados do contexto actual.

A industria da música en Galicia en cifras

A industria da música en Galicia en cifras

A industria de creación e a interpretación musical é unha actividade con potencial económico, capacidade de xeración de postos de traballo, e incidencia directa e indirecta na economía de Galicia. Para proceder á estimación desta actividade, cómpre identificar a súa dimensión, que é o obxectivo desta parte do estudo da Industria da Música (IM) en Galicia.

Para elo, comezamos cun capítulo estatístico no que revisamos a actividade da música en Galicia dende unha perspectiva dinámica, utilizando os datos fornecidos no Anuario das Artes Escénicas e Culturais da SGAE (2023). Nesta fonte inclúense dous tipos fundamentais de actividades musicais:

- **A MÚSICA CLÁSICA**, que engloba a música sinfónica, música de cámara, música coral e música de bandas.
- **A MÚSICA POPULAR**, que abrangue a canción melódica, cantautores, pop rock, metal, new age, dance-house, hip-hop e rap, canción española, flamenco, música folk, música étnica, música latina, jazz, blues e soul, electrónica, infantil e outros xéneros.

A estas actividades musicais deben engadirse as actividades vinculadas coa **música gravada**. Este apartado refírese á música capturada, producida e almacenada nun formato que permite a súa reprodución, distribución e comercialización masivas. A música gravada pode ser reproducida e escoitada de xeito reiterado sen a necesidade de que os artistas realicen a performance en directo cada vez.

A IM clásica amosa unha intensa actividade, con preto de 6.000 eventos e unha recadación de aproximadamente 6 millóns de euros en 2022. A música de cámara destaca como o xénero máis popular, seguido pola música sinfónica, bandas e corais. Malia o impacto negativo da pandemia da COVID-19, o ano 2022 foi testemuña dunha recuperación significativa en termos de eventos, asistencia e recadación. Comparativamente, Galicia ocupa a sexta posición no Estado español en canto á celebración de concertos de música clásica, aínda que segue por debaixo dos niveis previos á pandemia. Este sector enfrenta desafíos en canto ao número de concertos e a recadación total, pero tamén presenta oportunidades para incrementar a asistencia e os ingresos.

Na música popular, Galicia mostra igualmente unha notable recuperación post-pandemia, mantendo unha participación estable no contexto estatal. O pop rock é o xénero predominante, representando o 82.3% dos concertos, seguido por xéneros como jazz, blues, soul e música de cantautores. Aínda que a recadación por concerto e por asistente en Galicia xeralmente é menor que no resto de España, observouse unha tendencia positiva de cambio post-pandemia. Neste contexto, cómpre sinalar que a comunidade galega demostra capacidade para atraer e xerar ingresos en eventos de gran escala. O prezo medio das entradas en macro-concertos experimentou un incremento significativo, mostrando un sector musical resiliente, con clara recuperación post-pandemia e unha tendencia de crecemento sostido na recadación.

No relacionado coa música gravada, a evolución na comunidade galega continúa en tendencia crecente. Na liña das dinámicas nacionais e globais, detéctase unha penetración constante e expansiva dos soportes en plataformas en liña e streaming, que substitúen progresivamente aos soportes físicos.

A continuación, revísanse as principais cifras de cada tipoloxía.

A música clássica

1. A música clásica

A música clásica comprende catro categorías: música sinfónica, cámara e solistas, coral, e música de bandas e rondallas. A SGAE define como concerto de música clásica calquera espectáculo no que se execute unha composición musical encadrada no chamado xénero culto, dos cales os representantes máis característicos son os clásicos.

Nos últimos anos produciuse unha intensa actividade musical en Galicia no eido da música clásica, cun total de preto de 6.000 eventos musicais que convocaron a case 1.140.000 espectadores e xeraron unha recadación próxima aos 6 millóns de euros (cadro 1). Con estes datos, a comunidade galega é a sexta no conxunto estatal en canto a celebración de concertos de música clásica, por detrás da Comunidade Valenciana, Madrid, Andalucía, Cataluña e o País Vasco.

	2017	2018	2019	2020	2021	2022	TOTAL
CONCERTOS	1.186	1.212	1.245	590	804	958	5.995
ASISTENTES	270.840	279.483	287.427	59.966	88.873	147.152	1.133.741
RECADACIÓN	1.305.204	1.393.224	1.440.408	398.757	538.266	884.080	5.959.939

Cadro 1. Evolución ano por ano dos concertos de música clásica en Galicia (2017-2022)

Fonte: elaboración propia con datos do Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

No conxunto da música clásica, a música de cámara ten un claro predominio, cunha achega próxima ao 48% do total de eventos, mentres que a menor achega a supoñen os concertos de música coral, que non representan nin o 10% do total. A análise de datos revela que, despois da caída que as cifras da música clásica experimentaron no bienio 2020-2021 como consecuencia da pandemia, 2022 preséntase como un ano de mellora e positivo en todos os indicadores. Así, en 2022 celebráronse 958 eventos de música, que supoñen un incremento superior ao 19% respecto do ano anterior. Tamén se rexistra un aumento notable tanto nas persoas asistentes aos eventos coma na recadación, con incrementos superiores ao 65%. Malia estas notables melloras, os datos aínda non se sitúan en niveis pre-pandémicos.

No que se refire ao número de concertos, obsérvase unha tendencia decrecente desde 2017 ata 2022, cunha caída notable no ano 2020 que reflicte o impacto da pandemia. A recuperación en 2021 e 2022 aínda non logra alcanzar os números de 2019, indicando unha recuperación gradual. Pola contra, a asistencia total aos concertos viña experimentando un crecemento constante ata 2019, sufrindo un descenso drástico en 2020. Malia a notable mellora en 2021 e 2022, tampouco se alcanzan os niveis pre-pandemia. Coincidindo co incremento da asistencia, a recadación foi aumentando ano tras ano ata 2019,

observándose a mesma tendencia de recuperación parcial dende 2021 sen acadar os niveis previos á pandemia.

No cadro 2 se desagregan os datos en función das distintas disciplinas. Do total de concertos celebrados, un 15% correspondeu ao xénero de música sinfónica, cun total de 153 concertos en 2022 (un 22% máis que o ano anterior). Estes concertos aglutinaron unha porcentaxe significativa de todos os asistentes a concertos de música clásica (un 34%), e é o xénero con maior volume de facturación no conxunto da música clásica, aportando un 65% do total.

		2017		2018		2019		2020		2021		2022		TOTAL
		ABS	% España	ABS	% España	ABS	% España	ABS	% España	ABS	% España	ABS	% España	
MÚSICA CLÁSICA	CONCERTOS	1.186	7,70%	1.212	7,70%	1.245	7,70%	590	7,90%	804	7,80%	958	7,60%	5.995
	ASISTENTES	270.840	5,40%	279.483	5,50%	287.427	5,50%	59.966	5,50%	88.873	5,60%	147.152	5,40%	1.133.741
	RECADACIÓN	1.305.204	3,10%	1.393.224	3,20%	1.440.408	3,00%	398.757	3,30%	538.266	3,20%	884.080	2,90%	5.959.939
MÚSICA SINFÓNICA	CONCERTOS	172	6,60%	181	6,70%	189	6,70%	92	7,00%	125	6,80%	153	6,70%	912
	ASISTENTES	93.159	5,40%	97.234	5,40%	99.331	5,40%	20.284	5,30%	30.848	5,60%	49.887	5,20%	390.743
	RECADACIÓN	876.669	3,50%	919.323	3,60%	930.540	3,30%	257.426	3,60%	345.061	3,50%	571.110	3,20%	3.900.129
MÚSICA DE CÁMARA	CONCERTOS	564	7,30%	579	7,30%	590	7,30%	290	7,50%	405	7,60%	467	6,70%	2.895
	ASISTENTES	108.849	5,40%	111.849	5,50%	113.414	5,50%	26.012	5,70%	38.264	5,90%	62.198	5,60%	460.586
	RECADACIÓN	239.257	1,60%	260.448	1,70%	272.742	1,60%	81.644	1,90%	109.532	1,90%	169.158	1,60%	1.132.781
MÚSICA CORAL	CONCERTOS	108	5,60%	111	5,70%	112	5,50%	51	5,60%	66	5,40%	83	5,40%	531
	ASISTENTES	9.574	2,30%	10.450	2,40%	11.807	2,60%	2.512	2,60%	3.379	2,40%	6.125	2,50%	43.847
	RECADACIÓN	26.714	1,80%	32.099	2,00%	38.362	2,20%	10.260	2,20%	13.665	2,10%	23.297	2,30%	144.397
MÚSICA DE BANDAS E RONDALLAS	CONCERTOS	342	10,90%	341	10,70%	354	10,80%	157	11,40%	208	10,70%	255	10,70%	1.657
	ASISTENTES	59.258	7,20%	59.950	7,10%	62.875	7,30%	11.158	7,10%	16.382	6,90%	28.942	6,90%	238.565
	RECADACIÓN	162.564	18,70%	181.354	20,00%	198.764	20,20%	49.427	20,80%	70.008	22,00%	120.516	20,20%	782.633

Cadro 2. Evolución ano por ano dos concertos de música clásica (2016-2022)

Fonte: elaboración propia con datos do Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

A oferta de concertos de música de cámara é maior que o resto das modalidades de música clásica, achegando case o 50% do total de eventos e o 41% de espectadores. En canto á recadación, achega case un 20% da facturación, ocupando o segundo posto en importancia. Pola súa banda, a música coral é a que mostra un nivel de actividade menor fronte ao resto de modalidades, así como no tocante a asistentes. O total de concertos celebrados non chega ao 10%, cunha asistencia de espectadores que supón o 4% do total de asistentes a eventos de música clásica. Isto tradúcese na menor achega na recadación total, que se cifra nun 2% da facturación. Por último, o volume de concertos de música de bandas e rondallas sobre o total de concertos foi do 28%, cun 21% do total de asistentes e unha facturación próxima ao 13% do total.

Con estes datos, os eventos de música clásica celebrados en Galicia manteñen unha participación estable no conxunto de eventos deste eido a nivel estatal (gráfico 1). Considerados en conxunto, achegan aproximadamente o 8% do total de concertos, un 5,5% do total de asistentes, e unha facturación próxima ao 3%. Entre estes datos destaca a presenza dos eventos de bandas e rondallas, cunha forte tradición na comunidade galega que se traduce nunha achega claramente superior a do resto de eventos.

No que se refire á evolución recente, obsérvase que Galicia está a recuperar o pulo dos concertos de música clásica pouco a pouco, sen acadar aínda o volume previo á dita




Gráfico 1. Concertos de música clásica en Galicia: % sobre o conxunto do Estado (total 2017-2022)
 Fonte: elaboración propia con datos do Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

pandemia. O número de concertos de música clásica celebrados na comunidade galega en 2022 non chegou a 960, sendo aínda un 23% inferiores aos celebrados en 2019. Porén, a porcentaxe que estes concertos representan no total dos celebrados en España (gráfico 2) mantense relativamente estable, na contorna do 7,5%.




Gráfico 2. Concertos de música clásica en Galicia: nº de concertos e % sobre o conxunto do Estado
 Fonte: elaboración propia con datos do Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

A evolución recente dos concertos de música clásica en Galicia (cadro 3) seguiu unha tendencia moi similar á do conxunto do Estado entre 2016 e 2022, con incrementos anuais ata 2019 e unha marcada diminución en 2020 debido á pandemia. A diminución en Galicia foi lixeiramente menor (-52,61%) en comparación co total de España (-54,00%), o que suxire que a comunidade resultou algo menos afectada polas restricións de eventos nese ano crítico. Posteriormente, tanto Galicia como o resto de España experimentaron unha recuperación en 2021 e 2022, aínda que a recuperación en Galicia foi lixeiramente menos pronunciada. Isto reflíctese nas porcentaxes de crecemento de Galicia, do 36,27% en 2021 e 19,15% en 2022, fronte aos do total de España do 38,80% e 21,64% respectivamente, indicando que os concertos en Galicia estanse a recuperar, pero a un ritmo un pouco máis lento que a media nacional.

ANO	TOTAL		GALICIA	
	NÚMERO DE CONCERTOS	EVOLUCIÓN (%)	NÚMERO DE CONCERTOS	EVOLUCIÓN (%)
2016	14.972	2,30%	1.154	
2017	15.424	3,00%	1.186	2,77%
2018	15.776	2,30%	1.212	2,19%
2019	16.226	2,90%	1.245	2,72%
2020	7.472	-54,00%	590	-52,61%
2021	10.370	38,80%	804	36,27%
2022	12.614	21,64%	958	19,15%

Cadro 3. Evolución ano por ano dos concertos de música clásica (2016-2022)

Fonte: elaboración propia con datos do Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

No conxunto do Estado, a Comunidade Valenciana lidera a oferta de concertos de música clásica (15,5% do total), seguida de Madrid e Andalucía (cadro 4). Galicia é a sexta comunidade autónoma no conxunto desta oferta, cun 7,6% do total. A análise da evolución do número de concertos en Galicia en relación coas outras comunidades autónomas de España permite comprobar que, en termos de recuperación post-pandemia, Galicia mostra unha tendencia positiva similar á desta comunidades con maior presenza no conxunto estatal de eventos de música clásica. Así, aínda que a caída experimentada polos concertos en Galicia no 2020 foi pronunciada, a recuperación en 2021 e 2022 é consistente ca media nacional, indicando un retorno gradual cara á normalidade e un posible regreso á tendencia de crecemento que se observaba antes da pandemia. Porén, cómpre sinalar que ningunha comunidade autónoma recuperou completamente o volume de concertos que tiñan antes da pandemia. Este patrón é consistente co impacto duradeiro que a pandemia da COVID-19 tivo nos eventos en directo, e reflicte un proceso de recuperación que aínda está en curso e non se completou ata o ano reflectido nos datos.

	2016		2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	14.972	100%	15.424	100%	15.776	100%	16.226	100%	7.472	100%	10.370	100%	12.614	100%
ANDALUCÍA	1.977	13,20%	1.960	12,70%	1.963	12,40%	1.993	12,30%	955	12,80%	1.355	13,10%	1.560	12,40%
ARAGÓN	637	4,30%	666	4,30%	678	4,30%	701	4,30%	313	4,20%	418	4,00%	535	4,20%
ASTURIAS	306	2,00%	328	2,10%	336	2,10%	350	2,20%	151	2,00%	198	1,90%	270	2,10%
ILLES BALEARS	317	2,10%	381	2,50%	393	2,50%	404	2,50%	185	2,50%	248	2,40%	314	2,50%
CANARIAS	254	1,70%	289	1,90%	309	2,00%	325	2,00%	153	2,00%	202	1,90%	253	2,00%
CANTABRIA	226	1,50%	250	1,60%	262	1,70%	279	1,70%	136	1,80%	177	1,70%	217	1,70%
CASTELA-A MANCHA	327	2,20%	340	2,20%	352	2,20%	362	2,20%	164	2,20%	216	2,10%	272	2,20%
CASTELA E LEÓN	1.083	7,20%	1.123	7,30%	1.157	7,30%	1.194	7,40%	545	7,30%	743	7,20%	923	7,30%
CATALUÑA	1.949	13,00%	1.862	12,10%	1.849	11,70%	1.877	11,60%	765	10,20%	1.070	10,30%	1.490	11,80%
COM. VALENCIANA	2.412	16,10%	2.462	16,00%	2.519	16,00%	2.561	15,80%	1.149	15,40%	1.661	16,00%	1.957	15,50%
ESTREMADURA	109	0,70%	133	0,90%	141	0,90%	150	0,90%	75	1,00%	101	1,00%	120	1,00%
GALICIA	1.154	7,70%	1.186	7,70%	1.212	7,70%	1.245	7,70%	590	7,90%	804	7,80%	958	7,60%
A RIOXA	78	0,50%	109	0,70%	123	0,80%	138	0,90%	64	0,90%	83	0,80%	104	0,80%
MADRID	2.090	14,00%	2.197	14,20%	2.261	14,30%	2.333	14,40%	1.144	15,30%	1.612	15,50%	1.864	14,80%
MURCIA	225	1,50%	248	1,60%	256	1,60%	269	1,70%	125	1,70%	167	1,60%	204	1,60%
NAVARRA	457	3,10%	478	3,10%	496	3,10%	513	3,20%	238	3,20%	316	3,00%	390	3,10%
PAÍS VASCO	1.358	9,10%	1.396	9,10%	1.451	9,20%	1.511	9,30%	710	9,50%	989	9,50%	1167	9,30%
CEUTA E MELILLA	13	0,10%	16	0,10%	18	0,10%	21	0,10%	10	0,10%	10	0,10%	16	0,10%

Cadro 4. Evolución ano por ano dos concertos de música clásica (2016-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

No relacionado coa evolución do número de espectadores (cadro 5) Galicia mantén igualmente unha porcentaxe estable respecto ao total de España, variando entre o 5,40% e o 5,60% ao longo dos anos analizados, o que sitúa á comunidade galega cunha afluencia de público consistente e significativa dentro do contexto nacional. Malia caída xeneralizada de espectadores en 2020 debido á pandemia, Galicia mantivo a súa porcentaxe con respecto ao total, o que indica que o impacto foi proporcionalmente similar ao resto do país. A recuperación no bienio 2021-2022 é notable, mais aínda non se alcanzan as cifras de 2019, o que é común entre a maioría das comunidades. En comparación, comunidades como Madrid, Cataluña e a Comunidade Valenciana mostran unha porcentaxe maior tanto en número de espectadores como na súa recuperación, o que pode reflectir unha infraestrutura de eventos máis robusta ou unha oferta cultural máis ampla. A tendencia xeral indica que aínda que a industria está en camiño de recuperación, hai espazo para mellora e crecemento cara aos niveis de afluencia previos a 2020.

Galicia mostrou unha porcentaxe igualmente estable en termos de recadación dentro do contexto nacional, manténdose entre o 3,00% e o 3,30% ata o ano 2020 (cadro 6). Durante o ano pandémico, 2020, a porcentaxe de recadación de Galicia incrementouse lixeiramente a un 3,30%, o que podería indicar que, a pesar da redución xeral na cantidade de eventos e espectadores, a recadación media por evento non diminuíu tanto, ou que os eventos que se mantiveron activos foron de maior valor económico. Porén, en 2021 e 2022, a porcentaxe de recadación volve a valores similares aos anos previos á pandemia, cun 3,20% e 2,90% respectivamente. Cando comparamos con outras comunidades, Cataluña e Madrid destacan como as de maior recadación, coa primeira representando máis do

23% do total de España en 2022 e a segunda case o 30%. A Comunidade Valenciana tamén sobresa e cunha notable recuperación en 2021 e 2022. A tendencia xeral mostra que, mentres que a industria está a recuperarse, aínda existen disparidades rexionais significativas na capacidade de xerar ingresos.

	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	4.971.694	100%	5.113.688	100%	5.242.430	100%	1.093.039	100%	1.587.430	100%	2.731.040	100%
ANDALUCÍA	364.442	7,30%	364.895	7,10%	371.107	7,10%	81.819	7,50%	126208	8,00%	189.111	6,90%
ARAGÓN	212304	4,30%	206040	4,00%	213820	4,10%	40266	3,70%	55539	3,50%	112285	4,10%
ASTURIAS	137574	2,80%	142644	2,80%	148204	2,80%	30841	2,80%	41497	2,60%	78057	2,90%
ILLES BALEARS	66639	1,30%	69443	1,40%	74499	1,40%	14407	1,30%	20193	1,30%	39313	1,40%
CANARIAS	177250	3,60%	188743	3,70%	196073	3,70%	43617	4,00%	60160	3,80%	100230	3,70%
CANTABRIA	81268	1,60%	85397	1,70%	92265	1,80%	20915	1,90%	27928	1,80%	48183	1,80%
CASTELA-A MANCHA	50664	1,00%	52530	1,00%	57386	1,10%	11849	1,10%	16356	1,00%	28526	1,00%
CASTELA E LEÓN	276.647	5,60%	285.952	5,60%	295.132	5,60%	64.263	5,90%	91098	5,70%	153627	5,60%
CATALUÑA	661.586	13,30%	665.519	13,00%	647.678	12,40%	97.437	8,90%	144011	9,10%	339.445	12,40%
COM. VALENCIANA	745.875	15,00%	772.663	15,10%	791.372	15,10%	168.557	15,40%	260.467	16,40%	395.433	14,50%
ESTREMADURA	41540	0,80%	46236	0,90%	46424	0,90%	11248	1,00%	17054	1,10%	26264	1,00%
GALICIA	270.840	5,40%	279.483	5,50%	287.427	5,50%	59.966	5,50%	88873	5,60%	147152	5,40%
A RIOXA	53187	1,10%	58781	1,10%	65434	1,20%	14262	1,30%	19047	1,20%	33526	1,20%
MADRID	957.939	19,30%	994.546	19,40%	1.025.725	19,60%	238.943	21,90%	344.433	21,70%	561.602	20,60%
MURCIA	78555	1,60%	81150	1,60%	83492	1,60%	18063	1,70%	25651	1,60%	41321	1,50%
NAVARRA	184325	3,70%	192717	3,80%	198967	3,80%	42625	3,90%	58600	3,70%	103801	3,80%
PAÍS VASCO	607.263	12,20%	622.832	12,20%	642.622	12,30%	132.978	12,20%	189059	11,90%	330604	12,10%
CEUTA E MELILLA	3796	0,10%	4117	0,10%	4803	0,10%	983	0,10%	1256	0,10%	2560	0,10%

Cadro 5. Evolución ano por ano dos asistentes a concertos de música clásica (2017-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	42.636.779	100%	43.996.371	100%	47.772.724	100%	12.111.547	100%	16.807.434	100%	30.065.023	100%
ANDALUCÍA	2.038.995	4,80%	2.044.256	4,60%	2.933.882	6,10%	1.043.884	8,60%	1523362	9,10%	1.998.103	6,60%
ARAGÓN	1276358	3,00%	1311503	3,00%	1384305	2,90%	359437	3,00%	468961	2,80%	869536	2,90%
ASTURIAS	990243	2,30%	1023246	2,30%	1050039	2,20%	261641	2,20%	302703	1,80%	649223	2,20%
ILLES BALEARS	547821	1,30%	579100	1,30%	592584	1,20%	150547	1,20%	189185	1,10%	364595	1,20%
CANARIAS	1483368	3,50%	1519945	3,50%	1576665	3,30%	439091	3,60%	554594	3,30%	990391	3,30%
CANTABRIA	533205	1,30%	569910	1,30%	639877	1,30%	175316	1,40%	206497	1,20%	395777	1,30%
CASTELA-A MANCHA	245209	0,60%	209753	0,50%	232099	0,50%	63083	0,50%	77025	0,50%	143254	0,50%
CASTELA E LEÓN	1.221.975	2,90%	1.262.260	2,90%	1.310.820	2,70%	355.764	2,90%	417524	2,50%	816306	2,70%
CATALUÑA	10.356.376	24,30%	10.456.900	23,80%	11.271.504	23,60%	2.083.121	17,20%	3056418	18,20%	6.993.920	23,30%
COM. VALENCIANA	2.347.530	5,50%	2.387.340	5,40%	4.191.577	8,80%	1.318.245	10,90%	1.922.561	11,40%	2.720.875	9,00%
ESTREMADURA	170168	0,40%	233223	0,50%	296120	0,60%	99141	0,80%	137768	0,80%	187981	0,60%
GALICIA	1.305.204	3,10%	1.393.224	3,20%	1.440.408	3,00%	398.757	3,30%	538266	3,20%	884080	2,90%
A RIOXA	258427	0,60%	263684	0,60%	282641	0,60%	78285	0,60%	98130	0,60%	174653	0,60%
MADRID	13.243.875	31,10%	13.754.180	31,30%	13.927.126	29,20%	3.513.622	29,00%	5.000.390	29,80%	8.926.906	29,70%
MURCIA	681658	1,60%	736509	1,70%	748601	1,60%	210205	1,70%	281959	1,70%	459159	1,50%
NAVARRA	1728205	4,10%	1809725	4,10%	1666404	3,50%	408629	3,40%	551114	3,30%	1016608	3,40%
PAÍS VASCO	4.187.721	9,80%	4.429.716	10,10%	4.213.330	8,80%	1.147.762	9,50%	1470736	8,80%	2.459084	8,20%
CEUTA E MELILLA	20441	0,00%	11897	0,00%	14742	0,00%	5017	0,00%	10241	0,10%	14570	0,00%

Cadro 6. Evolución ano por ano da recadación por concertos de música clásica (2017-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

O resumo dos datos sobre concertos de música clásica en Galicia e no resto de España entre 2017 e 2022 (cadro 7) proporcionan unha visión comparativa destes eventos en termos de asistencia e recadación. Antes da pandemia España mantivo unha media de máis de 330 asistentes por evento, mentres que Galicia tiña unha media máis baixa, aproximadamente 235 asistentes por evento. Isto pode suxerir unha menor capacidade de atracción destes eventos en Galicia, ou simplemente diferenzas no seu tamaño e na capacidade de atraer grandes xiras nacionais ou internacionais. A pandemia impactou de xeito significativo na industria en 2020, reducindo a asistencia media por concerto a só 67 en España e aínda menos en Galicia, con 48 asistentes. A recadación por concerto tamén caeu, pero non tan drasticamente como a asistencia, o que pode revelar que se mantiveron eventos de maior valor ou que os prezos das entradas aumentaron para compensar a menor asistencia. En 2021 e 2022 observouse unha recuperación tanto en asistencia como en recadación, pero sen alcanzar os niveis previos á pandemia. Cómpre destacar que a recadación por asistente aumentou durante a pandemia e mantívose elevada despois, indicando que o valor medio por asistente é agora maior.

		2.017	2.018	2.019	2.020	2.021	2.022
ESPAÑA	Asistentes/conc	332,07	331,54	332,30	67,36	212,45	263,36
	Recadación/conc	2.847,77	2.852,46	3.028,19	746,43	2.249,39	2.899,23
	Recadación/asist	8,58	8,60	9,11	11,08	10,59	11,01
GALICIA	Asistentes/conc	228,36	230,60	230,87	101,64	110,54	153,60
	Recadación/conc	1.100,51	1.149,52	1.156,95	675,86	669,49	922,84
	Recadación/asist	4,82	4,99	5,01	6,65	6,06	6,01

Cadro 7. Cadro comparativo dos eventos de música clásica (España vs Galicia, 2017-2022)

Fonte: elaboración propia con datos do Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

En xeral, estes datos indican que, mentres os eventos en Galicia teñen tendencias similares en termos de recadación e asistencia á media española, hai diferenzas en termos de escala e valor económico por evento. Nomeadamente, os eventos en Galicia parecen atraer menos asistentes e xerar menos recadación de media que no resto de España.

1.1. A música sinfónica

A participación dos concertos de música sinfónica celebrados en Galicia no contexto estatal (cadro 8) é lixeiramente inferior á dos concertos de música clásica, oscilando na contorna do 6,6%-6,7% nos anos recentes. En 2018, houbo un lixeiro incremento tanto en número absoluto (181 eventos) como na porcentaxe total (6,7%). Esta tendencia de lixeiro crecemento mantívose en 2019 cun total de 189 eventos que supuxeron o 6,7% do total.

	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	2.596	100%	2.697	100%	2.818	100%	1.321	100%	1.833	100%	2.280	100%
ANDALUCÍA	225	8,70%	233	8,60%	244	8,70%	117	8,90%	170	9,30%	201	8,80%
ARAGÓN	78	3,00%	82	3,00%	87	3,10%	39	3,00%	52	2,80%	70	3,10%
ASTURIAS	105	4,00%	110	4,10%	114	4,00%	48	3,60%	63	3,40%	91	4,00%
ILLES BALEARS	39	1,50%	42	1,60%	45	1,60%	20	1,50%	26	1,40%	36	1,60%
CANARIAS	116	4,50%	119	4,40%	122	4,30%	58	4,40%	77	4,20%	97	4,30%
CANTABRIA	31	1,20%	34	1,30%	37	1,30%	18	1,40%	23	1,30%	29	1,30%
CASTELA-A MANCHA	60	2,30%	59	2,20%	63	2,20%	30	2,30%	39	2,10%	50	2,20%
CASTELA E LEÓN	135	5,20%	144	5,30%	154	5,50%	70	5,30%	94	5,10%	122	5,40%
CATALUÑA	388	14,90%	393	14,60%	407	14,40%	165	12,50%	235	12,80%	334	14,60%
COM. VALENCIANA	255	9,80%	266	9,90%	271	9,60%	135	10,20%	190	10,40%	222	9,70%
ESTREMADURA	54	2,10%	57	2,10%	56	2,00%	30	2,30%	39	2,10%	45	2,00%
GALICIA	172	6,60%	181	6,70%	189	6,70%	92	7,00%	125	6,80%	153	6,70%
A RIOXA	29	1,10%	32	1,20%	36	1,30%	17	1,30%	22	1,20%	29	1,30%
MADRID	418	16,10%	429	15,90%	442	15,70%	217	16,40%	310	16,90%	358	15,70%
MURCIA	62	2,40%	66	2,40%	74	2,60%	36	2,70%	48	2,60%	59	2,60%
NAVARRA	93	3,60%	96	3,60%	102	3,60%	48	3,60%	65	3,50%	81	3,60%
PAIS VASCO	335	12,90%	351	13,00%	371	13,20%	179	13,60%	253	13,80%	300	13,20%
CEUTA E MELILLA	1	0,00%	3	0,10%	4	0,10%	2	0,20%	2	0,10%	3	0,10%

Cadro 8. Evolución ano por ano dos concertos de música sinfónica (2017-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

Con todo, en 2020 observouse unha caída significativa no número de concertos a 92, que representaron o 7% do total, o que parece indicar unha porcentaxe maior a pesar do menor número absoluto, probablemente debido a unha caída xeral máis pronunciada a nivel nacional ese ano. Finalmente, en 2022, a cifra recuperouse lixeiramente ata os 153 eventos, que constitúen o 6,7% do total en España, retornando ás porcentaxes vistas nos anos previos a 2020 e 2021. En resumo, a tendencia en Galicia mostra unha lixeira variación ano a ano, cun descenso notable durante 2020, seguido dunha recuperación en 2022 que aínda non alcanza os datos previos a esta caída.

Os datos do cadro 9 reflicten a asistencia a concertos de música sinfónica en Galicia no contexto do total de España desde 2017 ata 2022. En 2017, Galicia contaba con 93.159 asistentes, representando o 5,4% do total nacional, unha cifra que se mantivo estábel durante 2018 e 2019 ata a caída xa comentada do ano 2020, onde unicamente se acadaron 20.284 asistentes. A pesar disto, a porcentaxe respecto ao total nacional só diminuíu un 0,1%, situándose en 5,3%, o que pode indicar que o impacto foi similar a nivel estatal ou que outras comunidades experimentaron reducións aínda maiores.

En 2021 houbo un incremento significativo ata os 30.848 asistentes, subindo a porcentaxe de participación no conxunto do Estado ata o 5,6%. Para 2022, os datos amosan un incremento do 62%, situándose nos 49.887 asistentes, que representan o 5,2% do total de España. Aínda que houbo unha redución da representación en comparación co ano anterior, a cifra en valores absolutos é claramente superior, o que suxire unha tendencia cara á normalización e posiblemente unha adaptación exitosa do sector aos novos formatos ou estratexias post-pandemia para a realización de concertos.

	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	1.727.270	100%	1.795.239	100%	1.855.894	100%	384.548	100%	555.366	100%	962.567	100%
ANDALUCÍA	101.992	5,90%	105.981	5,90%	109.153	5,90%	23.946	6,20%	38.388	6,90%	55.237	5,70%
ARAGÓN	28.355	1,60%	29.971	1,70%	32.398	1,70%	5.955	1,50%	8.282	1,50%	16.174	1,70%
ASTURIAS	67.575	3,90%	70.163	3,90%	71.874	3,90%	13.584	3,50%	18.560	3,30%	36.469	3,80%
ILLES BALEARS	19.192	1,10%	20.732	1,20%	24.080	1,30%	4.489	1,20%	6.056	1,10%	12.011	1,20%
CANARIAS	118.328	6,90%	123.938	6,90%	127.531	6,90%	27.932	7,30%	39.045	7,00%	63.967	6,60%
CANTABRIA	22.437	1,30%	24.916	1,40%	27.978	1,50%	6.036	1,60%	7.796	1,40%	14.027	1,50%
CASTELA-A MANCHA	11.977	0,70%	11.460	0,60%	12.319	0,70%	2.594	0,70%	3.513	0,60%	6.060	0,60%
CASTELA E LEÓN	57.190	3,30%	60.305	3,40%	65.315	3,50%	12.628	3,30%	18.034	3,20%	32.708	3,40%
CATALUÑA	221.728	12,80%	226.298	12,60%	239.654	12,90%	33.482	8,70%	48.188	8,70%	127.915	13,30%
COM. VALENCIANA	130.925	7,60%	139.101	7,70%	141.019	7,60%	31.871	8,30%	47.379	8,50%	69.577	7,20%
ESTREMADURA	8.834	0,50%	9.372	0,50%	7.885	0,40%	2.055	0,50%	2.803	0,50%	3.960	0,40%
GALICIA	83.159	5,40%	97.234	5,40%	99.331	5,40%	20.284	5,30%	30.848	5,60%	49.887	5,20%
A RIOXA	11.903	0,70%	13.185	0,70%	14.988	0,80%	3.164	0,80%	4.180	0,80%	7.558	0,80%
MADRID	460.889	26,70%	473.187	26,40%	482.530	26,00%	112.713	29,30%	162.613	29,30%	266.953	27,70%
MURCIA	28.839	1,70%	30.939	1,70%	32.368	1,70%	7.165	1,90%	10.498	1,90%	16.215	1,70%
NAVARRA	66.535	3,90%	70.135	3,90%	72.326	3,90%	14.941	3,90%	20.645	3,70%	36.067	3,70%
PAÍS VASCO	276.897	16,00%	287.452	16,00%	294.075	15,80%	61.494	16,00%	88.271	15,90%	147.346	15,30%
CEUTA E MELILLA	515	0,00%	870	0,00%	1.070	0,10%	215	0,10%	267	0,00%	436	0,00%

Cadro 9. Evolución ano por ano dos espectadores de música sinfónica (2017-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

Por último, en canto á recadación nos concertos de música sinfónica en Galicia (cadro 10) amósase unha tendencia variada durante o período de 2017 a 2022. En 2017, a recadación en Galicia foi de 876.669 euros, o que representou un 3,5% do total nacional. Vemos un incremento progresivo ata 2019, chegando a 930.540 euros e un 3,3% do total, cifra que descende drasticamente ata os 257.426 euros en 2020, reflectindo os efectos da pandemia. En 2021 e 2022 hai certa recuperación, aínda que debe destacarse que os datos de 2022, supoñen un 3,2% do total nacional, o menor valor da serie.

	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	25.104.580	100%	25.810.954	100%	27.898.007	100%	7.202.390	100%	9.933.462	100%	17.715.725	100%
ANDALUCÍA	1.252.440	5,00%	1.275.061	4,90%	1.990.322	7,10%	680.756	9,50%	1.005.985	10,10%	1.302.773	7,40%
ARAGÓN	430.276	1,70%	403.961	1,60%	450.352	1,60%	113.211	1,60%	152.968	1,50%	285.342	1,60%
ASTURIAS	712.277	2,80%	735.199	2,80%	746.783	2,70%	181.385	2,50%	205.259	2,10%	459.466	2,60%
ILLES BALEARS	291.486	1,20%	316.043	1,20%	317.000	1,10%	78.598	1,10%	98.225	1,00%	196.805	1,10%
CANARIAS	1.194.774	4,80%	1.201.087	4,70%	1.230.700	4,40%	340.878	4,70%	429.792	4,30%	773.626	4,40%
CANTABRIA	331.850	1,30%	362.552	1,40%	390.183	1,40%	104.145	1,40%	114.986	1,20%	242.975	1,40%
CASTELA-A MANCHA	184.552	0,70%	135.056	0,50%	137.055	0,50%	37.685	0,50%	45.983	0,50%	85.769	0,50%
CASTELA E LEÓN	705.745	2,80%	739.737	2,90%	767.453	2,80%	204.463	2,80%	225.857	2,30%	476.543	2,70%
CATALUÑA	4.565.929	18,20%	4.616.369	17,90%	4.749.022	17,00%	808.238	11,20%	1.156.687	11,60%	3.022.037	17,10%
COM. VALENCIANA	1.717.406	6,80%	1.704.019	6,60%	3.397.142	12,20%	993.740	13,80%	1.450.865	14,60%	2.152.557	12,20%
ESTREMADURA	72.859	0,30%	139.979	0,50%	190.747	0,70%	62.789	0,90%	83.068	0,80%	119.522	0,70%
GALICIA	876.669	3,50%	919.323	3,60%	930.540	3,30%	257.426	3,60%	345.061	3,50%	571.110	3,20%
A RIOXA	141.662	0,60%	152.912	0,60%	161.308	0,60%	44.025	0,60%	53.904	0,50%	101.027	0,60%
MADRID	8.047.981	32,10%	8.231.695	31,90%	8.000.311	28,70%	2.047.461	28,40%	2.950.356	29,70%	5.161.078	29,10%
MURCIA	506.165	2,00%	552.965	2,10%	564.113	2,00%	158.788	2,20%	214.497	2,20%	346.095	2,00%
NAVARRA	1.152.099	4,60%	1.219.091	4,70%	1.053.995	3,80%	262.992	3,70%	355.597	3,60%	640.075	3,60%
PAÍS VASCO	2.911.997	11,60%	3.105.905	12,00%	2.820.981	10,10%	825.810	11,50%	1.040.689	10,50%	1.773.360	10,00%
CEUTA E MELILLA	8.413	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	3.683	0,00%	5.566	0,00%

Cadro 10. Evolución ano por ano da recadación de música sinfónica (2017-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

En España observamos que a asistencia media por concerto diminuíu significativamente en 2020, cunha recuperación progresiva nos anos seguintes. A recadación media por concerto seguiu un patrón similar, caendo en 2020 e recuperándose nos anos 2021 e 2022. En Galicia, a tendencia é semellante á nacional no que respecta á asistencia por concerto, que tamén caeu en 2020, aínda que a recuperación en 2021 e 2022 é máis marcada. A recadación media por concerto en Galicia tamén mostra unha caída en 2020, cunha recuperación notable ata 2022. A dita recadación aumentou substancialmente en 2020, superando os valores previos á pandemia, e mantívose por encima dos 11 euros nos anos seguintes, indicando posiblemente unha valorización ou un aumento no prezo das entradas.

		2.017	2.018	2.019	2.020	2.021	2.022
ESPAÑA	Asistentes/conc	665,36	665,64	658,59	291,10	302,98	422,18
	Recadación/conc	9.670,49	9.570,25	9.899,93	5.452,23	5.419,24	7.770,05
	Recadación/asist	14,53	14,38	15,03	18,73	17,89	18,40
GALICIA	Asistentes/conc	541,62	537,20	525,56	220,48	246,78	326,06
	Recadación/conc	5.096,91	5.079,13	4.923,49	2.798,11	2.760,49	3.732,75
	Recadación/asist	9,41	9,45	9,37	12,69	11,19	11,45

Cadro 11. Cadro comparativo dos eventos de música sinfónica (España vs Galicia, 2017-2022)

Fonte: elaboración propia con datos do Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

1.2. A música de cámara e solistas

Os datos do cadro 12 proporcionan a información básica sobre os concertos de música de cámara e solistas entre 2017 e 2022. Neste caso, a participación dos eventos galegos no conxunto estatal é lixeiramente superior aos concertos previamente comentados, manténdose ao redor do 7,3%-7,5% do total nacional. Esta porcentaxe mantívose bastante constante ao longo dos anos. No ano 2020 os eventos caeron ata os 290, incrementando lixeiramente a porcentaxe ata un 7,5%, o que podería indicar que Galicia mantíña unha mellor posición relativa respecto ao resto de España neste contexto. A recuperación consolídase nos anos 2021-2022.

Nos últimos seis anos Galicia mostrou unha tendencia relativamente estable na asistencia a concertos de cámara e solistas (cadro 13). En 2017 o número de asistentes foi de 108.849, o que representaba o 5,40% do total estatal. Observouse un lixeiro incremento ata o 2019, alcanzando unha cota do 5,50% do total de España. Os datos correspondentes a 2020 amosan, coma nos eventos anteriores, unha caída notable, pero tamén unha

participación relativamente estable de Galicia durante este ano crítico (5,7%). No ano 2021, Galicia rexistrou un incremento significativo ata alcanzar os 38.264 asistentes, que representaba un 5,90% do total nacional, superando así a súa propia marca previa ao 2020. Para o ano 2022, os números confirman a recuperación con 62.198 asistentes, aínda que cun lixeiro descenso porcentual ao 5,60%. Cando comparamos a situación de Galicia co resto de España, vemos que, a pesar das flutuacións, mantén unha presenza constante e significativa. Non chega aos niveis de comunidades como Madrid ou Cataluña, que presentan porcentaxes moito maiores, pero mantén unha posición destacada por riba doutras comunidades.

	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	7.754	100%	7.921	100%	8.090	100%	3.858	100%	5.360	100%	6.414	100%
ANDALUCÍA	1.092	14,10%	1.099	13,90%	1.109	13,70%	546	14,20%	763	14,20%	880	13,70%
ARAGÓN	332	4,30%	332	4,20%	336	4,20%	157	4,10%	211	3,90%	264	4,10%
ASTURIAS	159	2,10%	166	2,10%	175	2,20%	78	2,00%	103	1,90%	135	2,10%
ILLES BALEARS	291	3,80%	297	3,70%	300	3,70%	139	3,60%	188	3,50%	235	3,70%
CANARIAS	125	1,60%	137	1,70%	145	1,80%	70	1,80%	92	1,70%	114	1,80%
CANTABRIA	158	2,00%	167	2,10%	176	2,20%	86	2,20%	113	2,10%	139	2,20%
CASTELA-A MANCHA	70	0,90%	73	0,90%	73	0,90%	36	0,90%	47	0,90%	57	0,90%
CASTELA E LEÓN	679	8,80%	688	8,70%	697	8,60%	328	8,50%	449	8,40%	550	8,60%
CATALUÑA	1.108	14,30%	1.106	14,00%	1.117	13,80%	463	12,00%	659	12,30%	890	13,90%
COM. VALENCIANA	998	12,90%	1.020	12,90%	1.040	12,90%	512	13,30%	715	13,30%	822	12,80%
ESTREMADURA	46	0,60%	49	0,60%	52	0,60%	26	0,70%	33	0,60%	41	0,60%
GALICIA	564	7,30%	579	7,30%	590	7,30%	290	7,50%	405	7,60%	467	7,30%
A RIOXA	22	0,30%	28	0,40%	32	0,40%	16	0,40%	21	0,40%	25	0,40%
MADRID	1.367	17,60%	1.403	17,70%	1.441	17,80%	715	18,50%	1.026	19,10%	1.160	18,10%
MURCIA	60	0,80%	62	0,80%	65	0,80%	32	0,80%	43	0,80%	50	0,80%
NAVARRA	167	2,20%	170	2,10%	173	2,10%	84	2,20%	112	2,10%	135	2,10%
PAÍS VASCO	502	6,50%	530	6,70%	552	6,80%	272	7,10%	370	6,90%	437	6,80%
CEUTA E MELILLA	14	0,20%	15	0,20%	17	0,20%	8	0,20%	10	0,20%	13	0,20%

Cadro 12. Evolución ano por ano dos concertos de música de cámara e solistas (2017-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	1.997.910	100%	2.042.902	100%	2.062.573	100%	453.542	100%	653.886	100%	1.107.448	100%
ANDALUCÍA	157.048	7,90%	156.553	7,70%	157.937	7,70%	36.495	8,00%	54.038	8,30%	81.281	7,30%
ARAGÓN	119.169	6,00%	109.463	5,40%	111.450	5,40%	22.426	4,90%	30.994	4,70%	62.053	5,60%
ASTURIAS	58.321	2,90%	60.909	3,00%	63.752	3,10%	14.873	3,30%	19.770	3,00%	35.440	3,20%
ILLES BALEARS	35.541	1,80%	35.985	1,80%	36.984	1,80%	7.441	1,60%	10.788	1,60%	20.678	1,90%
CANARIAS	45.324	2,30%	50.050	2,40%	52.800	2,60%	12.410	2,70%	16.659	2,50%	28.585	2,60%
CANTABRIA	39.060	2,00%	41.828	2,00%	45.074	2,20%	10.602	2,30%	14.470	2,20%	24.613	2,20%
CASTELA-A MANCHA	7.731	0,40%	8.227	0,40%	8.513	0,40%	2.013	0,40%	2.980	0,50%	4.692	0,40%
CASTELA E LEÓN	152.978	7,70%	155.442	7,60%	158.593	7,70%	37.505	8,30%	53.225	8,10%	86.028	7,80%
CATALUÑA	341.016	17,10%	341.564	16,70%	308.604	15,00%	50.915	11,20%	78.055	11,90%	161.121	14,50%
COM. VALENCIANA	248.337	12,40%	255.419	12,50%	263.302	12,80%	61.194	13,50%	88.510	13,50%	131.492	11,90%
ESTREMADURA	8.245	0,40%	8.150	0,40%	8.685	0,40%	1.971	0,40%	2.739	0,40%	4.565	0,40%
GALICIA	108.849	5,40%	111.849	5,50%	113.414	5,50%	26.012	5,70%	38.264	5,90%	62.198	5,60%
A RIOXA	13.276	0,70%	17.967	0,90%	20.438	1,00%	4.832	1,10%	6.566	1,00%	11.281	1,00%
MADRID	409.074	20,50%	428.776	21,00%	443.855	21,50%	103.983	22,90%	152.514	23,30%	243.546	22,00%
MURCIA	17.207	0,90%	17.973	0,90%	18.738	0,90%	4.431	1,00%	6.198	0,90%	9.550	0,90%
NAVARRA	71.333	3,60%	72.953	3,60%	74.633	3,60%	17.496	3,90%	24.159	3,70%	41.874	3,80%
PAÍS VASCO	162.320	8,10%	166.547	8,20%	172.068	8,30%	38.175	8,40%	52.968	8,10%	96.327	8,70%
CEUTA E MELILLA	3.081	0,20%	3.247	0,20%	3.733	0,20%	768	0,20%	989	0,20%	2.124	0,20%

Cadro 13. Evolución ano por ano dos asistentes a concertos de música de cámara e solistas (2017-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

Entre 2017 e 2022, Galicia mostrou unha participación consistente en termos de recadación por concertos de música de cámara e solistas (cadro 14), mantendo unha porcentaxe na contorna do 1,6% do total nacional, con lixeiras variacións. Nos anos 2020 e 2021 a porcentaxe aumentou ata o 1,9%, posiblemente debido a unha combinación de factores como a retención de gasto cultural dentro da comunidade durante a pandemia e a reactivación paulatina da actividade cultural. Porén, en 2022 a cifra volve aos niveis anteriores á pandemia, cun 1,6%. Se comparamos estes datos coa asistencia, vemos que a recadación non aumentou proporcionalmente co aumento de asistentes en 2021, o que podería indicar que, aínda que máis xente asistía aos concertos, posiblemente gastaran menos por entrada ou que houbera un maior número de eventos con entrada libre ou de menor prezo. Cataluña e Madrid destacan como as comunidades con maior recadación, o que é consistente coa súa alta porcentaxe de asistencia e posiblemente reflicte unha maior oferta de concertos e unha maior poboación. En comparación, Galicia mantén unha presenza máis modesta, o que tamén podería indicar diferenzas nos prezos das entradas ou na escala dos eventos ofertados.

	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	15.159.620	100%	15.684.661	100%	17.125.033	100%	4.206.182	100%	5.911.978	100%	10.721.461	100%
ANDALUCÍA	663.981	4,40%	657.644	4,20%	829.208	4,80%	328.870	7,80%	465.868	7,90%	625.562	5,80%
ARAGÓN	738.260	4,90%	795.620	5,10%	812.123	4,70%	217.361	5,20%	280.191	4,70%	514.344	4,80%
ASTURIAS	222.857	1,50%	225.809	1,40%	234.053	1,40%	63.676	1,50%	76.448	1,30%	149.506	1,40%
ILLES BALEARS	209.600	1,40%	213.885	1,40%	217.170	1,30%	57.603	1,40%	72.812	1,20%	136.062	1,30%
CANARIAS	259.585	1,70%	284.796	1,80%	304.585	1,80%	87.349	2,10%	110.948	1,90%	191.706	1,80%
CANTABRIA	123.178	0,80%	130.864	0,80%	147.994	0,90%	43.206	1,00%	57.219	1,00%	90.994	0,80%
CASTELA-A MANCHA	30.673	0,20%	31.310	0,20%	34.467	0,20%	9.989	0,20%	12.012	0,20%	21.122	0,20%
CASTELA E LEÓN	442.634	2,90%	447.163	2,90%	456.790	2,70%	129.286	3,10%	163.347	2,80%	288.025	2,70%
CATALUÑA	5.561.412	36,70%	5.598.779	35,70%	6.264.290	36,60%	1.221.033	29,00%	1.828.120	30,90%	3.810.616	35,50%
COM. VALENCIANA	417.599	2,80%	443.702	2,80%	519.187	3,00%	250.960	6,00%	355.710	6,00%	405.278	3,80%
ESTREMADURA	21.090	0,10%	17.400	0,10%	29.228	0,20%	14.040	0,30%	19.288	0,30%	22.018	0,20%
GALICIA	239.257	1,60%	260.448	1,70%	272.742	1,60%	81.644	1,90%	109.532	1,90%	169.158	1,60%
A RIOXA	64.938	0,40%	70.619	0,50%	78.894	0,50%	22.859	0,50%	30.064	0,50%	48.115	0,40%
MADRID	4.676.252	30,80%	4.960.412	31,60%	5.323.654	31,10%	1.294.144	30,80%	1.816.388	30,70%	3.408.499	31,80%
MURCIA	91.751	0,60%	94.830	0,60%	98.647	0,60%	28.816	0,70%	38.550	0,70%	60.390	0,60%
NAVARRA	488.706	3,20%	510.725	3,30%	520.622	3,00%	124.078	2,90%	168.586	2,90%	320.455	3,00%
PAÍS VASCO	895.819	5,90%	928.758	5,90%	966.637	5,60%	226.251	5,40%	300.337	5,10%	450.607	4,20%
CEUTA E MELILLA	12.028	0,10%	11.897	0,10%	14.742	0,10%	5.017	0,10%	6.558	0,10%	9.004	0,10%

Cadro 14. Evolución ano por ano da recadación por concertos de música de cámara e solistas (2017-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

Na análise diferenciada dos eventos de música de cámara e solistas celebrados en Galicia e no contexto estatal (cadro 15), vemos que o número medio de asistentes por concerto en Galicia é consistentemente inferior á media nacional. Isto podería ser debido a varios factores, incluíndo o tamaño e a capacidade das salas de concerto, así como a frecuencia e a diversidade dos eventos ofrecidos. A recadación media por concerto en Galicia tamén é considerablemente menor que a media nacional, o que suxire que, ou ben o prezo das entradas é menor en Galicia, ou ben que os eventos de música clásica en Galicia xeran menos ingresos en comparación co resto de España. En concreto, cando miramos a recadación media por asistente, observamos que en Galicia esta cifra é significativamente

máis baixa que no resto de España. Isto indica que os asistentes en Galicia poden estar pagando menos por entrada ou que hai unha maior proporción de eventos gratuítos ou subvencionados. É notable o incremento da recadación por asistente durante o ano 2020 en Galicia, que aumentou a 3,14€, o que podería indicar unha redución no número de eventos dispoñibles, obrigando aos asistentes a pagar máis por experiencia ou a presenza de eventos de maior perfil durante un período con restricións de aforo.

		2.017	2.018	2.019	2.020	2.021	2.022
ESPAÑA	Asistentes/conc	257,66	257,91	254,95	117,56	121,99	172,66
	Recadación/conc	1.955,07	1.980,14	2.116,81	1.090,25	1.102,98	1.671,57
	Recadación/asist	7,59	7,68	8,30	9,27	9,04	9,68
GALICIA	Asistentes/conc	192,99	193,18	192,23	89,70	94,48	133,19
	Recadación/conc	424,21	449,82	462,27	281,53	270,45	362,22
	Recadación/asist	2,20	2,33	2,40	3,14	2,86	2,72

Cadro 15. Cadro comparativo dos eventos de música de cámara e solistas (España vs Galicia, 2017-2022)

Fonte: elaboración propia con datos do Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

1.3. A música coral

Galicia mantivo unha presenza constante en termos porcentuais dentro do panorama coral de España (cadro 16). O impacto da COVID-19 é evidente no ano 2020, cunha diminución significativa na cantidade de eventos. Non obstante, a porcentaxe de concertos en Galicia permaneceu relativamente constante, o que suxire un sector resiliente que conseguiu manter a súa parte proporcional de actividade cultural a pesar das dificultades. A tendencia ascendente no 2021 e 2022 sinala cara unha recuperación, aínda que non se alcanzou aínda o nivel de actividade previo á pandemia.

A participación de espectadores nos concertos de música coral en Galicia (cadro 17) mantense consistente en termos de porcentaxe sobre o total nacional, con lixeiras variacións ano tras ano. Malia o impacto da COVID-19 en 2020, Galicia mostrou unha capacidade de mantemento proporcionado en comparación coa media nacional. A recuperación no 2021 e 2022 é notable, aínda que sen acadar os datos pre-pandemia.

	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	1.928	100%	1.962	100%	2.048	100%	916	100%	1.232	100%	1.542	100%
ANDALUCÍA	165	8,60%	157	8,00%	164	8,00%	75	8,20%	100	8,10%	129	8,40%
ARAGÓN	139	7,20%	140	7,10%	144	7,00%	61	6,70%	80	6,50%	108	7,00%
ASTURIAS	38	2,00%	36	1,80%	36	1,80%	15	1,60%	19	1,50%	27	1,80%
ILLES BALEARS	30	1,60%	31	1,60%	34	1,70%	15	1,60%	19	1,50%	25	1,60%
CANARIAS	12	0,60%	13	0,70%	16	0,80%	7	0,80%	9	0,70%	12	0,80%
CANTABRIA	49	2,50%	51	2,60%	56	2,70%	27	2,90%	34	2,80%	42	2,70%
CASTELA-A MANCHA	27	1,40%	33	1,70%	36	1,80%	16	1,70%	20	1,60%	27	1,80%
CASTELA E LEÓN	190	9,90%	195	9,90%	206	10,10%	89	9,70%	120	9,70%	151	9,80%
CATALUÑA	157	8,10%	146	7,40%	150	7,30%	57	6,20%	74	6,00%	114	7,40%
COM. VALENCIANA	264	13,70%	279	14,20%	288	14,10%	131	14,30%	184	14,90%	213	13,80%
ESTREMADURA	23	1,20%	26	1,30%	30	1,50%	14	1,50%	22	1,80%	26	1,70%
GALICIA	108	5,60%	111	5,70%	112	5,50%	51	5,60%	66	5,40%	83	5,40%
A RIOXA	21	1,10%	22	1,10%	26	1,30%	12	1,30%	15	1,20%	19	1,20%
MADRID	260	13,50%	269	13,70%	281	13,70%	135	14,70%	186	15,10%	220	14,30%
MURCIA	43	2,20%	46	2,30%	50	2,40%	23	2,50%	29	2,40%	37	2,40%
NAVARRA	115	6,00%	117	6,00%	121	5,90%	55	6,00%	69	5,60%	89	5,80%
PAÍS VASCO	287	14,90%	290	14,80%	298	14,60%	133	14,50%	186	15,10%	220	14,30%
CEUTA E MELILLA	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%

Cadro 16. Evolución ano por ano dos concertos de música coral (2017-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

Durante o período de 2017 a 2022, a recadación en Galicia mostrou unha tendencia xeral de crecemento ata o 2019 (cadro 18), seguido dun declive en 2020 e 2021. Porén, a porcentaxe de recadación mantívose relativamente constante, mostrando unha resiliencia no interese e apoio á música coral na rexión. O ano 2022 marca un punto de inflexión coa recuperación dos niveis de recadación, o que indica un retorno progresivo á normalidade e posiblemente unha revalorización da música coral na comunidade tras os anos de restricións.

A contribución de Galicia á recadación total de España por concertos de música coral é modesta, pero consistente, destacando a súa estabilidade incluso en tempos de crise. A asistencia media por concerto en Galicia (cadro 19) é, tamén nestes eventos, claramente inferior á media española, ao igual que a recadación media por concerto na comunidade galega. Durante o ano 2020, observamos un aumento na recadación por asistente tanto en España como en Galicia, o que podería reflectir un maior valor das entradas ou unha menor oferta de eventos, resultando nunha demanda concentrada nos eventos dispoñibles. A partir de 2021, aínda que a asistencia comeza a recuperarse, a recadación por asistente diminúe lixeiramente, indicando unha posible normalización dos prezos ou unha oferta máis ampla de eventos.

	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	419.831	100%	435.571	100%	457.092	100%	98.319	100%	140.512	100%	240.828	100%
ANDALUCÍA	20.724	4,90%	19.867	4,60%	20.655	4,50%	4.307	4,40%	6.597	4,70%	10.948	4,50%
ARAGÓN	30.699	7,30%	30.596	7,00%	32.096	7,00%	5.705	5,80%	7.716	5,50%	16.153	6,70%
ASTURIAS	6.018	1,40%	6.435	1,50%	6.954	1,50%	1.388	1,40%	1.805	1,30%	3.523	1,50%
ILLES BALEARS	8.262	2,00%	8.530	2,00%	8.901	1,90%	1.647	1,70%	2.187	1,60%	4.482	1,90%
CANARIAS	2.437	0,60%	2.450	0,60%	2.733	0,60%	629	0,60%	839	0,60%	1.412	0,60%
CANTABRIA	14.073	3,40%	14.354	3,30%	14.914	3,30%	3.423	3,50%	4.427	3,20%	7.498	3,10%
CASTELA-A MANCHA	6.277	1,50%	7.737	1,80%	9.196	2,00%	2.105	2,10%	2.754	2,00%	4.663	1,90%
CASTELA E LEÓN	35.165	8,40%	35.863	8,20%	33.854	7,40%	7.075	7,20%	10.007	7,10%	16.983	7,10%
CATALUÑA	19.439	4,60%	19.234	4,40%	20.184	4,40%	2.461	2,50%	3.479	2,50%	10.578	4,40%
COM. VALENCIANA	63.520	15,10%	68.513	15,70%	72.519	15,90%	18.252	18,60%	28.966	20,60%	40.787	16,90%
ESTREMADURA	22.390	5,30%	26.895	6,20%	27.695	6,10%	6.827	6,90%	10.947	7,80%	16.723	6,90%
GALICIA	9.574	2,30%	10.450	2,40%	11.807	2,60%	2.512	2,60%	3.379	2,40%	6.125	2,50%
A RIOXA	14.879	3,50%	13.588	3,10%	15.112	3,30%	3.440	3,50%	4.359	3,10%	7.828	3,30%
MADRID	54.185	12,90%	56.692	13,00%	61.096	13,40%	13.948	14,20%	19.255	13,70%	31.683	13,20%
MURCIA	9.509	2,30%	9.597	2,20%	10.183	2,20%	2.326	2,40%	3.053	2,20%	5.256	2,20%
NAVARRA	22.483	5,40%	23.929	5,50%	25.796	5,60%	5.459	5,60%	7.155	5,10%	13.613	5,70%
PAÍS VASCO	80.197	19,10%	80.841	18,60%	83.397	18,20%	16.815	17,10%	23.587	16,80%	42.573	17,70%
CEUTA E MELILLA	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%

Cadro 17. Evolución ano por ano dos asistentes a concertos de música coral (2017-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	1.504.946	100%	1.595.342	100%	1.764.505	100%	465.831	100%	644.094	100%	1.030.932	100%
ANDALUCÍA	43.358	2,90%	33.647	2,10%	36.381	2,10%	13.669	2,90%	20.564	3,20%	22.515	2,20%
ARAGÓN	59.000	3,90%	61.326	3,80%	65.126	3,70%	15.664	3,40%	19.759	3,10%	36.566	3,50%
ASTURIAS	34.209	2,30%	41.669	2,60%	45.703	2,60%	11.138	2,40%	13.943	2,20%	26.497	2,60%
ILLES BALEARS	30.622	2,00%	31.966	2,00%	37.913	2,10%	9.329	2,00%	11.732	1,80%	19.218	1,90%
CANARIAS	4.418	0,30%	4.634	0,30%	10.705	0,60%	2.968	0,60%	3.708	0,60%	6.474	0,60%
CANTABRIA	47.277	3,10%	46.399	2,90%	70.742	4,00%	19.899	4,30%	24.410	3,80%	43.538	4,20%
CASTELA-A MANCHA	0	0,00%	7.392	0,50%	14.592	0,80%	3.973	0,90%	4.972	0,80%	8.950	0,90%
CASTELA E LEÓN	35.909	2,40%	36.493	2,30%	40.257	2,30%	10.696	2,30%	14.301	2,20%	24.742	2,40%
CATALUÑA	79.111	5,30%	87.887	5,50%	99.178	5,60%	20.849	4,50%	29.828	4,60%	59.090	5,70%
COM. VALENCIANA	124.731	8,30%	149.800	9,40%	175.480	9,90%	50.902	10,90%	80.632	12,50%	103.000	10,00%
ESTREMADURA	74.105	4,90%	74.949	4,70%	74.149	4,20%	21.803	4,70%	34.754	5,40%	45.257	4,40%
GALICIA	26.714	1,80%	32.099	2,00%	38.362	2,20%	10.260	2,20%	13.665	2,10%	23.297	2,30%
A RIOXA	38.749	2,60%	25.599	1,60%	26.040	1,50%	7.251	1,60%	8.700	1,40%	15.960	1,50%
MADRID	484.746	32,20%	519.171	32,50%	554.342	31,40%	158.843	34,10%	218.069	33,90%	327.924	31,80%
MURCIA	49.456	3,30%	55.041	3,50%	56.579	3,20%	15.450	3,30%	19.363	3,00%	35.053	3,40%
NAVARRA	33.400	2,20%	37.074	2,30%	48.453	2,70%	10.911	2,30%	13.576	2,10%	30.037	2,90%
PAÍS VASCO	339.141	22,50%	350.196	22,00%	370.503	21,00%	82.226	17,70%	112.118	17,40%	202.812	19,70%
CEUTA E MELILLA	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%

Cadro 18. Evolución ano por ano da recadación por concertos de música coral (2017-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

En conclusión, pese a unha tendencia xeral de crecemento na recadación e na asistencia por concerto ata o 2019, a pandemia causou un impacto negativo en 2020, que aínda se está a recuperar. Galicia, en particular, mantén unha porcentaxe estable da recadación por asistente respecto a España, aínda que en números absolutos, a recadación e a asistencia son máis baixas. Isto pode reflectir un mercado máis pequeno ou unha estratexia de prezos diferente na rexión.

		2.017	2.018	2.019	2.020	2.021	2.022
ESPAÑA	Asistentes/conc	217,75	222,00	223,19	107,34	114,05	156,18
	Recadación/conc	780,57	813,12	861,57	508,55	522,80	668,57
	Recadación/asist	3,58	3,66	3,86	4,74	4,58	4,28
GALICIA	Asistentes/conc	88,65	94,14	105,42	49,25	51,20	73,80
	Recadación/conc	247,35	289,18	342,52	201,18	207,05	280,69
	Recadación/asist	2,79	3,07	3,25	4,08	4,04	3,80

Cadro 19. Cadro comparativo dos eventos de música coral (España vs Galicia, 2017-2022)

Fonte: elaboración propia con datos do Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

1.4. A música de bandas e rondallas

Galicia mostra unha forte tradición e compromiso cos eventos de música de bandas e rondallas, que representan máis do 10% do total de eventos en España case todos os anos analizados (cadro 20). O aumento da porcentaxe de eventos en Galicia durante os anos 2020 e 2021 podería indicar un esforzo por manter viva a tradición musical a pesar da pandemia da COVID-19, reflectindo a importancia cultural destes colectivos na comunidade.

	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	3.146	100%	3.196	100%	3.274	100%	1.377	100%	1.945	100%	2.378	100%
ANDALUCÍA	478	15,20%	474	14,80%	476	14,50%	217	15,80%	320	16,50%	350	14,70%
ARAGÓN	117	3,70%	124	3,90%	134	4,10%	56	4,10%	75	3,90%	93	3,90%
ASTURIAS	26	0,80%	24	0,80%	25	0,80%	10	0,70%	13	0,70%	17	0,70%
ILLES BALEARS	21	0,70%	23	0,70%	25	0,80%	11	0,80%	15	0,80%	18	0,80%
CANARIAS	36	1,10%	40	1,30%	42	1,30%	18	1,30%	24	1,20%	30	1,30%
CANTABRIA	12	0,40%	10	0,30%	10	0,30%	5	0,40%	7	0,40%	7	0,30%
CASTELA-A MANCHA	183	5,80%	187	5,90%	190	5,80%	82	6,00%	110	5,70%	138	5,80%
CASTELA E LEÓN	119	3,80%	130	4,10%	137	4,20%	58	4,20%	80	4,10%	100	4,20%
CATALUÑA	209	6,60%	204	6,40%	207	6,30%	80	5,80%	102	5,20%	152	6,40%
COM. VALENCIANA	945	30,00%	954	29,80%	962	29,40%	371	26,90%	572	29,40%	700	29,40%
ESTREMADURA	10	0,30%	9	0,30%	12	0,40%	5	0,40%	7	0,40%	8	0,30%
GALICIA	342	10,90%	341	10,70%	354	10,80%	157	11,40%	208	10,70%	255	10,70%
A RÍOXA	37	1,20%	41	1,30%	44	1,30%	19	1,40%	25	1,30%	31	1,30%
MADRID	152	4,80%	160	5,00%	169	5,20%	77	5,60%	90	4,60%	126	5,30%
MURCIA	83	2,60%	82	2,60%	80	2,40%	34	2,50%	47	2,40%	58	2,40%
NAVARRA	103	3,30%	113	3,50%	117	3,60%	51	3,70%	70	3,60%	85	3,60%
PAÍS VASCO	272	8,60%	280	8,80%	290	8,90%	126	9,20%	180	9,30%	210	8,80%
CEUTA E MELILLA	1	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%

Cadro 20. Evolución ano por ano dos concertos de bandas e rondallas (2017-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

A recuperación no número de eventos no 2022 é un sinal positivo que indica un retorno cara á normalidade, un fenómeno que pode estar ligado á capacidade de adaptación das bandas e rondallas e ao seu valor dentro da comunidade. Esta última idea vese reforzada na análise dos asistentes a estes eventos (cadro 21). Como se ve, Galicia demostrou unha forte asistencia nos concertos de música de bandas e rondallas nos últimos anos, mantendo unha porcentaxe estable de asistentes en relación ao total de España. A pandemia tivo un impacto importante no ano 2020, pero a porcentaxe de asistentes en Galicia non se viu tan afectada como podería esperarse. Isto suxire a existencia dunha base sólida de afeccionados ou un bo manexo da situación por parte dos organizadores de eventos en Galicia. A tendencia de recuperación nos anos 2021 e 2022 é un dato positivo, malia non terse alcanzado os niveis de asistencia de 2019.

	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	826.683	100%	839.976	100%	866.871	100%	156.630	100%	237.666	100%	420.197	100%
ANDALUCÍA	84.678	10,20%	82.494	9,80%	83.362	9,60%	17.071	10,90%	27.185	11,40%	41.645	9,90%
ARAGÓN	34.081	4,10%	36.010	4,30%	37.876	4,40%	6.180	3,90%	8.547	3,60%	17.905	4,30%
ASTURIAS	5.660	0,70%	5.137	0,60%	5.624	0,60%	996	0,60%	1.362	0,60%	2.625	0,60%
ILLES BALEARS	3.644	0,40%	4.196	0,50%	4.534	0,50%	830	0,50%	1.162	0,50%	2.142	0,50%
CANARIAS	11.161	1,40%	12.305	1,50%	13.009	1,50%	2.646	1,70%	3.617	1,50%	6.266	1,50%
CANTABRIA	5.698	0,70%	4.299	0,50%	4.299	0,50%	854	0,50%	1.235	0,50%	2.045	0,50%
CASTELA-A MANCHA	24.679	3,00%	25.106	3,00%	27.358	3,20%	5.137	3,30%	7.109	3,00%	13.111	3,10%
CASTELA E LEÓN	31.314	3,80%	34.342	4,10%	37.370	4,30%	7.055	4,50%	9.832	4,10%	17.908	4,30%
CATALUÑA	79.403	9,60%	78.423	9,30%	79.236	9,10%	10.579	6,80%	14.289	6,00%	39.831	9,50%
COM. VALENCIANA	303.093	36,70%	309.630	36,90%	314.532	36,30%	57.240	36,50%	95.612	40,20%	153.577	36,50%
ESTREMADURA	2.071	0,30%	1.819	0,20%	2.159	0,20%	395	0,30%	565	0,20%	1.016	0,20%
 GALICIA	59.258	7,20%	59.950	7,10%	62.875	7,30%	11.158	7,10%	16.382	6,90%	28.942	6,90%
A RIOXA	13.129	1,60%	14.041	1,70%	14.896	1,70%	2.826	1,80%	3.942	1,70%	6.859	1,60%
MADRID	33.791	4,10%	35.891	4,30%	38.244	4,40%	8.299	5,30%	10.051	4,20%	19.420	4,60%
MURCIA	23.000	2,80%	22.641	2,70%	22.203	2,60%	4.141	2,60%	5.902	2,50%	10.300	2,50%
NAVARRA	23.974	2,90%	25.700	3,10%	26.212	3,00%	4.729	3,00%	6.641	2,80%	12.247	2,90%
PAÍS VASCO	87.849	10,60%	87.992	10,50%	93.082	10,70%	16.494	10,50%	24.233	10,20%	44.358	10,60%
CEUTA E MELILLA	200	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%

Cadro 21. Evolución ano por ano dos asistentes a concertos de bandas e rondallas (2017-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

A importancia relativa de Galicia no sector de eventos de música de bandas e rondallas advírtese tamén en termos de recadación (cadro 22), xerando preto dun quinto da recadación total de España. Aínda que a pandemia causou unha baixada na recadación total en 2020, Galicia non só mantivo, senón que aumentou a súa porcentaxe de contribución durante ese ano e o seguinte, o que fala ben da resiliencia que estes eventos teñen na comunidade galega. O retorno case ao dobre da recadación en 2022 comparado con 2021 podería indicar unha volta á normalidade e un posible interese renovado ou mesmo aumentado neste tipo de eventos musicais. A estabilidade na porcentaxe de recadación de Galicia, incluso cando o total nacional variou de xeito significativo, pode reflectir unha demanda sostida e un compromiso con esta música en Galicia. A análise comparativa dos datos (cadro 23) sinala que Galicia posúe unha escena de música de bandas e rondallas con capacidade para xerar ingresos significativos, malia atraer menos

asistentes por concerto que a media de España.

O compromiso coa cultura musical e a disposición a investir nela é evidente nos datos de recadación por asistente (cadro 23). Aínda que a pandemia afectou a frecuencia e o tamaño dos eventos, non parece ter diminuído o apoio económico a estes, e a recuperación en 2022 é un sinal positivo da súa fortaleza e importancia dentro da comunidade cultural de Galicia.

	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	867.633	100%	905.414	100%	985.179	100%	237.144	100%	317.900	100%	596.905	100%
ANDALUCÍA	79.216	9,10%	77.904	8,60%	77.971	7,90%	20.589	8,70%	30.945	9,70%	47.253	7,90%
ARAGÓN	48.822	5,60%	50.596	5,60%	56.704	5,80%	13.201	5,60%	16.043	5,00%	33.284	5,60%
ASTURIAS	20.900	2,40%	20.569	2,30%	23.500	2,40%	5.442	2,30%	7.053	2,20%	13.753	2,30%
ILLES BALEARS	16.113	1,90%	17.206	1,90%	20.501	2,10%	5.017	2,10%	6.416	2,00%	12.511	2,10%
CANARIAS	24.591	2,80%	29.428	3,30%	30.675	3,10%	7.896	3,30%	10.146	3,20%	18.585	3,10%
CANTABRIA	30.900	3,60%	30.095	3,30%	30.958	3,10%	8.066	3,40%	9.882	3,10%	18.270	3,10%
CASTELA-A MANCHA	29.984	3,50%	35.995	4,00%	45.985	4,70%	11.436	4,80%	14.058	4,40%	27.413	4,60%
CASTELA E LEÓN	37.687	4,30%	38.867	4,30%	46.320	4,70%	11.319	4,80%	14.019	4,40%	26.997	4,50%
CATALUÑA	149.924	17,30%	153.865	17,00%	159.014	16,10%	33.001	13,90%	41.783	13,10%	102.177	17,10%
COM. VALENCIANA	87.794	10,10%	89.819	9,90%	99.768	10,10%	22.643	9,50%	35.354	11,10%	60.040	10,10%
ESTREMADURA	2.114	0,20%	895	0,10%	1.996	0,20%	509	0,20%	658	0,20%	1.183	0,20%
GALICIA	162.564	18,70%	181.354	20,00%	198.764	20,20%	49.427	20,80%	70.008	22,00%	120.516	20,20%
A RIOXA	13.078	1,50%	14.554	1,60%	16.399	1,70%	4.150	1,70%	5.462	1,70%	9.551	1,60%
MADRID	34.896	4,00%	42.902	4,70%	48.819	5,00%	13.174	5,60%	15.577	4,90%	29.405	4,90%
MURCIA	34.286	4,00%	33.673	3,70%	29.262	3,00%	7.151	3,00%	9.549	3,00%	17.621	3,00%
NAVARRA	54.000	6,20%	42.835	4,70%	43.334	4,40%	10.648	4,50%	13.355	4,20%	26.042	4,40%
PAÍS VASCO	40.764	4,70%	44.857	5,00%	55.209	5,60%	13.475	5,70%	17.592	5,50%	32.304	5,40%
CEUTA E MELILLA	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%

Cadro 22. Evolución ano por ano da recadación por concertos de música de banda e rondallas (2017-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

		2.017	2.018	2.019	2.020	2.021	2.022
ESPAÑA	Asistentes/conc	262,77	262,82	264,77	113,75	122,19	176,70
	Recadación/conc	275,79	283,30	300,91	172,22	163,44	251,01
	Recadación/asist	1,05	1,08	1,14	1,51	1,34	1,42
GALICIA	Asistentes/conc	173,27	175,81	177,61	71,07	78,76	113,50
	Recadación/conc	475,33	531,83	561,48	314,82	336,58	472,61
	Recadación/asist	2,74	3,03	3,16	4,43	4,27	4,16

Cadro 23. Cadro comparativo dos eventos de música de bandas e rondallas (España vs Galicia, 2017-2022)

Fonte: elaboración propia con datos do Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

1.5. Música clásica: principais conclusións

A revisión dos datos incluídos en apartados anteriores permite destacar que Galicia ten unha intensa actividade musical no eido da música clásica, con preto de 6.000 concertos

nos últimos anos, que xeraron unha recadación de preto de 6 millóns de euros. Esta actividade é diversa, con xéneros variados coma música sinfónica, música de cámara, música coral e música de bandas e rondallas. Estes datos sitúan á comunidade galega cun bo nivel de participación a nivel estatal, nomeadamente a sexta comunidade en canto á celebración de concertos de música clásica. Ademais, Galicia demostrou ser resiliente ao manter unha porcentaxe consistente de eventos de música clásica en comparación co total celebrado en España, mesmo durante a pandemia. Malia detectarse unha redución xeral no número de asistentes debido á pandemia, Galicia mantivo unha porcentaxe estable de audiencia para os eventos de música clásica, indicando unha base de público local leal e consistente. Esta resiliencia apunta ao forte valor cultural e á tradición da música clásica na rexión, así coma á capacidade de adaptación, cunha recuperación notable en 2021 e 2022. Esta recuperación é lixeiramente menos pronunciada que a media nacional, pero mostra un progreso gradual cara á normalidade.

Pola contra, Galicia ten unha menor achega en termos de número de concertos e recadación total que outras comunidades autónomas, con menos asistentes e menor recadación de media que no resto de España. Isto suxire a existencia de desafíos potenciais para atraer un público máis amplo e indica diferenzas na escala dos eventos e no valor económico. Con todo, pode haber explicacións alternativas que cómpre valorar. Por exemplo, os datos totais do Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023) apuntan que a meirande parte dos concertos (con excepción da música coral) celébranse en áreas metropolitanas, o que podería penalizar á comunidade galega. Igualmente, as diferenzas na recadación poderían relacionarse coa existencia de máis eventos gratuítos e/ou subvencionados.

En conclusión, o panorama da música clásica en Galicia mostra fortaleza e resiliencia, cun público consistente e un claro camiño cara á recuperación. Con todo, hai necesidade de impulsar a asistencia e os ingresos para igualar os niveis pre-pandemia e abordar as disparidades rexionais detectadas na escala dos eventos e no impacto económico. O compromiso con estes eventos segue sendo forte, o que suxire potencial para un maior crecemento e mellora da música clásica de Galicia.

A música popular

2. A música popular

No ano 2022 detéctase unha clara recuperación na celebración de concertos de música popular (cadro 24). De xeito similar ao comentado para os eventos de música clásica, detéctase con claridade o efecto da COVID-19 nestes eventos, como consecuencia das restricións de concentración de persoas e mobilidade. A recuperación observada en 2021 (cun aumento dun 40% dos concertos celebrados no conxunto do Estado) vén confirmada polos datos de 2022, que melloran en máis dun 51% os datos do ano precedente. Neste ano, todas as comunidades autónomas celebran máis concertos que na etapa prepan-démica.

	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	87.924	100%	89.440	100%	91.106	100%	46.206	100%	64.682	100%	97.948	100%
ANDALUCÍA	20.741	23,60%	20.932	23,40%	21.140	23,20%	8.489	18,40%	12.842	19,90%	21.968	22,40%
ARAGÓN	5.733	6,50%	5.878	6,60%	6.029	6,60%	2.468	5,30%	3.707	5,70%	6.448	6,60%
ASTURIAS	1.260	1,40%	1.330	1,50%	1.385	1,50%	834	1,80%	1.244	1,90%	1.493	1,50%
ILLES BALEARS	5.859	6,70%	6.009	6,70%	6.203	6,80%	2.842	6,20%	3.792	5,90%	6.650	6,80%
CANARIAS	1.310	1,50%	1.366	1,50%	1.425	1,60%	825	1,80%	1.126	1,70%	1.541	1,60%
CANTABRIA	650	0,70%	686	0,80%	711	0,80%	341	0,70%	607	0,90%	778	0,80%
CASTELA-A MANCHA	1.338	1,50%	1.402	1,60%	1.467	1,60%	929	2,00%	1.183	1,80%	1.572	1,60%
CASTELA E LEÓN	2.906	3,30%	3.011	3,40%	3.116	3,40%	1.891	4,10%	2.789	4,30%	3.347	3,40%
CATALUÑA	11.912	13,50%	12.124	13,60%	12.365	13,60%	9.507	20,60%	10.543	16,30%	13.642	13,90%
COM. VALENCIANA	4.336	4,90%	4.451	5,00%	4.581	5,00%	3.320	7,20%	3.861	6,00%	4.933	5,00%
ESTREMADURA	529	0,60%	551	0,60%	572	0,60%	321	0,70%	507	0,80%	608	0,60%
GALICIA	3.543	4,00%	3.585	4,00%	3.658	4,00%	1.942	4,20%	3.199	4,90%	3.839	3,90%
A RIOXA	325	0,40%	334	0,40%	347	0,40%	173	0,40%	301	0,50%	361	0,40%
MADRID	22.255	25,30%	22.408	25,10%	22.592	24,80%	9.378	20,30%	14.258	22,00%	24.910	25,40%
MURCIA	1.015	1,20%	1.057	1,20%	1.099	1,20%	521	1,10%	950	1,50%	1.180	1,20%
NAVARRA	1.074	1,20%	1.100	1,20%	1.126	1,20%	551	1,20%	853	1,30%	1.174	1,20%
PAÍS VASCO	3.052	3,50%	3.122	3,50%	3.192	3,50%	1.827	4,00%	2.838	4,40%	3.406	3,50%
CEUTA E MELILLA	86	0,10%	94	0,10%	98	0,10%	47	0,10%	82	0,10%	98	0,10%

Cadro 24. Evolución ano por ano dos concertos de música popular en Galicia (2017-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

Galicia mantén unha porcentaxe estable na participación total de concertos en España, que se sitúa entre o 4% e o 4,9% do total. No ano 2020, cando a pandemia da COVID-19 tivo un grande impacto en eventos en vivo, Galicia incrementou lixeiramente a súa porcentaxe a un 4,2%, posiblemente debido a unha diminución menos pronunciada no número de eventos en comparación con outras comunidades autónomas. En 2021, a comunidade galega aumenta os seus concertos nun 65%, sendo a cuarta comunidade nesta recuperación. Como consecuencia, mellora a súa representatividade ata o 4,9%, suxerindo unha recuperación máis forte do sector. Para o ano 2022, a cifra volve a unha porcentaxe similar á dos anos previos á pandemia, cun 3,9% do total de concertos en

España, reflectindo unha normalización tras os anos anteriores.

Existe unha clara preferencia polos concertos de música pop rock (xeral), que representan case 8 de cada 10 concertos celebrados en España (cadro 25). Este xénero é dominante na práctica totalidade das comunidades autónomas, como tamén en Galicia. No caso da comunidade galega, o pop rock alcanza un 82,3%, sobre a media nacional.

	TOTAL	ANDALUCÍA	ARAGÓN	ASTURIAS	ILLES BALEARS	CANARIAS	CANTABRIA	CAST-MAN	CAST-LEÓN	CATALUÑA	COM VALENCIANA	ESTREMADURA	GALICIA	A RIOXA	MADRID	MURCIA	NAVARRA	PAÍS VASCO	CEUTA / MELILLA
TOTAL	97.948	21.968	6.448	1.493	6.650	1.541	778	1.572	3.347	13.642	4.933	608	3.839	361	24.910	1.180	1.174	3.406	98
Cantón melódica	1,30%	0,10%	0,50%	3,00%	0,10%	1,20%	0,30%	0,00%	1,60%	1,90%	0,30%	4,10%	0,50%	1,30%	2,50%	1,60%	1,00%	2,00%	1,20%
Cantautores	1,50%	0,50%	0,60%	1,00%	3,00%	2,00%	0,30%	1,40%	0,60%	1,40%	1,60%	2,00%	2,10%	1,30%	0,80%	2,00%	1,00%	2,70%	2,40%
Pop rock (xeral)	78,30%	67,00%	79,50%	80,40%	87,60%	80,40%	84,50%	81,60%	80,00%	80,00%	81,70%	72,50%	82,30%	77,60%	73,50%	75,50%	78,30%	71,10%	75,10%
Newage	0,20%	0,00%	0,90%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	1,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,80%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Música dance-house	0,10%	0,00%	0,30%	0,20%	0,00%	0,00%	0,00%	0,20%	0,10%	0,10%	0,30%	0,00%	0,10%	0,00%	0,10%	0,20%	0,00%	0,50%	0,50%
Hip-hop, rap	0,60%	0,70%	0,40%	0,60%	0,20%	0,40%	0,80%	0,00%	0,60%	0,70%	0,60%	0,00%	0,60%	0,70%	0,20%	1,00%	2,20%	0,90%	1,00%
Cantón española	3,20%	11,80%	4,50%	2,00%	1,50%	2,00%	2,60%	2,40%	5,90%	2,60%	1,00%	5,90%	1,00%	1,00%	5,00%	3,70%	1,50%	0,00%	2,40%
Flamenco, tablao																			
Flamenco	6,20%	16,20%	4,50%	4,20%	2,00%	2,50%	3,40%	7,00%	3,80%	4,20%	3,70%	9,80%	3,10%	3,90%	14,70%	9,80%	4,90%	2,90%	10,10%
Música folk	1,10%	0,10%	2,00%	3,20%	0,30%	1,90%	0,80%	0,70%	1,00%	0,90%	0,90%	1,60%	2,10%	1,60%	0,20%	0,30%	1,70%	0,90%	0,50%
Música étnica	0,10%	0,10%	0,00%	0,00%	0,00%	0,10%	0,00%	0,20%	0,00%	0,00%	0,10%	0,20%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	1,30%	0,60%	0,00%
Música latina	1,00%	0,50%	0,80%	1,00%	1,10%	1,80%	0,50%	0,70%	0,50%	1,10%	1,00%	1,00%	0,90%	1,80%	0,40%	1,10%	1,50%	2,00%	1,20%
Jazz, blues, soul	1,90%	0,80%	0,70%	2,00%	0,90%	2,60%	1,40%	1,40%	2,00%	1,80%	3,10%	0,20%	3,60%	3,00%	0,70%	1,40%	2,90%	2,80%	2,00%
Electrónica	2,00%	0,60%	3,40%	1,90%	0,80%	2,00%	0,20%	1,00%	0,40%	1,80%	2,80%	0,60%	1,10%	4,00%	0,20%	0,60%	0,90%	12,40%	1,20%
Infantil	0,50%	0,40%	0,60%	0,20%	0,30%	0,80%	0,10%	1,00%	0,50%	0,50%	0,40%	0,00%	0,40%	1,50%	0,20%	0,90%	0,40%	0,40%	1,20%
Outra	2,00%	1,20%	1,30%	0,20%	2,40%	2,30%	5,00%	2,50%	2,90%	1,90%	2,50%	2,10%	2,30%	2,30%	0,60%	2,00%	2,40%	0,80%	1,10%

Cadro 25. Concertos de música popular por tipoloxía (2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	20.927.049	100%	21.295.526	100%	21.651.930	100%	7.110.586	100%	10.595.019	100%	19.081.137	100%
ANDALUCÍA	4.277.593	20,40%	4.336.259	20,40%	4.378.839	20,20%	1.326.014	18,60%	1.987.337	18,80%	3.626.944	19,00%
ARAGÓN	1.092.056	5,20%	1.096.042	5,10%	1.101.911	5,10%	254.270	3,60%	385.105	3,60%	945.149	5,00%
ASTURIAS	690.790	3,30%	693.924	3,30%	697.100	3,20%	146.917	2,10%	225.454	2,10%	599.218	3,10%
ILLES BALEARS	454.594	2,20%	462.836	2,20%	493.983	2,30%	210.043	3,00%	274.065	2,60%	434.203	2,30%
CANARIAS	523.202	2,50%	537.264	2,50%	552.035	2,50%	190.158	2,70%	236.337	2,20%	502.121	2,60%
CANTABRIA	273.742	1,30%	289.752	1,40%	309.362	1,40%	95.079	1,30%	192.423	1,80%	251.081	1,30%
CASTELA-A MANCHA	373.155	1,80%	394.721	1,90%	416.930	1,90%	132.648	1,90%	205.326	1,90%	349.379	1,80%
CASTELA E LEÓN	1.147.956	5,50%	1.191.228	5,60%	1.255.908	5,80%	382.376	5,40%	704.866	6,70%	1.087.512	5,70%
CATALUÑA	3.692.680	17,60%	3.733.009	17,50%	3.742.401	17,30%	1.404.883	19,80%	1.695.011	16,00%	3.514.050	18,40%
COM. VALENCIANA	1.216.687	5,80%	1.244.722	5,80%	1.274.605	5,90%	438.955	6,20%	566.579	5,30%	1.082.498	5,70%
ESTREMADURA	233.879	1,10%	242.797	1,10%	248.369	1,10%	82.274	1,20%	154.546	1,50%	210.691	1,10%
GALICIA	873.877	4,20%	886.860	4,20%	900.789	4,20%	342.928	4,80%	579.981	5,50%	778.964	4,10%
A RIOXA	140.073	0,70%	143.708	0,70%	147.458	0,70%	38.437	0,50%	71.951	0,70%	123.523	0,60%
MADRID	3.716.589	17,80%	3.737.016	17,50%	3.760.014	17,40%	1.397.613	19,70%	2.235.684	21,10%	3.533.772	18,50%
MURCIA	509.376	2,40%	537.262	2,50%	564.543	2,60%	182.970	2,60%	338.619	3,20%	473.803	2,50%
NAVARRA	292.806	1,40%	301.719	1,40%	306.955	1,40%	76.270	1,10%	118.873	1,10%	246.569	1,30%
PAÍS VASCO	1.358.701	6,50%	1.401.390	6,60%	1.445.511	6,70%	395.364	5,60%	597.151	5,60%	1.271.919	6,70%
CEUTA E MELILLA	59.293	0,30%	65.017	0,30%	55.217	0,30%	13.387	0,20%	25.711	0,20%	49.741	0,30%

Cadro 26. Evolución ano por ano da afluencia a concertos de música popular (2017-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

Outros xéneros musicais en Galicia mostran porcentaxes máis baixas, pero destacan en comparación con outras comunidades autónomas. Por exemplo, os cantautores representan o 2,1% dos concertos, o que supera a media nacional (1,5%). O flamenco, cun 3,1%, tamén é relevante en Galicia, aínda que está moi por debaixo das rexións como Andalucía, onde o dito xénero ten maior tradición e alcanza un 16,2%. A música folk, cun 2,1%, é outra categoría na que Galicia destaca, suxerindo a importancia da música

tradicional e celta. Igualmente, a música jazz, blues e soul ten unha presenza significativa en Galicia, cun 3,6%, moi por enriba da media nacional do 1,9%, o que podería reflectir unha comunidade con gusto por xéneros considerados máis de nicho ou especializados. Curiosamente, a música electrónica ten unha representación do 1,1% en Galicia, lixeiramente superior á media nacional, malia ser un xénero que normalmente se asocia con ambientes urbanos máis grandes.

A afluencia de espectadores a concertos aumenta notablemente no ano 2022, aínda que sen alcanzar os niveis previos á pandemia da Covid-19 (cadro 26). A tendencia en Galicia é de estabilidade no que se refire á participación relativa da afluencia a concertos no contexto estatal, que se sitúa arredor do 4,2%-4,5%. Ao igual que acontece no caso da música clásica, detéctase certa sobrerrepresentación da comunidade galega en 2021, apuntando cara a unha recuperación despois das restricións da pandemia. Este patrón suxire un sector musical resiliente en Galicia que, a pesar das circunstancias adversas, conseguiu manter e incluso aumentar o interese e a participación do público nos seus eventos musicais.

A análise comparativa da asistencia aos concertos en función da súa tipoloxía (gráfico 3) permite observar certos datos de interese. Os datos presentados reflicten a porcentaxe de participación nos distintos xéneros musicais en Galicia comparados co total estatal. En Galicia, a canción melódica, os cantautores e o hip-hop e rap teñen maior asistencia que na media estatal, mentres que o flamenco e tablaos, a música latina e o jazz (xunto con blues e soul) son menos populares que no resto de España. Con todo, o máis relevante é a dominancia do atractivo dos concertos de pop rock, cunha participación de espectadores en Galicia (82,70%), notablemente maior que a media estatal (76,30%). Tamén é relevante a presenza de música infantil en Galicia (1,50%), que supera máis do dobre á media estatal (0,70%), o que podería indicar unha industria de entretemento para menores máis desenvolvida ou eventos máis enfocados ao público familiar. Os datos suxiren que en Galicia hai tendencias musicais distintas ás do conxunto de España, con preferencias específicas por xéneros como pop rock e cantautores, mentres que outros xéneros como o flamenco ou a música latina teñen menos influencia.




Gráfico 3. Tipoloxía de concertos de música popular (% Galicia vs España, 2022)

Fonte: elaboración propia con datos do Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

A recadación procedente dos concertos de música popular en Galicia (cadro 27) reflicte alta variabilidade no período 2017-2022, malia detectarse lixeiros incrementos no número absoluto de asistentes. En particular, obsérvase un salto significativo tanto en asistentes como en porcentaxe no ano 2019, o que podería deberse a un aumento na oferta de concertos ou a unha maior atracción de eventos de grande escala. A caída drástica da recadación en 2020 reflicte o impacto da pandemia da COVID-19, aínda que a porcentaxe sobre o total de España aumenta lixeiramente, o que indica que Galicia mantívose mellor que outras rexións durante ese ano atípico. De xeito similar, a mellora detectada en 2021 suxire que Galicia foi unha das comunidades que mellor se recuperou nese ano no ámbito dos concertos. Os datos de 2022, pola súa banda, apuntan a unha normalización e ao retorno de grandes eventos.

	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	155.786.663	100%	165.331.227	100%	192.368.999	100%	99.518.220	100%	116.640.503	100%	228.326.696	100%
ANDALUCÍA	25.868.363	16,60%	25.878.872	15,70%	26.918.107	14,00%	13.039.021	13,10%	14.405.243	12,40%	30.404.384	13,30%
ARAGÓN	8.563.371	5,50%	8.904.198	5,40%	11.245.587	5,80%	4.399.419	4,40%	5.053.987	4,30%	12.819.597	5,60%
ASTURIAS	1.818.057	1,20%	3.537.869	2,10%	4.957.943	2,60%	1.898.531	1,90%	2.256.525	1,90%	5.660.324	2,50%
ILLES BALEARS	4.104.311	2,60%	4.128.397	2,50%	4.858.317	2,50%	2.683.102	2,70%	3.027.230	2,60%	5.602.146	2,50%
CANARIAS	8.554.315	5,50%	8.978.458	5,40%	9.358.263	4,90%	3.371.837	3,40%	3.996.153	3,40%	10.904.951	4,80%
CANTABRIA	604.524	0,40%	1.229.946	0,70%	1.650.127	0,90%	870.164	0,90%	1.085.884	0,90%	1.851.506	0,80%
CASTELA-A MANCHA	1.557.900	1,00%	3.190.404	1,90%	4.924.555	2,60%	1.996.449	2,00%	2.993.576	2,60%	5.560.366	2,40%
CASTELA E LEÓN	5.159.886	3,30%	5.172.871	3,10%	5.984.881	3,10%	3.379.429	3,40%	3.892.397	3,30%	6.866.430	3,00%
CATALUÑA	34.997.955	22,50%	35.539.451	21,50%	37.789.285	19,60%	22.877.954	23,00%	25.064.217	21,50%	47.238.619	20,70%
COM. VALENCIANA	8.894.096	5,70%	9.314.080	5,60%	14.239.806	7,40%	8.216.858	8,30%	10.031.769	8,60%	16.504.641	7,20%
ESTREMADURA	2.710.742	1,70%	2.737.958	1,70%	3.264.595	1,70%	1.600.818	1,60%	2.076.384	1,80%	3.697.725	1,60%
 GALICIA	5.617.113	3,60%	5.931.721	3,60%	8.271.694	4,30%	4.602.967	4,60%	7.070.525	6,10%	9.355.488	4,10%
A RIOXA	673.470	0,40%	785.882	0,50%	1.050.073	0,50%	497.285	0,50%	655.282	0,60%	1.232.809	0,50%
MADRID	34.421.713	22,10%	35.489.388	21,50%	37.668.043	19,60%	20.071.797	20,20%	22.974.128	19,70%	47.509.844	20,80%
MURCIA	4.212.432	2,70%	4.232.433	2,60%	5.252.645	2,70%	2.863.102	2,90%	3.425.025	2,90%	5.874.677	2,60%
NAVARRA	1.524.277	1,00%	1.838.996	1,10%	2.955.579	1,50%	1.100.408	1,10%	1.625.179	1,40%	3.302.652	1,40%
PAÍS VASCO	6.361.044	4,10%	8.184.978	5,00%	11.648.605	6,10%	5.943.041	6,00%	6.830.474	5,90%	13.576.403	5,90%
CEUTA E MELILLA	143.094	0,10%	255.325	0,20%	330.894	0,20%	106.040	0,10%	176.525	0,20%	364.135	0,20%

Cadro 27. Evolución ano por ano da recadación en concertos de música popular (2017-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

A análise comparativa dos concertos de música popular en Galicia e España (cadro 28) presenta azos diferenciados en relación cos concertos de música clásica. Así, no período prepandémico Galicia tiña unha asistencia por concerto un pouco superior á media española, pero a recadación, tanto por concerto como por asistente, era menor. Isto indica que os eventos en Galicia eran de similar tamaño ou incluso maiores, pero máis económicos. En 2020, a caída da asistencia por concerto foi menos pronunciada en Galicia, o que podería reflectir unha subida dos prezos das entradas ou a realización de eventos máis exclusivos debido ás restricións. A pesar disto, a recadación por asistente en Galicia seguía sendo menor que a media española. A partir deste ano, tanto a asistencia media coma a recadación son superiores en Galicia.

Estes datos confirman que os eventos en Galicia atraen máis asistentes de media que no resto de España, o que podería suxerir unha forte cultura de asistencia a concertos na comunidade. Fronte a unha etapa onde os ingresos por concerto e por asistente en

Galicia son xeralmente menores, indicando prezos menores das entradas no período posterior á pandemia rexístrase un cambio de tendencia, que haberá que ver se consolida

		2.017	2.018	2.019	2.020	2.021	2.022
ESPAÑA	Asistentes/conc	238,01	238,10	237,66	153,89	163,80	194,81
	Recadación/conc	1.771,83	1.848,52	2.111,49	2.153,79	1.803,29	2.331,10
	Recadación/asist	7,44	7,76	8,88	14,00	11,01	11,97
GALICIA	Asistentes/conc	246,65	247,38	246,25	176,58	181,30	202,91
	Recadación/conc	1.585,41	1.654,59	2.261,26	2.370,22	2.210,23	2.436,96
	Recadación/asist	6,43	6,69	9,18	13,42	12,19	12,01

Cadro 28. Resumo en concertos de música popular (2017-2022)

Fonte: elaboración propia con datos do Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

Por último, analízanse os principais datos relativos aos macroconcertos. A participación relativa de Galicia nestes eventos a nivel estatal mostra unha tendencia estable ao longo dos anos (cadro 29), cunha lixeira variación anual que indica a súa resiliencia e atractivo consistente no ámbito dos concertos a gran escala. Entre 2017 e 2019, a porcentaxe de asistentes a macroconcertos en Galicia con respecto ao total de España mantívose arredor do 5%, indicando unha presenza sólida no panorama de eventos musicais a gran escala do país. A pesar da pandemia en 2020, Galicia só experimentou unha lixeira caída na súa participación relativa (4,8%), menos pronunciada que a redución a nivel nacional. No ano 2021, cando o sector comezou a recuperarse, Galicia mostrou unha capacidade de recuperación notable, aumentando a súa porcentaxe a 5,5%, o que podería indicar un forte retorno do público aos macroconcertos ou unha oferta particularmente atractiva que superou a media estatal nese ano de recuperación. En 2022, a porcentaxe de participación en Galicia nos macroconcertos estabilizouse de novo ao redor do 5,1%, aliñándose coas súas cifras pre-pandemia e reflectindo unha volta á normalidade e un mantemento da súa cota de mercado nos eventos de música en vivo a grande escala.

	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	26.801.312	100%	27.750.340	100%	28.243.877	100%	7.384.637	100%	11.770.169	100%	24.602.008	100%
ANDALUCÍA	5.090.793	19,00%	5.260.659	19,00%	5.359.344	19,00%	1.332.680	18,00%	2.179.424	18,50%	4.344.444	17,70%
ARAGÓN	1.157.056	4,30%	1.159.382	4,20%	1.157.411	4,10%	254.270	3,40%	385.105	3,30%	1.045.149	4,20%
ASTURIAS	1.191.790	4,40%	1.215.674	4,40%	1.290.600	4,60%	146.917	2,00%	252.879	2,10%	1.118.718	4,50%
ILLES BALEARS	464.594	1,70%	489.836	1,80%	527.483	1,90%	224.043	3,00%	304.065	2,60%	476.203	1,90%
CANARIAS	598.702	2,20%	620.064	2,20%	622.735	2,20%	191.998	2,60%	277.837	2,40%	549.121	2,20%
CANTABRIA	358.742	1,30%	382.512	1,40%	396.362	1,40%	95.079	1,30%	221.473	1,90%	325.681	1,30%
CASTELA-A MANCHA	672.155	2,50%	656.521	2,40%	719.430	2,50%	138.018	1,90%	214.326	1,80%	644.879	2,60%
CASTELA E LEÓN	1.467.656	5,50%	1.567.428	5,60%	1.640.808	5,80%	434.960	5,90%	780.366	6,60%	1.283.512	5,20%
CATALUÑA	4.520.380	16,90%	4.591.037	16,50%	4.609.701	16,30%	1.564.954	21,20%	2.055.844	17,50%	4.202.814	17,10%
COM. VALENCIANA	2.355.187	8,80%	2.429.972	8,80%	2.397.605	8,50%	438.955	5,90%	670.079	5,70%	2.113.998	8,60%
ESTREMADURA	395.179	1,50%	446.917	1,60%	435.369	1,60%	82.274	1,10%	154.546	1,30%	422.691	1,70%
GALICIA	1.349.640	5,00%	1.463.170	5,30%	1.504.856	5,30%	356.848	4,80%	644.014	5,50%	1.255.113	5,10%
A RIOXA	173.073	0,60%	179.444	0,60%	183.458	0,60%	47.437	0,60%	84.620	0,70%	152.523	0,60%
MADRID	4.302.389	16,10%	4.478.706	16,10%	4.506.689	15,90%	1.397.613	18,90%	2.356.753	20,00%	4.160.130	16,90%
MURCIA	582.376	2,20%	615.262	2,20%	654.043	2,30%	182.970	2,50%	413.202	3,50%	558.803	2,30%
NAVARRA	327.806	1,20%	338.509	1,20%	334.955	1,20%	76.270	1,00%	118.873	1,00%	269.069	1,10%
PAÍS VASCO	1.734.501	6,50%	1.790.230	6,50%	1.847.811	6,50%	405.964	5,50%	631.051	5,40%	1.629.419	6,60%
CEUTA E MELILLA	59.293	0,20%	65.017	0,20%	55.217	0,20%	13.387	0,20%	25.711	0,20%	49741	0,20%

Cadro 29. Evolución ano por ano dos espectadores en macroconcertos (2017-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

En resumo, Galicia mantivo unha participación relativa consistente e robusta nos macroconcertos en comparación co total estatal, demostrando ser unha rexión importante para a IM en vivo en España.

A análise dos datos de recadación dos macroconcertos en Galicia dentro do contexto estatal (cadro 30), atopamos que Galicia xerou un total de 23.329.958 euros en 2022, o que representa o 5,20% da recadación total de España en macroconcertos. Esta porcentaxe coloca a Galicia nunha posición destacada no panorama de eventos musicais de grande envergadura en España, mantendo unha cota significativa do mercado en comparación con outras comunidades autónomas.

	2017		2018		2019		2020		2021		2022	
TOTAL	26.801.312	100%	27.750.340	100%	28.243.877	100%	7.384.637	100%	11.770.169	100%	24.602.008	100%
ANDALUCÍA	5.090.793	19,00%	5.260.659	19,00%	5.359.344	19,00%	1.332.680	18,00%	2.179.424	18,50%	4.344.444	17,70%
ARAGÓN	1.157.056	4,30%	1.159.382	4,20%	1.157.411	4,10%	254.270	3,40%	385.105	3,30%	1.045.149	4,20%
ASTURIAS	1.191.790	4,40%	1.215.674	4,40%	1.290.600	4,60%	146.917	2,00%	252.879	2,10%	1.118.718	4,50%
ILLES BALEARS	464.594	1,70%	489.836	1,80%	527.483	1,90%	224.043	3,00%	304.065	2,60%	476.203	1,90%
CANARIAS	598.702	2,20%	620.064	2,20%	622.735	2,20%	191.998	2,60%	277.837	2,40%	549.121	2,20%
CANTABRIA	358.742	1,30%	382.512	1,40%	396.362	1,40%	95.079	1,30%	221.473	1,90%	325.681	1,30%
CASTELA-A MANCHA	672.155	2,50%	656.521	2,40%	719.430	2,50%	138.018	1,90%	214.326	1,80%	644.879	2,60%
CASTELA E LEÓN	1.467.656	5,50%	1.567.428	5,60%	1.640.808	5,80%	434.960	5,90%	780.366	6,60%	1.283.512	5,20%
CATALUÑA	4.520.380	16,90%	4.591.037	16,50%	4.609.701	16,30%	1.564.954	21,20%	2.055.844	17,50%	4.202.814	17,10%
COM. VALENCIANA	2.355.187	8,80%	2.429.972	8,80%	2.397.605	8,50%	438.955	5,90%	670.079	5,70%	2.113.998	8,60%
ESTREMADURA	395.179	1,50%	446.917	1,60%	435.369	1,60%	82.274	1,10%	154.546	1,30%	422.691	1,70%
GALICIA	1.349.640	5,00%	1.463.170	5,30%	1.504.856	5,30%	356.848	4,80%	644.014	5,50%	1.255.113	5,10%
A RIOXA	173.073	0,60%	179.444	0,60%	183.458	0,60%	47.437	0,60%	84.620	0,70%	152.523	0,60%
MADRID	4.302.389	16,10%	4.478.706	16,10%	4.506.689	15,90%	1.397.613	18,90%	2.356.753	20,00%	4.160.130	16,90%
MURCIA	582.376	2,20%	615.262	2,20%	654.043	2,30%	182.970	2,50%	413.202	3,50%	558.803	2,30%
NAVARRA	327.806	1,20%	338.509	1,20%	334.955	1,20%	76.270	1,00%	118.873	1,00%	269.069	1,10%
PAÍS VASCO	1.734.501	6,50%	1.790.230	6,50%	1.847.811	6,50%	405.964	5,50%	631.051	5,40%	1.629.419	6,60%
CEUTA E MELILLA	59.293	0,20%	65.017	0,20%	55.217	0,20%	13.387	0,20%	25.711	0,20%	497.41	0,20%

Cadro 30. Evolución ano por ano da recadación nos macroconcertos (2017-2022)

Fonte: Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

A pesar de non ser a comunidade con maior recadación total —unha posición ocupada por rexións con grandes centros urbanos como Cataluña, Madrid e Andalucía—, Galicia mostra unha forte presenza no sector. A súa participación é especialmente relevante tendo en conta o seu tamaño e poboación. Isto indica que os macroconcertos en Galicia teñen unha capacidade atractiva para xerar ingresos, o que pode reflectir unha oferta de eventos de alta calidade, unha base de fans comprometida ou estratexias de prezos eficaces que atraen tanto a locais como a visitantes.

Neste contexto de recadación, cómpre sinalar que a evolución do prezo medio por entrada en Galicia entre 2017 e 2022 amosa un incremento notable (cadro 31). Comezando con 9,44 euros en 2017, houbo un aumento constante ata alcanzar 18,59 euros en 2022, o que representa unha significativa subida do 96,9% nun período de cinco anos. Este aumento é substancialmente maior que o incremento medio nacional do 48,3% para o mesmo período, destacando a Galicia non só en termos absolutos senón tamén como unha das rexións con maior crecemento proporcional no prezo das entradas.

Se nos centramos no período máis recente, desde 2020 a 2022, que podería reflectir os cambios debidos á pandemia e a posterior recuperación, Galicia tamén experimentou un aumento significativo do 44,1% no prezo medio das entradas, considerablemente superior ao incremento medio nacional do 30,5% durante o mesmo lapso. Isto podería indicar que, malia as dificultades impostas polo contexto da pandemia, o sector de eventos en vivo en Galicia foi capaz de recuperarse e mesmo aumentar os seus prezos de entrada por encima da media, posiblemente debido a unha forte demanda ou a unha oferta de eventos de alta calidade que os consumidores estiveron dispostos a pagar.

	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2017-2022	2020-2022
TOTAL	12,33	13,15	14,44	14,00	13,13	18,28	48,3%	30,5%
ANDALUCÍA	10,01	10,27	10,86	9,78	10,30	14,32	43,0%	46,3%
ARAGÓN	8,96	9,13	10,80	17,30	13,12	15,14	69,0%	-12,5%
ASTURIAS	9,98	12,32	13,58	12,92	11,72	17,06	70,9%	32,0%
ILLES BALEARS	9,16	9,48	10,48	13,23	12,92	14,85	62,2%	12,3%
CANARIAS	15,66	15,93	15,85	17,56	14,55	19,86	26,8%	13,1%
CANTABRIA	9,10	10,91	10,76	9,15	7,70	14,56	59,9%	59,0%
CASTELA-A MANCHA	18,04	21,95	21,39	14,47	14,69	25,58	41,8%	76,8%
CASTELA E LEÓN	7,78	8,24	8,47	7,77	6,06	11,40	46,5%	46,8%
CATALUÑA	14,86	14,85	16,54	16,62	18,80	20,59	38,5%	23,8%
COM. VALENCIANA	20,69	22,60	25,82	18,72	20,91	29,52	42,7%	57,7%
ESTREMADURA	7,60	10,67	10,06	19,46	13,44	13,01	71,0%	-33,2%
GALICIA	9,44	10,89	12,47	12,90	12,38	18,59	96,9%	44,1%
A RIOXA	7,70	8,87	10,87	15,23	12,24	16,23	110,6%	6,6%
MADRID	12,24	13,49	14,56	14,36	11,76	18,05	47,5%	25,7%
MURCIA	12,00	11,74	13,90	15,65	13,24	17,36	44,7%	10,9%
NAVARRA	10,31	11,04	13,96	14,43	13,67	17,96	74,2%	24,5%
PAÍS VASCO	11,85	12,49	14,93	15,28	12,40	17,45	47,3%	14,2%
CEUTA E MELILLA	2,41	3,93	5,99	7,92	6,87	7,32	203,3%	-7,6%

Cadro 31. Evolución ano por ano do prezo medio das entradas nos macroconcertos (2017-2022)

Fonte: elaboración propia con datos do Anuario SGAE das Artes Escénicas, musicais e audiovisuais (2023)

En conclusión, o sector da música popular en Galicia reflicte unha traxectoria positiva e resiliente no contexto dos eventos en vivo, con datos que indican unha clara recuperación post-pandemia e unha tendencia de crecemento sostido na recadación. Aínda que a pandemia da COVID-19 tivo un impacto significativo en 2020, Galicia non só conseguiu manter senón que incrementou a súa porcentaxe de eventos en comparación co resto de España. En 2021, a comunidade galega experimentou un aumento do 65% na cantidade de concertos, superando a media estatal e evidenciando unha forte recuperación do sector. O ano 2022 consolidou este crecemento cunha participación do 39% sobre o total de concertos en España, retomando así as cifras previas á pandemia e mostrando unha normalización da industria.

En canto ás preferencias musicais, Galicia destaca pola súa inclinación cara ao pop rock, que representa o 82,3% dos concertos, superando a media nacional. Xéneros como a música de cantautores e o jazz, blues e soul tamén teñen unha presenza importante, reflectindo unha comunidade con gustos musicais diversos e un interese particular por xéneros máis especializados. Outros estilos como o flamenco e a música latina teñen menos influencia en comparación con outras comunidades. Esta diversidade de xéneros

e a capacidade de atraer unha gran afluencia de espectadores son indicativos dunha IM en crecemento en Galicia. O incremento do prezo medio por entrada en Galicia, cun aumento do 96,9% de 2017 a 2022 e do 44,1% de 2020 a 2022, sinala tanto unha fortaleza en termos de valorización do mercado como un reto potencial de accesibilidade para os espectadores no futuro.

A música gravada

3. A música gravada

A música gravada refírese á música que foi capturada, producida e almacenada nun formato que permite a súa reprodución, distribución e comercialización masivas. Neste contexto, o proceso de gravación inclúe a captura do son dunha actuación musical mediante a aplicación dunha tecnoloxía. Este proceso pode realizarse en múltiples localizacións, coma os estudos de gravación -onde os músicos interpretan a música mentres é rexistrada por equipos especializados- ou mesmo durante actuacións en vivo.

Unha vez gravada, a música pode ser editada, mesturada e masterizada. Estes procesos melloran a calidade do son, equilibran os diferentes elementos musicais e preparan a gravación para a súa distribución. A dita distribución inclúe numerosos formatos, dende os físicos (vinilos, CDs ou DVDs, por exemplo) ata formatos dixitais como arquivos MP3, WAV, MPEG ou streaming en liña a través de plataformas dixitais. Deste xeito, a música gravada convértese nun produto que se pode comercializar. Isto inclúe a venda de álbums, a distribución dixital a través de plataformas de streaming e descarga, así como a comercialización de dereitos para a súa utilización en radio, televisión, películas e publicidade.

A música gravada está protexida por dereitos de autor e dereitos conexos, que garanten que os creadores, intérpretes e produtores da música reciban compensación polo seu traballo cando a súa música é vendida, reproducida ou utilizada comercialmente. Polo tanto, é un elemento crucial na IM, xa que permite a ampla distribución e acceso á música e xera ingresos para o conxunto dos profesionais da música.

Poucos sectores da música teñen experimentado cambios tan radicais como o da música gravada. Nestas primeiras décadas do século XXI está a producirse unha revolución tecnolóxica que está a transformar contidos e soportes, onde o cambio máis evidente é a substitución dos soportes convencionais por novos formatos dixitais. Esta situación reflicte unha realidade máis ampla no ámbito da música e da cultura en xeral, onde unha porción significativa da produción e distribución cultural ocorre fóra dos canais tradicionais e, polo tanto, escapa ás medicións económicas convencionais.

É importante sinalar que parte desta revolución, e en consecuencia parte da actividade económica que se xera, non pode ser cuantificada. Por exemplo, a actividade de artistas urbanos e outros actores non tradicionais no campo musical xoga un papel fundamental no panorama da música, pero moitas veces a súa contribución económica non é rexistrada de maneira formal, nin se reflicte nos datos recollidos por entidades como a SGAE. Isto resulta nunha fenda na comprensión completa do impacto económico do sector, xa que non se ten en conta un segmento relevante do mercado que opera de maneira máis independente e, a miúdo, autónoma.

Ademais desta invisibilidade parcial, a estimación da importancia da música gravada en Galicia presenta un problema básico de obtención de datos. A diferenza do reproducido en apartados anteriores, para facer unha extrapolación dos datos nacionais á Comunidade Autónoma de Galicia utilizouse a metodoloxía denominada “estimación por analoxías”: suposta certa analoxía nos consumos entre España e Galicia, elixiuse a razón entre os PIB de ambos os dous territorios como factor de escala.

3.1. Formatos dixitais

Entre os diversos soportes de música gravada, os formatos dixitais acaparan o maior protagonismo, fundamentalmente o streaming. Este concepto fai referencia á transmisión continua de datos de audio ou vídeo a través da internet, permitindo aos usuarios escoitar música ou ver vídeos, sen necesidade de descargar o contido completo nos seus dispositivos. Esta tecnoloxía facilita o acceso inmediato a unha ampla variedade de contidos multimedia, como música, películas, series de televisión, xogos e eventos en directo.

Nos últimos anos, o streaming pasou a ser parte esencial da forma de consumo de entretemento dixital, ofrecendo unha alternativa eficiente aos métodos tradicionais de distribución de contido. Con datos de España (Promusicae, 2022), supón preto do 84% dos consumos de música en formato dixital (69,2% en audio-streaming e 14,8% en vídeo-streaming). Só no bienio 2021-2022, a taxa de crecemento ano por ano do consumo por esta vía creceu 3 puntos porcentuais (13,64% e 16,38% de taxa de crecemento para 2021 e 2022, respectivamente). En termos xerais, máis dun terzo da poboación usou plataformas de servizos de streaming de audio durante o ano 2022, e un terzo deles o fixo a través de subscricións premium -18% máis que no ano anterior.

O resto do mercado dixital procede das descargas permanentes e a venda de produtos para móbil que, cunha tendencia decrecente, supoñen unicamente un 2,2% das vendas de música gravada en formato dixital. Como resultado da estimación por analoxías previamente referida (cadro 32) se obtén unha cifra de preto de 21 millóns de euros como aproximación ao volume do mercado da música en formato dixital en Galicia.

	ESPAÑA	PORCENTAXE FORMATO	RATIO PIB GALICIA/ESPAÑA	GALICIA
Descargas dixitais	5,3	1,31	0,0517	0,3
Dereitos de propiedade intelectual	56,5	13,94		2,9
Sincronización	3,3	0,81		0,17
Audiostreaming	280,5	69,19		14,51
Videostreaming	59,8	14,75		3,09
Soporte dixital (total)	405,4	100		20,97

Cadro 32. Estimación do tamaño do mercado de música gravada en formato dixital en Galicia (2022)*

*Cantidades en millóns de €

Fonte: elaboración propia con datos de Promusicae: Radiografía de la música grabada (2022)

3.2. Formatos físicos

O mercado de música en soporte físico non supera a caída producida en 2020, manténdose en cifras dese ano. Dentro deste mercado, o soporte en vinilo continúa á alza, cun 15% de crecemento anual no ano 2022. Este incremento de vendas sitúao xa como primeira opción do mercado físico, cun 52% da facturación, fronte ao 47% correspondente aos CDs.

Extrapolando a Galicia, mediante estimación por analoxías, os datos obtidos para España por Promusicae (2022), obtéñense as estimacións que se presentan no cadro 33. Así que, o volume do mercado de música gravada en soporte físico e de, aproximadamente, 2,9 millóns de euros.

	ESPAÑA	PORCENTAXE FORMATO	RATIO PIB GALICIA/ESPAÑA	GALICIA
LP's Vinilo	29,48	52,04710369	0,0517	1,525
CD's	26,73	47,19196342		1,3828
Vídeo	0,215	0,379583694		0,0111
Outros	0,216	0,381349199		0,0112
Soporte físico (total)	56,641	100		2,9301

Cadro 33. Estimación do tamaño do mercado de música gravada en formato físico en Galicia (2022)*

*Cantidades en millóns de €

Fonte: elaboración propia con datos de Promusicae: Radiografía de la música grabada (2022)

Conclusións

4. Conclusións

A partir dos datos reflectidos neste capítulo, conséctase que a IM en Galicia mostra un panorama diverso con características distintivas:

- A música clásica, incluíndo a música sinfónica, de cámara, coral, e de bandas e rondallas, presenta unha actividade intensa, con preto de 6.000 eventos e unha recadación de aproximadamente 6 millóns de euros. A música de cámara é o xénero máis popular, seguido pola música sinfónica, bandas, e corais.
- A pandemia da COVID-19 impactou negativamente a música clásica, pero en 2022 observouse unha recuperación significativa en termos de eventos, asistencia e recadación. Aínda que non se alcanzaron os niveis prepandémicos, obsérvase unha tendencia positiva.
- A comunidade galega ocupa a sexta posición no Estado español en canto á celebración de concertos de música clásica. Malia ter unha menor achega en termos de número de concertos e recadación en comparación con outras comunidades, mantén unha porcentaxe estable de audiencia e eventos.
- No que se refire á música popular, o pop rock é o xénero máis popular en Galicia, representando o 82.3% dos concertos. Outros xéneros como jazz, blues, soul e música de cantautores tamén teñen unha presenza significativa, aínda que sen chegar ao volume do anterior xénero.
- De xeito similar á música clásica, o sector da música popular mostra unha recuperación notable post-pandemia, cun aumento significativo dos eventos celebrados.
- Destaca a fortaleza dos macroeventos na comunidade galega.
- O sector da música gravada en Galicia mostra unha adaptación ás tendencias actuais da industria, cunha forte inclinación cara aos formatos dixitais, especialmente o streaming. Esta transición tecnolóxica sinala unha industria en constante adaptación e crecemento.

En termos xerais, pódese concluír que a IM en Galicia demostra ser resiliente e diversa, cunha boa capacidade de recuperación post-pandemia e unha forte tradición en varios xéneros musicais. Detéctanse limitacións relacionadas coa escala dos eventos e o seu valor económico, especialmente na música clásica, onde os eventos tenden a atraer menos asistentes e xerar menos recadación que noutras rexións.

Malia as ditas limitacións, a IM galega presenta un claro potencial de crecemento, especialmente na música popular, onde a diversidade de xéneros e a capacidade de atraer unha gran afluencia de espectadores indican unha industria en expansión e con claro potencial de crecemento. Para elo, deben identificarse os factores que poden impulsar a asistencia a eventos e os ingresos, así como para atraer un público máis amplo, dado que os eventos en Galicia parecen atraer menos asistentes e xerar menos recadación de media que no resto de España.

Análise descritiva da IM

Neste apartado do informe reflíctense os principais resultados do estudo realizado no sector da IM en Galicia. Para elo, deseñouse un cuestionario onde se pregunta sobre distintos aspectos definatorios e característicos da dita industria, afondando na dimensión económica e empresarial do fenómeno.

Perfil de participantes

En primeiro lugar, pregúntase pola **fórmula xurídica** máis adecuada á actividade que se realiza no sector. Case un 30% dos participantes son persoas traballadoras por conta propia (gráfico 4), o que unido a quen ten conformada unha sociedade limitada constitúen os grupos maioritarios no eido de actividade (case a metade dos participantes)




Gráfico 4. Forma xurídica

Cando a resposta é outras, inclúense numerosas fórmulas alternativas, sendo o denominador común entre elas a simultaneidade de fórmulas societarias (por exemplo, asociacións, que constitúen federacións, ou sociedades cooperativas).

A **actividade de creación artística** ocupa a meirande parte dos participantes (32%), seguido dos promotores e promotoras de espectáculos (gráfico 5). O código CNAE de adscrición presenta alta variabilidade, destacando o 9001 (artes escénicas) e o 9002 (actividades auxiliares de artes escénicas). A mesma heteroxeneidade presentan as epígrafes de alta no IAE, entre as que salientan as pertencentes ao 965.4 (empresas de espectáculos).




Gráfico 5. Actividade principal

Os participantes teñen **amplo arraigo na profesión**, á vista dos anos de desenvolvemento da actividade profesional, que ascenden a máis de 15 na resposta máis frecuente (57% das persoas participantes). A antigüidade media sitúase na contorna dos 16 anos.

No que se refire á **localización das empresas** (gráfico 6), as provincias de A Coruña e

Pontevedra concentran a meirande parte da actividade da música (case 8 de cada dez participantes), en concordancia coa distribución da actividade económica e laboral en Galicia.

Tamén na liña das características das empresas en Galicia, son **empresas de tamaño reducido**. En correspondencia coa hexemonía da figura de persoa traballadora por conta allea, predomina a figura do socio/a único/a (42% do total), sendo as empresas de menos de 2 persoas socias (24%) o seguinte formato máis común (gráfico 7). O **número de persoas traballadoras** é heteroxéneo, situándose a media entre 2 e 3.

Atendendo a estes datos, o perfil das persoas participantes na enquisa amosa unha tendencia cara ao traballo autónomo e á constitución de sociedades limitadas, representando case a metade dos implicados no sector. Existen tamén numerosas formas xurídicas alternativas, como asociacións que forman federacións ou cooperativas, sendo común a combinación de distintas fórmulas societarias.

A actividade principal dos participantes céntrase na creación artística, especialmente nas artes escénicas e actividades auxiliares relacionadas, con especial mención ás empresas de espectáculos. Hai unha grande diversidade de clasificacións no código CNAE e no IAE, destacando as relacionadas coas artes escénicas.

As empresas caracterízanse por ser de pequeno tamaño e antigüidade media, coa figura do socio único predominante e unha media de 2 a 3 persoas traballadoras por empresa. Ademais, a distribución xeográfica das empresas é desigual, concentrándose principalmente nas provincias de A Coruña e Pontevedra. Estas características están en liña coa estrutura empresarial xeral en Galicia.




Gráfico 6. Localización da actividade




Gráfico 7. Persoas socias

Traballo e condicións de traballo

As respostas relacionadas coa **contratación de persoas traballadoras**, tanto no que respecta ao número total de contratos a tempo completo como aos de tempo parcial, reflicten unha heteroxeneidade que dificulta o seu tratamento global, así como a extracción de conclusións rotundas. A temporalidade ou contratación a tempo parcial é moito máis evidente, como tamén variable, con valores que en ocasións superan as 100 persoas vinculadas con este modo de contratación. De feito, varias das persoas participantes aluden á variabilidade da contratación asociada aos eventos ou actuacións que poden ter eventualmente, o que é un indicador de temporalidade en si mesmo. Con todo, cando se pregunta polo número medio de persoas contratadas de xeito temporal, sitúase entre 5 e 6.

A estimación **da concentración do volume de actividade** é altamente variable (gráfico 8), aínda que parece haber certo consenso na especial relevancia dos meses de verán para a actividade profesional. As respostas amosan unha clara tendencia estacional na IM, con picos de actividade en xullo e agosto, coincidindo coa tempada de festivais de verán e concertos ao aire libre, unha época onde habitualmente aumenta a demanda de música en directo. Este pico esténdese nos períodos inmediatamente anteriores e posteriores ao verán. En contraste, a actividade redúcese de xeito significativo nos meses de febreiro e marzo, así como en decembro, onde o consumo de música en directo decrece.




Gráfico 8. Concentración de actividade (temporalidade)

O reparto entre mulleres e homes, non sendo exacto nin permitindo observar unha situación equilibrada, parece obedecer a unha firme concienciación no sector. Nalgún

caso, os participantes aluden explicitamente a esta necesidade de apoio ao desenvolvemento profesional das mulleres no eido da IM, máis destacando a dificultade inherente á realización dalgunha tarefa concreta ou á falta de perfís na actividade (por exemplo, no caso da loxística).

Tamén neste apartado de condicións laborais destaca que unicamente un 50% das persoas participantes considera que **se respecta o Convenio Colectivo** no sector:




Gráfico 9. Percepción sobre o Convenio Colectivo

En consecuencia, podemos inferir que a IM en Galicia presenta unha gran diversidade nas condicións de contratación, con dificultades para establecer patróns claros debido á heteroxeneidade tanto en contratos a tempo completo como parcial. A temporalidade é unha característica notable, sendo máis común a contratación a tempo parcial, especialmente en relación con eventos ou actuacións puntuais, o que é un indicador claro de temporalidade no emprego. A media de persoas contratadas de xeito temporal por empresa ou entidade sitúase entre 5 e 6.

Obsérvase que a actividade no sector ten unha marcada estacionalidade, con un incremento significativo no verán, particularmente en xullo e agosto, debido á tempada de festivais e concertos ao aire libre. Pola contra, os meses de febreiro, marzo e decembro experimentan unha redución na actividade, coincidindo con unha baixa na demanda de música en directo.

No tocante á igualdade de xénero, o sector non presenta unha distribución equilibrada entre mulleres e homes, aínda que hai unha crecente concienciación sobre a necesidade de apoiar o desenvolvemento profesional das mulleres, especialmente en áreas onde hai falta de representación feminina ou dificultades específicas asociadas a certas tarefas.

Volume de actividade

A metade das persoas participantes rexistra unha **cifra de negocios neta** media inferior a 100.000€ (gráfico 10), estando 7 de cada dez por debaixo dos 250.000€ anuais de facturación.




Gráfico 10. Cifra media neta de negocios

A dita facturación repártese, loxicamente, entre o sector público e o privado. As respostas evidencian que o **sector público** ten un papel importante no eido da contratación. O 31% das persoas participantes obteñen máis do 75% dos seus contratos a través deste sector, o que indica que as adxudicacións e contratacións públicas son cruciais para a súa supervivencia económica (gráfico 11). Ademais, un 44% reciben entre un 25% e un 75% dos seus ingresos de entidades públicas, incidindo así na súa relevancia como cliente substancial. Pola súa banda, un 25% dos participantes parece ter unha dependencia menor deste sector, con menos dun cuarto dos seus contratos procedentes desta área pública.




Gráfico 11. Orixe da contratación: sector público

En conxunto, estes datos suxiren que para unha parte considerable dos participantes, o sector público non só é un cliente esencial, senón que tamén pode actuar como un elemento de estabilidade nos ingresos e, posiblemente, como un motor chave para a continuidade do negocio.

Onde hai máis unanimidade é na **localización da actividade profesional**. As respostas proporcionan unha comparativa interesante sobre a distribución xeográfica da facturación por contratacións en Galicia e no resto de España, reflectindo a importancia da comunidade galega no desenvolvemento da IM (gráfico 12). Así, o 88%, da facturación realízase dentro da propia comunidade, indicando un forte mercado interno. Polo tanto, a IM mantén unha gran parte da súa actividade empresarial dentro dos seus límites xeográficos, o que pode ser un indicador de empresas locais fortes que están ben posicionadas no mercado rexional.



Gráfico 12. Orixe da facturación

Pola contra, un 10% da facturación media orixínase en España. Case a metade dos participantes (45%) facturan menos do 5% neste territorio, ao que hai que engadir a porcentaxe residual de actividade internacional (inferior a un 2% en media). Polo tanto, o tecido de IM depende en gran medida do seu mercado interno para a contratación. Isto podería reflectir un forte sentido de comunidade, unha preferencia do público por profesionais locais, ou unha economía especializada que favorece o desenvolvemento de negocios dentro da propia comunidade galega. A sustentabilidade e o crecemento do negocio en Galicia parecen estar estreitamente ligados á capacidade de manter e fomentar estas relacións de contratación dentro da propia comunidade galega

Coma resumo deste apartado, a análise do volume de actividade dos participantes revela que a maioría traballa con cifras de negocio modestas: a metade rexistra unha cifra de negocios neta media inferior a 100.000€ anuais, e o 70% non supera os 250.000€. O sector público xoga un rol crucial na contratación, cun 31% dos participantes obtendo máis do 75% dos seus contratos deste sector e un 44% recibindo entre un 25% e un 75% dos seus ingresos de entidades públicas, o que subliña a súa importancia como cliente e como fonte de estabilidade económica.

A facturación distribúese de maneira significativa dentro de Galicia, co 88% da actividade facturada centrada na rexión. Só un 10% da facturación provén do resto de España, con menos do 5% facturado por case a metade dos participantes, e unha porcentaxe aínda

máis pequena provén de actividade internacional. Estes datos indican que a IM en Galicia depende fortemente do seu mercado interno e sinalan a unha economía especializada con empresas que están ben posicionadas dentro do mercado rexional, destacando o papel da comunidade na sustentabilidade e crecemento dos negocios locais.

Relacións no sector

As **colaboracións** son frecuentes no sector, fundamentalmente con outros axentes privados (do sector ou doutros sectores). A meirande parte dos participantes indica colaboración con axentes privados do sector (75%), o que suxire que hai unha tendencia cara á colaboración intrasectorial que podería indicar a existencia dunha rede consolidada de empresas que buscan sinerxías e oportunidades de negocio conxuntas dentro da IM (gráfico 13). Ademais, preto dun 63% sinala colaboracións con axentes públicos, reflectindo así a importancia do apoio institucional e a interacción co sector público na industria. Obsérvase tamén que un 28% colabora con axentes privados doutros sectores, revelando certo grao de intersectorialidade nas operacións e pode ser un indicativo de que as empresas buscan innovar e aproveitar recursos e habilidades de outros sectores.




Gráfico 13. Colaboracións

Da lectura dos datos é evidente que algunhas empresas colaboran con máis dun tipo de axente, o que sinala un enfoque multifacético para a colaboración empresarial. O feito de que haxa empresas que reportan colaboración tanto con axentes públicos como privados

revela unha dinámica de traballo cooperativo e un aproveitamento das oportunidades en diferentes ámbitos para fortalecer a súa presenza no mercado musical.

As **vías de colaboración** que as empresas e axentes da IM están a empregar son variadas (gráfico 14). Os acordos de tipo privado e os contratos menores son as vías máis comúns de colaboración (65% e 54% das participantes), o que sinala unha tendencia cara a acordos de menor escala, posiblemente debido á flexibilidade e á menor complexidade que ofrecen estes tipos de contratos. As subvencións (51%) e os patrocinios (49%) tamén son bastante comúns, sinalando que os axentes da IM en Galicia buscan activamente e reciben apoio financeiro a través destes canais. Por outro lado, as licitacións públicas e os acordos de colaboración entre empresas parecen ser menos utilizados, o que podería indicar que as empresas atopan máis obstáculos ou menos oportunidades nestas áreas ou que simplemente prefiren métodos de colaboración que requiren menos burocracia e son máis áxiles.




Gráfico 14. Vías de colaboración

Os convenios (35%), pola súa banda, representan unha forma intermedia de colaboración. En conxunto, revélase certa preferencia pola flexibilidade e o apoio financeiro directo en diversas formas como estratexias clave para a colaboración na IM galega. A variedade de vías de colaboración empregadas tamén reflicte un ecosistema empresarial diversificado nesta IM.

A IM ten un **alto nivel de interacción con outros sectores de actividade**. Así, cando se pregunta pola tipoloxía principal de provedores, aparecen respostas heteroxéneas, pero hai certa coincidencia na relevancia dos servizos de loxística e transporte, de iluminación

e son, ademais dos de seguridade (gráfico 15). Estas relacións indican que o movemento de equipos e persoas é unha prioridade e unha operación complexa que require traballo conxunto e planificación detallada, ademais de poñer de manifesto a importancia dunha boa calidade de son para eventos e producións musicais, o que é central para o éxito do sector. Na mesma liña, se evidencia a necesidade dun ambiente seguro para a realización de eventos en vivo, tanto para os asistentes como para os artistas e o persoal.




Gráfico 15. Sectores prioritarios de colaboración

A produción, a alimentación e a iluminación tamén figuran como servizos críticos, aínda que nunha medida menor comparada cos anteriores. As colaboracións para actividades de promoción e con grupos ou artistas veñen indicar certa tendencia a colaborar internamente ou con entidades externas para aumentar a visibilidade de eventos e para xestionar a participación dos artistas, mentres que a coordinación, a comunicación, a formación e os instrumentos son as áreas con menos colaboración, apuntando áreas manexadas de forma independente polas empresas ou onde non é tan común a colaboración externa.

En conxunto, estes datos revelan que os axentes da IM en Galicia valoran e invisten en colaboracións principalmente nos servizos que afectan directamente a execución e experiencia dos eventos en vivo, como a loxística, o son e a seguridade, mentres que outras áreas, aínda que importantes, poden ser xestionadas de forma máis autónoma.

Polo tanto, podemos afirmar que as relacións dentro do sector da IM en Galicia caracterízanse pola frecuencia das colaboracións, sobre todo con outros axentes privados do mesmo sector ou doutros sectores. A maioría dos participantes (75%) traballa con axentes privados do sector musical, o que pode indicar unha rede consolidada que busca sinerxías e oportunidades conxuntas. A colaboración con axentes públicos tamén é destacable, cun 63% dos participantes traballando con eles, o que denota a importancia do apoio institucional para acceder a financiamento e recursos estatais. Ademais, hai unha colaboración significativa con axentes privados de outros sectores (28%), o que sinala unha apertura para a innovación e a utilización de recursos e habilidades doutros campos empresariais. Estas múltiples colaboracións reflicten unha abordaxe estratéxica e multifacética que fortalece a presenza no mercado musical.

En canto ás vías de colaboración, predominan os acordos privados e os contratos menores, que representan unha tendencia cara a acordos máis flexibles e menos complexos. As subvencións e os patrocinios tamén son comúns, reflectindo a procura activa de apoio financeiro por parte dos axentes da IM. As licitacións públicas e os acordos de colaboración entre empresas son menos frecuentes, o que podería sinalar unha preferencia por formas de colaboración máis áxiles e con menos burocracia.

Finalmente, a IM mostra unha alta interacción con outros sectores, especialmente en servizos críticos como loxística e transporte, iluminación, son e seguridade. Estes aspectos son fundamentais para o éxito dos eventos en vivo e requiren unha colaboración estreita. Outras áreas como promoción, produción e alimentación tamén son relevantes, pero a coordinación, comunicación, formación e instrumentos son áreas que tenden a ser xestionadas de maneira máis autónoma. En resumo, a IM en Galicia inviste en colaboracións que impactan directamente na experiencia e execución dos eventos en vivo, mentres que outras funcións son manexadas de maneira independente ou con menos colaboración externa.

Percepcións sobre a actividade

Na enquisa tamén se preguntou a opinión dos axentes da IM sobre a súa actividade en 2023 comparada co ano anterior, 2022 (gráfico 16). A maioría (39%) sente que a súa situación mellorou, mentres que unha pequena porcentaxe (7%) cree que mellorou moito. Isto indica que case a metade dos axentes percibe un progreso positivo na súa actividade. Por outra banda, un 22% ten unha percepción negativa, cun 12% que opina que as cousas foron a peor e un 10% que pensa que a situación empeorou moito. Un terzo dos enquisados (32%) sente que a situación se mantivo constante en relación co ano anterior. Estes datos poden ser indicativos de melloras na IM, como un aumento na demanda de música en vivo despois de restricións previas pola pandemia, avances que facilitan a distribución da música, ou ben políticas de apoio que beneficiaron ao sector. Porén, debe terse en conta que hai unha parte significativa da IM que non percibe cambios ou que incluso opina que a súa situación empeorou, o que podería sinalar áreas que necesitan atención. En conxunto, os datos suxiren un optimismo cauteloso.




Gráfico 16. Volume de actividade (2023 vs 2022)

En canto ás **expectativas dos axentes da IM sobre a súa actividade para o ano 2024** en relación co ano actual, 2023, o 40% espera que a súa actividade se manteña igual, o que podería indicar unha percepción de estabilidade ou incerteza sobre os cambios futuros (gráfico 17). Un 31% ten unha visión optimista, agardando que a súa situación mellore, mentres que un 5% incluso anticipa unha mellora substancial (“Moito mellor”). Isto reflicte unha esperanza de crecemento ou mellora continua para o próximo ano. No entanto, tamén hai unha visión cautelosa ou pesimista por parte dalgúns axentes, cun 17% que espera que a situación empeore e un 7% que teme un empeoramento considerable. As ditas expectativas mixtas subliñan a incerteza inherente á IM, que está afectada por tendencias cambiantes, avances tecnolóxicos e o contexto económico xeral.




Gráfico 17. Expectativa de actividade (2024 vs 2023)

En conclusión, na IM galega, case a metade dos axentes perciben unha mellora na súa actividade en 2023 comparada con 2022, mentres que unha porcentaxe significativa ve unha deterioración ou unha estabilidade na súa situación. De cara a 2024, prevalece unha sensación de estabilidade cunha expectativa equilibrada entre os que prognostican melloras e os que prevén un posible declive, reflectindo o dinamismo e a incerteza propios dun sector influenciado por tendencias cambiantes e o panorama económico global.

Covid-19 e crise

Como resposta á crise da COVID-19, os axentes da IM en Galicia beneficiáronse de diversas prestacións extraordinarias (gráfico 18). Un total de 20 participantes recibiron unha prestación extraordinaria por cesamento de actividade para traballadores autónomos, a axuda máis común, na liña da predominancia do traballo autónomo neste sector. Ademais, 18 axentes indican que recibiron axudas extraordinarias dalgunha institución autonómica, mostrando o papel activo das institucións rexionais no apoio ao sector durante a pandemia. Un menor número de participantes beneficiouse de axudas extraordinarias de institucións autonómicas que poden ter sido máis específicas ou dirixidas a subsectores concretos dentro da IM. Sorprendentemente, só 2 dos participantes recibiron prestacións por desemprego para artistas, o que podería suxerir que as medidas de apoio non alcanzaron amplamente aos artistas ou que moitos deles poden non ter cumprido os requisitos necesarios para acceder a estas prestacións.



Gráfico 18. Liñas de axuda recibidas na Covid-19

Os datos adicionais recollidos no apartado de “outros motivos” proporcionan máis contexto sobre por que algúns axentes da IM en Galicia non recibiron prestacións extraordinarias como resposta á crise da COVID-19. As razóns aludidas son variadas, dende a non concesión (7%) até a falta de formalización de solicitudes por non ter información (36%), pasando polas persoas que non solicitaron ningún tipo de axudas (43%). Estes datos suxiren certa desconexión entre as medidas de apoio dispoñibles e a súa difusión efectiva entre os profesionais do sector, así como a complexidade das situacións individuais afrontadas durante a pandemia e a necesidade de mellorar a comunicación e o acceso ás medidas de apoio. Igualmente, os datos reflicten unha resposta activa por parte das entidades autonómicas para mitigar o impacto económico da pandemia nos traballadores e empresas da IM, destacando a importancia de tales medidas de apoio en tempos de crise. A disparidade no número de beneficiarios entre as distintas axudas tamén sinala a diversidade de situacións individuais dos axentes do sector e a variada capacidade de acceso ás diferentes formas de asistencia.

Parte destas liñas de axuda seguen abertas. Así, un 39% dos participantes recibiu axudas da Administración Autonómica nos últimos dous anos, mentres que un 25% foi beneficiario

de axudas das deputacións e un 15% dos concellos. Este reparto suxire que as entidades autonómicas e locais foron fontes importantes de apoio para o sector tras a pandemia, proporcionando axudas cruciais para a súa recuperación.




Gráfico 19. Liñas de axuda recibidas na etapa post - Covid-19

Ademais, un 10% das persoas indica que, a pesar de que había opcións dispoñibles, non se axustaban ás súas necesidades. A elas debe engadirse outro 8% que manifesta non ter axudas dispoñibles. Ambos casos poden sinalar certo desaliniamento entre os programas de axudas e as circunstancias específicas dos solicitantes, ou posibles baleiros na cobertura das medidas de apoio. Por outro lado, un 3% das respostas apuntan a “Outras axudas” (principalmente, entidades privadas).

Os datos indican unha distribución polarizada das axudas económicas recibidas polos axentes da IM en Galicia tras a pandemia. Por un lado, a maioría das axudas (10 das manifestadas) sitúanse no rango máis baixo (0-5.000€), o que suxire que un número considerable de axentes recibiron só un apoio económico modesto. No entanto, tamén se observa unha cantidade significativa de axudas de gran volume, con 8 axentes recibindo máis de 50.000€, o que reflicte a presenza de axudas de alto valor no sector.

A presenza de máis axudas nos extremos do espectro e menos nos rangos medios pódese interpretar como un indicativo de que as medidas de apoio non se distribúen uniformemente, senón que poden estar dirixidas a casos particulares (tramo baixo) ou responder a criterios específicos que non todos os axentes cumpren (tramo alto). En conxunto, os datos revelan unha implicación activa das distintas capas da administración no apoio ao

sector musical e unha necesidade de mellorar o deseño e a comunicación das axudas para asegurar que cheguen a todos os que as necesiten no contexto pospandémico.

Finalmente, neste apartado tamén se preguntou polos **cambios na IM como consecuencia da pandemia** da COVID-19. As respostas recibidas foron diversas, reflectindo tanto impactos positivos como negativos. Algúns axentes notan un incremento nos cachés e un aumento na profesionalización, que podería indicar unha adaptación exitosa a novas circunstancias e unha maior valoración do traballo artístico. Outros comentan un cambio no consumo de música, observando un boom nos festivais pero unha perda de público en salas e pequenos formatos. Este cambio tamén podería significar unha maior dificultade para descubrir novos talentos fóra das plataformas dixitais, afectando potencialmente a diversidade e a riqueza cultural do sector.

Unha preocupación significativa é a percepción de que as axudas de rescate durante a pandemia poidan ter beneficiado desproporcionadamente aos grandes axentes da industria, contribuíndo á desaparición da clase media artística e á polarización do sector, deixando aos artistas independentes con pouca capacidade de influír no mercado ou na distribución.

Tamén se menciona unha burbulla no formato de concertos e unha preferencia dos artistas por actuar en festivais en lugar de festas patronais. A seguridade e a burocracia son vistas como unha espada de dobre fío: por unha banda, proporcionan un marco de traballo máis seguro e regulado, mentres que, por outra banda, a lentitude e a complexidade dos trámites burocráticos son vistos como obstáculos. Outros cambios notables inclúen un aumento das capacidades e unha maior concienciación sobre a protección de riscos laborais, mentres que algúns axentes non notan ningún cambio ou ven un retorno aos formatos e horarios pre-pandémicos, o que pode limitar o acceso a eventos para certos grupos demográficos (persoas maiores, por exemplo).

En resumo, a pandemia parece ter acelerado certas tendencias que xa estaban emerxendo na IM, como a dixitalización e a centralización, mentres que tamén introduciu novos desafíos como a saturación de eventos e o encarecemento dos custos. Estas observacións subliñan a complexidade da situación actual da IM e a necesidade dunha análise profunda para entender completamente os seus efectos e desenvolver estratexias que apoiem a todos os seus membros.

Difusión e percepcións xerais

En canto á difusión, os participantes apostan claramente polas **redes sociais**. A distribución do uso destas amosa unha clara preferencia por Facebook e Instagram, con Facebook á cabeza cun 29% e Instagram xusto detrás cun 25%.

Estas plataformas son valoradas pola súa ampla base de usuarios e fortes capacidades de interacción (gráfico 20). YouTube, que ocupa o terceiro lugar cun 16%, subliña a súa relevancia para compartir contidos audiovisuais. LinkedIn, cun 12%, reflicta a importancia de conectar profesionalmente e buscar oportunidades de negocio no sector. A pesar de ser relativamente nova, TikTok xa representa un 4% do uso, destacando o seu potencial para alcanzar ao público máis novo e para campañas de márketing viral. Finalmente, outras plataformas teñen unha presenza menor cun 1%, indicando o uso de redes máis especializadas ou de nicho. En conxunto, estes datos reflicten a diversidade de estratexias de márketing dixital necesarias para unha presenza efectiva na IM actual., predominando Facebook e Instagram.




Gráfico 20. Difusión en redes sociais

Tamén se preguntaron diferentes **percepcións sobre distintos aspectos da IM**. As puntuacións obtidas reflicten unha mestura de preocupación e aprecio, con énfase particular na necesidade de mellor integración da música na educación e recoñecemento dunha rica tradición musical.

Así, o lanzamento e difusión de novos artistas (2,03) e a disposición de espazos para música en vivo (2,15) parecen ser percibidos como desafiante, o que suxire oportunidades limitadas para o novo talento. Tamén existe certa percepción sobre a falta de talento na IM de Galicia (2,21), e o sector non se ve como moi profesionalizado (2,62).

A intelixencia artificial é algo percibida como unha ameaza (2,71), aínda que se considera que as novas tecnoloxías crean oportunidades (3,03).

Hai certa preocupación sobre a importancia de que o consumo de música local é demasiado pequeno (3,06). Porén, existe un sentimento xeneralizado de boa consideración da reputación da IM galega a nivel estatal, que coincide con esta puntuación (3,06). A visión da reputación internacional da industria é máis moderada (2,79).



Gráfico 21. Percepcións sobre a IM (puntuacións medias)

Hai unha crenza moderada na calidade da formación musical (3,12), mentres que se considera que o papel da educación no desenvolvemento da cultura musical parece estar subestimado (3,35).

A ausencia dun organismo específico responsable da supervisión do sector (3,25), a falta de apoio/subvencións (3,25), a insuficiencia de incentivos fiscais (3,41) e a incerteza sobre as tendencias de consumo (3,27) indican preocupacións estruturais e financeiras. Igualmente, tamén se percibe unha deficiencia en perfís profesionais específicos da industria (3,34), o que suxire unha fenda na experiencia. Tamén hai preocupación pola falta de datos dispoñibles sobre o sector (3,38).

Os canáis de distribución musical vense como saturados (3,44), con cambios rápidos nos modelos de distribución (3,65), e regulacións dispersas (3,67), indicando un ambiente en rápida evolución e ata certo punto desorganizado.

Non obstante, a riqueza da tradición musical en Galicia é moi valorada (4,09), e hai unha opinión forte de que debería prestarse máis atención á música na educación básica (4,18).

En síntese, percíbese como desafiante lanzar novos artistas e atopar espazos para actos

en vivo, con preocupacións sobre a falta de profesionalización e talento. A intelixencia artificial xera certa inquietude, aínda que hai unha valoración positiva da tradición musical e da reputación internacional. As novas tecnoloxías son vistas como xeradoras de oportunidades, pero a industria enfróntase a problemas estruturais e financeiros, como a falta de apoio institucional e subvencións, ademais de incertezas nos patróns de consumo. As carencias en formación específica e datos sobre o sector, xunto coa rápida evolución dos modelos de distribución e normativas dispersas, contribúen á percepción dun sector en transición. Non obstante, a rica tradición musical é altamente valorada e hai un clamor por maior atención á música na educación básica.

Ademais destas percepcións, tamén se pregunta en aberto pola **falta de perfís profesionais**. Como nos casos anteriores, as respostas son moi variadas, pero concordando nunha falta significativa de profesionais especializados en varios eidos. Necesítanse xestores culturais cunha formación máis ampla que vaia máis alá da simple venda de proxectos, así como promotores, produtores, técnicos e instrumentistas coñecedores do negocio actual. Faise mención específica á necesidade de promotores ben formados e non só da “vella escola”, especialmente en salas de concertos, e tamén a profesionais de comunicación especializados. Hai unha preocupación pola tendencia á “facer de todo”, o que impide a especialización plena. Destácase tamén a necesidade de directores creativos e persoal técnico debido á carga de traballo xerada pola industria. O intrusismo político e de axentes externos en concellos pequenos, xunto coa falta de cumprimento dos protocolos de seguridade, tamén é unha inqueda. Outro aspecto é a profesionalización no ámbito musical, que actualmente está limitada, xa que moitos profesionais combinan a música con outras carreiras para sobrevivir, e mesmo aqueles dedicados a xestión e produción enfróntanse a pagos insuficientes. As produtoras dominan o mercado, e a presenza nos medios de comunicación convencionais segue sendo crucial para o recoñecemento. En conclusión, a industria necesita unha estrutura máis profesionalizada e diversificada para aproveitar plenamente o potencial cultural e creativo da música en Galicia.

Bloque específico de artistas

A enquisa tamén incluía un bloque específico para artistas, onde participaron maioritariamente homes (86%) con formación universitaria e idade media próxima aos 46 anos (gráfico 22). Estas persoas dedícanse principalmente a actividades no sector musical, pero diferentes á actividade musical/artística.




Gráfico 22. Actividade principal (artistas)

Parte destas persoas (65%) perciben ingresos por actividades profesionais en sectores diferentes (como autónomos ou por conta allea), aínda que en conxunto dedican a meirande parte do seu tempo a actividades de tipo artístico.




Gráfico 23. Horas semanais dedicadas a actividade artística

Os datos sobre os **medios de formación** reflicten unha tendencia interesante cara á educación autodidacta, sendo este o método máis común entre os participantes, o que pon de manifesto a importancia da práctica continua, a autoformación e a aprendizaxe constante. Tanto as escolas ou academias privadas como o profesorado particular ocupan tamén un lugar destacado, representando unha opción de formación personalizada bastante flexible. O conservatorio, cunha abordaxe máis formal e tradicional á educación musical, mantén un papel significativo na formación de músicos. Esta heteroxeneidade revela diversos camiños para adquirir habilidades e coñecementos na IM, e suxiren a importancia da flexibilidade na formación para adaptarse ás demandas dos participantes.



Gráfico 24. Estilos musicais

Nota: puntuacións sobre 5

As puntuacións reflectidas nos datos sobre as preferencias por estilos musicais amosan unha clara inclinación cara ao folk/étnico/tradicional, que podería indicar un forte apego ás raíces culturais. O pop/rock/indie ocupa o segundo lugar, o que significa que os estilos máis modernos e globalizados tamén gozan de popularidade significativa. Pola súa banda, o jazz/blues/soul/reggae/bossa Nova e a “Canción de autor” teñen puntuacións similares, o que reflicte unha apreciación constante por xéneros que ofrecen unha expresión artística máis persoal e narrativa.

Nun segundo grupo de preferencias aparecen a música Urbana e a Latina, que inclúe xéneros populares a nivel global como o rap, hip-hop, dance, trap, reggaeton e bachata, con menor representación na IM de Galicia. Por último, a música sinfónica, antiga, sacra e clásica, teñen unha puntuación máis modesta, o que pode indicar unha inclinación máis pequena cara á música considerada máis formal ou académica no contexto actual ou á súa asociación con nichos máis especializados. Tamén cómpre destacar que a categoría “Outros estilos” acada unha media relativamente alta, indicando unha apertura a diversos xéneros musicais que non se encaixan nas categorías máis estándar.


En conxunto, este panorama musical sinala unha preferencia por xéneros que reflicten a tradición cultural galega, mentres que estilos internacionais modernos e de nicho teñen unha presenza máis limitada.

O **tamaño das formacións** é variable, sendo o máis frecuente o que refire 3-4 membros. Ademais, este dato corresponde co número de membros estables das formacións.

Por outra banda, ao igual que no caso das empresas, as **colaboracións entre formacións/grupos** son habituais no sector. Os datos de colaboracións amosan un sector activo onde

unha parte significativa dos profesionais están involucrados en redes de traballo extensas que poderían ter un impacto positivo na creación e difusión de obras musicais. A disposición para colaborar é un indicativo da capacidade da IM para adaptarse e innovar a través do traballo conxunto.

O **asociacionismo** (gráfico 26) ten unha presenza relativamente importante entre os artistas (79%), feito que non ocorre no caso dos sindicatos profesionais (a mesma porcentaxe non pertence a ningún sindicato profesional). A importancia do asociacionismo suxire que hai un recoñecemento da súa importancia como medio para fomentar a colaboración, a representación e o apoio mutuo entre profesionais do sector. Pola contra, parece que os sindicatos se perciben como menos relevantes para as súas necesidades específicas, aínda que tamén pode ser indicativo da falta de sindicatos que representen especificamente os intereses concretos dalgún sector de profesionais da música.



■ Non ■ Si, con 1 ■ Si, con 2 ■ Si, con 3 ■ Si, con máis de 3

Gráfico 25. Colaboracións entre profesionais




Gráfico 26. Asociacionismo




Gráfico 27. Pertenza a sindicatos

Esta diferenza entre a alta taxa de asociacionismo e a baixa afiliación sindical pode sinalar unha oportunidade para que os sindicatos melloren o seu alcance e a súa oferta aos profesionais da música, destacando como poden apoiar aos traballadores en temas como

negociacións colectivas, dereitos laborais e condicións de traballo. Tamén pode ser indicativo da necesidade de unha maior concienciación sobre os beneficios da sindicalización neste ámbito profesional.

No que se refire á **actividade dos participantes**, a maioría participaron en entre 15 e 35 concertos no ano 2022, cunha media de 33,9. A distribución destes eventos varía segundo o tamaño das localidades en Galicia. Obsérvase unha tendencia a realizar máis concertos en pobos pequenos (gráfico 28), sinalando certa demanda de eventos musicais nas zonas rurais ou menos urbanizadas. No relacionado coas cidades, detéctase certa preferencia polas áreas urbanas maiores, que probablemente teñen infraestruturas máis adecuadas para albergar eventos. A baixa presenza en eventos no resto de España e no estranxeiro suxire que a actividade dos artistas galegos se centra principalmente en Galicia, cun alcance limitado fóra dela.




Gráfico 28. Participación en concertos (2022)

En conxunto, a información indica que a IM en Galicia mantén unha forte presenza local, cunha actividade significativa tanto en zonas rurais como urbanas, aínda que con pouca proxección fóra da comunidade autónoma e case ningunha presenza internacional. Sería interesante analizar as causas desta concentración xeográfica e explorar estratexias para ampliar o alcance dos artistas galegos tanto a nivel nacional como internacional.

Os datos da **orixe de ingresos** dos artistas indican que a maior parte provén de concertos, o que subliña a importancia das actuacións en vivo para os músicos na IM (gráfico 29). A segunda fonte son os dereitos de interpretación, o que sinala que, aínda que moito menos importante que os concertos, os dereitos xerados pola execución pública de música aínda contribúen de maneira notable á economía dos artistas. O merchandising xera un 4% dos ingresos, complementando así os ingresos xerados directamente polas actuacións. Por último, a baixa participación dos ingresos por gravacións e composicións poden reflectir as dificultades que afrontan os artistas para monetizar as súas gravacións e composicións orixinais nunha era dominada polo streaming dixital, onde os ingresos por cada reprodución son xeralmente baixos.





Gráfico 29. Fontes de ingresos

En conxunto, estes datos resaltan a centralidade dos concertos en vivo na economía dos artistas musicais e apuntan á necesidade de diversificar as fontes de ingresos para lograr unha maior estabilidade financeira, especialmente nun contexto no que a IM segue evolucionando rapidamente con novas tecnoloxías e hábitos de consumo.


Os datos sobre a **contratación dos profesionais** amosan unha clara preferencia polos vínculos baseados en eventos específicos (gráfico 30), o que subliña a natureza de traballo temporal previamente identificada. En liña similar, a incidencia do traballo sen contratación (28%) sinala unha área de preocupación en canto á informalidade laboral e a falta de seguridade no emprego. Ademais, a presenza de contratos temporais e fixo-discontinuos reflicte unha tendencia cara a empregos non permanentes, reforzando unha vez máis a problemática dunha contratación de marcado carácter temporal.

Por outro lado, a maioría dos músicos optan por ser autónomos. A vía de vinculación a través dunha sociedade cooperativa sinala a emerxencia de estruturas de apoio colectivo, mentres que as axencias de contratación e os promotores son menos comúns. Estes patróns de contratación reflicten, en termos xerais, unha ampla diversidade probablemente dependente de circunstancias e preferencias individuais.

As causas indicadas polos participantes para traballar sen contrato apuntan a dúas cuestións principais: por unha banda, a baixa remuneración é un factor común nas respostas, o que suxire certa dificultade para negociar mellores honorarios ou, o que é máis preocupante, unha valoración baixa do traballo cultural. Por outra, tamén se apunta a unha práctica de informalidade (“é habitual no sector no que me movo”), que pode relacionarse coa natureza ocasional de moitos traballos musicais, á resistencia a asumir custos adicionais de formalización ou á percepción de que a burocracia asociada á contratación formal non se xustifica para traballos esporádicos ou de curta duración. Ambos factores, a precariedade salarial e a informalidade, poden ter efectos negativos sostidos non só nos ingresos e seguridade dos músicos, senón que poden dificultar a profesionalización do sector.



- Temporal
- Por eventos
- Sen contrato
- Fixo-discontinuo



- Son autónomo/a
- O/a promotor/a dá de alta aos músicos
- Pertenzo a unha cooperativa
- Mediante unha axencia de contratación

Gráfico 30. Contratación de profesionais

En relación coa visibilidade, unha ampla maioría de participantes (72%) dispón de páxina web e utilizan principalmente as redes sociais (65%) como a súa forma principal de **promoción e difusión da súa actividade**, coherente coas tendencias xerais cara á dixitalización e aproveitamento das plataformas en liña para alcanzar o público. En particular, a elección das redes sociais como ferramenta principal de difusión indica que os artistas e axentes están adaptándose ás novas formas de consumo de música e interacción co público, aproveitando unha ferramenta de comunicación directa e interactiva de comunicación que pode ser especialmente valiosa para artistas emerxentes ou independentes que buscan construír unha base sólida de seguidores.

Por último, tamén se pregunta pola **percepción de espazos destinados á actividade musical**. Os resultados indican unha percepción xeral de insatisfacción con respecto á suficiencia e accesibilidade destes espazos (gráfico 31). Cunha puntuación media de 2,1 (sobre 5) en canto á suficiencia das infraestruturas destinadas á música, os participantes manifestan unha falta de instalacións adecuadas, ou que as que existen non son coñecidas ou accesibles para os músicos e artistas. Aínda máis revelador é a media de 1,8 (sobre 5) sobre a facilidade para conseguir un espazo cando é necesario, o que sinala un claro desacordo con esta afirmación. Esta puntuación podería indicar que hai barreiras significativas para acceder a espazos para actuar.



Gráfico 31. Percepción de acceso a espazos para actuacións

Os participantes destacan múltiples desafíos en canto ao uso de espazos, incluíndo altos custos de alugueiro, a carga que supón para os artistas actuar como promotores, a falta de infraestruturas e equipamentos inadecuados, e a escaseza de espazos cedidos que limitan as oportunidades de actuación. Ademais, a dependencia das produtoras e promotoras e a complexidade de lograr que as actuacións sexan economicamente viables cando se traballa de maneira independente, compoñen un panorama no que se dificulta o acceso a espazos onde desenvolver a actividade musical.

Xuntos, estes datos suxiren que pode haber unha necesidade crítica de mellorar a infraestrutura destinada a actuacións en Galicia e de facer estes espazos máis accesibles para os músicos.

Finalmente, testamos as preguntas relacionadas coa **importancia relativa do galego para o desenvolvemento da IM en Galicia**. As opinións recollidas resaltan a súa importancia crítica, considerándoo un elemento fundamental da identidade cultural e un diferenciador no mercado global. Rexistra unha valoración variada segundo o contexto: mentres que en certos espazos como a contratación municipal ten moita presenza, en salas de concertos e festivais a súa presenza é menor. Tamén se critica a infrautilización da lingua galega e a necesidade de que a música galega, definida por ser cantada en galego, teña máis espazo e recoñecemento. A lingua é vista como unha vantaxe competitiva e como unha ponte cara á internacionalización da produción cultural. Recoñécese un circuío musical propio, que precisa fortalecemento e a importancia de integrar a música galega nos grandes consumos para elevar o seu perfil a nivel nacional. A opinión xeral é que, a pesar de que hai espazo para mellorar, o galego é unha forza vital na música galega, tanto na tradicional como nas formas urbanas, e que a súa promoción podería levar a un maior éxito comercial e cultural.

Por último, incluímos unha análise estatística co obxectivo de reforzar a rigorosidade deste estudo, e a rigorosidade dos seus resultados. En consonancia coas conclusións acadadas do estudo cualitativo - e aceptando a representatividade limitada da mostra debido ao seu pequeno tamaño- detectouse unha sorprendente consistencia nas respostas das persoas pertencentes a diferentes ámbitos da IM. A dita consistencia foi confirmada mediante a utilización dunha análise ANOVA, que axuda a determinar se hai diferenzas estatísticas significativas nas opinións dos participantes que traballan en diversas actividades do sector. Cabe destacar que a homoxeneidade das respostas e a falta de significación estatística nas diferenzas observadas dotan ao ANOVA de especial relevancia, pois permite inferir que calquera aumento no número de respostas reforzaría as tendencias previamente identificadas e resaltadas neste estudo.

Só en cinco dos aspectos avaliados na enquisa se atoparon diferenzas significativas nas respostas entre os grupos de participantes. No que atinxe á **percepción sobre o grao de profesionalización do sector**, tendo en conta que cada enquisado responde dende a súa área de actividade, os artistas, xestores, produtores e distribuidores son os que informan dunha visión máis negativa, puntuando o nivel de profesionalización por debaixo dunha media xeral xa de por si baixa: 2,75, sendo o 3 o punto medio da escala.

A **imaxe do sector a nivel internacional** tamén se considera baixa en termos xerais, cunha media de 2,89. Con todo, son os profesionais máis próximos ao mercado (xestores, axentes, promotores, distribuidores e especialistas en márketing e comunicación) os que valoran máis positivamente a percepción internacional.

Respecto á **suficiencia das axudas e subvencións**, a pregunta formulouse en termos negativos, isto é, indagouse se estas eran escasas. De maneira xeral, considéranse insuficientes (cunha media de 3,47, substancialmente por riba do punto medio da escala).

Segundo os resultados, os artistas e os seus axentes, xunto cos profesionais do márketing e a comunicación, perciben unha maior carencia de axudas.

A **valoración da formación musical** tamén amosa diferenzas, sobre a base de que a media do conxunto de respostas é alta (3,28). É rechamante que sexan os encargados da distribución, promoción, márketing e comunicación quen a valoran máis positivamente, en contraste cos artistas, cuxa percepción, aínda que boa, non é tan optimista. Dado que os artistas están máis inmersos na creación e interpretación musical, a súa visión podería considerarse máis achegada á realidade do sector.

Finalmente, o quinto aspecto da enquisa no que se detectan diferenzas significativas entre os profesionais é nas súas **opinións sobre a oferta de espazos para música ao vivo**. A media global de 2,22 subliña a necesidade de máis e mellores espazos. As persoas máis inclinadas a esta percepción son aquelas dos grupos de artistas, xestores, distribuidores e produtores executivos. Os axentes e profesionais do márketing, promoción e comunicación, xunto cos responsables dos servizos auxiliares, teñen unha visión máis positiva, aínda que posiblemente menos fundamentada debido á natureza das súas actividades.

Análise descritiva: conclusións

Toda vez analizadas de forma conxunta as respostas da enquisa realizada, pódese extraer unha serie de conclusións de relevancia.

- O sector caracterízase pola súa diversidade de formas xurídicas e actividades, cunha concentración notable de traballo autónomo e pequenas empresas, o que reflicte unha industria fragmentada e con potencial de crecemento e profesionalización.
- A temporalidade no emprego é unha característica destacada, o que pode ser indicativo tanto da natureza dos traballos dentro da IM como da falta de estruturas laborais estables.
- A estacionalidade da industria, coa súa actividade concentrada nos meses de verán, subliña tanto oportunidades como vulnerabilidades, especialmente en relación á dependencia de eventos específicos e á flutuación na demanda.
- Aínda que hai unha concienciación crecente sobre a igualdade de xénero e o respecto ao convenio colectivo, aínda existen importantes desafíos que abordar para alcanzar unha verdadeira equidade e condicións laborais xustas e de calidade.
- En canto á actividade económica, hai unha clara dependencia do sector público para a contratación, o que subliña a importancia de políticas de apoio continuas para a sustentabilidade do sector.
- Obsérvase unha tendencia cara á colaboración intra e intersectorial, con acordos privados e contratos menores como as formas máis comúns de asociación, o que pode ser un indicativo da busca de flexibilidade e dinamismo dentro dun sector que require constante adaptación e innovación.
- A pesar de que se perciben avances positivos na industria comparando 2023 con 2022 e hai un optimismo cauteloso respecto ao futuro, a pandemia da COVID-19 deixou unha pegada duradeira. As respostas á crise foron variadas, mais revelan unha necesidade de mellorar o deseño e a comunicación das medidas de apoio para alcanzar a todos os axentes afectados.
- No ámbito da difusión, o uso predominante das redes sociais reflicte unha adaptación ás tendencias dixitais e unha busca pola conexión directa co público, sendo as plataformas como Facebook e Instagram as máis empregadas. Esta elección alíñase co desexo de amplificar a visibilidade e alcanzar unha audiencia máis ampla, crucial para artistas emerxentes ou independentes na era dixital.
- Lanzar novos artistas e atopar espazos para actuacións en vivo en Galicia percíbese

como un desafío, ademais das oportunidades limitadas para novos talentos e unha percepción de falta de profesionalismo e talento na industria. Igualmente, neste apartado de preocupacións figura a incorporación da Intelixencia Artificial, as limitacións estruturais e financeiras, e a incerteza nos patróns de consumo. Igualmente, detéctase a necesidade de dispor de datos específicos do sector, para poder facilitar a toma de decisións.

- Demandase unha maior integración da música na educación básica, como paso previo para a mellora da profesionalización e a diversificación.
- A percepción xeral sobre a falta de espazos para a realización de eventos musicais apunta a unha carencia crítica de infraestruturas axeitadas. A dificultade para obter espazos, combinada cos altos custos de alugueiro e a carga adicional que isto supón para os artistas, que moitas veces deben actuar como promotores, destaca unha barreira significativa para o desenvolvemento de actividades musicais en vivo en Galicia. Esta situación subliña a necesidade urxente de mellorar as infraestruturas e facilitar o acceso a espazos adecuados, permitindo así un florecemento máis amplo do talento e a diversidade cultural.
- É importante resaltar a relevancia da lingua galega na música como un elemento distintivo e unha ferramenta para a internacionalización. A industria reconece a música galega non só como parte integral da súa identidade cultural, senón tamén como unha vantaxe competitiva no mercado global. A promoción e o fortalecemento da música na lingua galega poderían abrir portas a un maior éxito comercial e cultural, tanto dentro como fóra de Galicia.
- A aplicación dunha análise ANOVA, a pesar da limitada mostra, resultou ser de especial relevancia, evidenciando unha sorprendente uniformidade nas respostas que transcenden ás diversas áreas da IM. Isto indica que, a pesar das diferenzas individuais ou de grupo, hai tendencias comúns que reflicten a realidade do sector en Galicia. A falta de significación estatística en moitas das diferenzas observadas reforza a idea de que calquera aumento no número de respostas probablemente consolidaría aínda máis estas tendencias.

En conclusión, a IM en Galicia atópase nun momento de transición, con retos significativos pero tamén con oportunidades para a innovación e o crecemento. A profesionalización, a diversificación das fontes de ingresos, a mellora na infraestrutura para eventos en vivo e a integración máis forte da música na educación son áreas clave que precisan atención. A IM galega posúe un rico patrimonio cultural e un potencial creativo inmenso que, xestionado axeitadamente, podería levar a un maior éxito e sustentabilidade no futuro.

Análise cualitativa: a opinión do sector

Análise cualitativa: a opinión do sector

Entrevistas e grupos de discusión. Consideración sobre o sector.

A IM en Galicia caracterízase por unha **rica diversidade**, abarcando desde bandas de música popular até formas tradicionais de expresión musical galega. Esta variedade reflicte a riqueza cultural e lingüística da comunidade, o que contribúe á súa identidade única. Con todo, a evolución desta industria foi mixta. A finais dos anos 90, a música galega experimentou un notable auxe, pero desde 2003, houbo un estancamento nalgúns xéneros, particularmente na música de raíz. Paralelamente, xéneros como o pop e a música urbana foron gañando terreo.

Esta evolución foi influenciada pola **singularidade de Galicia**, que deu lugar a un desenvolvemento artístico distintivo e a unha IM con características propias. Esta característica ten vantaxes e inconvenientes. Así, tanto no ámbito nacional como internacional, algúns artistas e xéneros -particularmente a música tradicional-, lograron un impacto significativo, o que suxire a capacidade da música galega para transcender as súas fronteiras rexionais. No entanto, existe certo consenso en relación con que este recoñecemento segue sendo limitado, especialmente naqueles casos en que se usa a lingua galega.

Recoñécese o **valor e potencial económico** da IM en Galicia, que non debe subestimarse. En particular, destácase que cada evento relacionado coa música en vivo xera ingresos que benefician ao sector musical, pero tamén teñen un impacto en diversas áreas de actividade, o que evidencia o **amplo impacto económico** do sector. Con todo, existe unha clara necesidade de recoñecer e apoiar o efecto multiplicador do sector musical na economía. Neste sentido, algún dos participantes suxire que o deseño e implantación dunha estratexia integral de apoio ao sector -máis aló de colaboracións puntuais con eventos- podería ser unha estratexia útil para pór en valor tanto o impacto económico directo da música como a súa capacidade para estimular outras áreas da economía. No entanto, destácase que a **insuficiencia de datos estatísticos precisos** sobre o sector dificulta esta tarefa. Paralelamente, apúntase que tanto a estratexia como a recollida e xestión de datos debe ser **necesariamente transversal**, eliminando a tradicional separación entre música en vivo e gravada.

Saliéntase tamén que a IM en Galicia está marcada polo **dominio dunhas poucas empresas**, o que pode xerar distorsións no mercado e limitar a diversidade e o desenvolvemento do sector.

En resumo, a IM de Galicia caracterízase pola súa diversidade e riqueza cultural, pero

afronta retos e limitacións derivadas do seu contexto rexional específico. Con todo, o sector demostrou a súa importancia económica e o seu potencial para influír noutros ámbitos máis aló da música, polo que se trata dunha industria crave non só como unha expresión cultural, senón tamén como un motor económico vital para Galicia.

Situación actual

A IM en Galicia, como na gran maioría dos ámbitos xeográficos, está en constante evolución. Na actualidade, o contexto de cambio caracterízase significativamente pola **dixitalización e a transición** da música física á música en liña. En concreto, faise fincapé no papel da tecnoloxía, especialmente o streaming, que revolucionou o patrón de consumo tradicional de música e modificou a dinámica de ingresos de parte da industria. Estes cambios abriron novas oportunidades, pero tamén supoñen retos específicos para os axentes involucrados no sector. A era dixital ten redefinido as regras do xogo, creando un panorama onde a accesibilidade e a inmediatez son clave.

Neste novo contexto, a dinámica entre artistas independentes e discográficas tradicionais experimentou un cambio notable. Os artistas independentes teñen ido gañando terreo de forma progresiva, principalmente grazas ás redes sociais e os mecanismos de distribución dixital. Desta forma, tentan manter o control sobre a súa música e as súas carreiras, o que alterou o equilibrio de poder tradicional na IM en detrimento do papel dominante que adoitaban ter as grandes discográficas. Á posibilidade real de controlar a promoción das creacións musicais propias únese o cambio radical na definición do elemento a promocionar: o concepto de “álbum”, como produto, vai desaparecendo mentres cede o seu espazo á “canción”. A conxunción de ambas tendencias resulta nun ciclo de vida moito máis curto para cada produto musical.

A **diversidade na IM** é outro dos azos distintivos da IM en Galicia, abarcando unha ampla gama de xéneros, desde o pop e o rock, ao hip-hop, ou á música electrónica, até a música clásica e popular.

Destácase a **relevancia da música en vivo**, que especialmente en Galicia segue sendo unha fonte esencial de ingresos. Varios dos participantes destacan o fenómeno único das orquestras en Galicia, que combina a música tradicional con xéneros modernos. Estas agrupacións, integradas en moitas ocasións por músicos profesionais, evolucionaron desde os seus comezos en festas locais até a ser recoñecidas tanto a nivel nacional como internacional. Son un elemento central en celebracións e festividades, impulsando o turismo e a economía rexional. Ademais, destácanse pola súa adaptación ás novas tecnoloxías, mellorando así a experiencia do público. Por outra banda, existen opinións confrontadas en relación co fenómeno dos festivais de música, relativamente recentes, pero de crecente popularidade. Aínda que son populares e atraen a grandes audiencias, tenden a concentrar a actividade musical en determinados períodos do ano, o que leva

a unha menor estabilidade da actividade musical ao longo do ano. Ademais, implican a un número limitado de artistas e empresas, podendo ter como consecuencia unha relativa “desertificación” do resto de implicados na IM.

Neste contexto, é crucial reflexionar sobre o uso do diñeiro público que se inxecta neste ámbito da IM. Algún dos participantes suxire que debería haber unha vontade aperturista de garantir que este investimento beneficie a un espectro máis amplo do sector musical. Isto significa repartir a actividade entre unha maior variedade de profesionais e intentar que a actividade inducida polos festivais tamén repercuta en empresas auxiliares de Galicia. Isto podería traducirse nun apoio máis robusto para artistas emerxentes, xéneros musicais menos representados e pequenas empresas que xogan un papel crucial na cadea de valor da música. Deste xeito, mentres se recoñece o valor e a atracción dos grandes festivais de música, tamén é importante considerar as necesidades e o potencial de desenvolvemento doutros actores da industria. A promoción dunha IM máis equilibrada e diversificada non só enriquecería o panorama cultural, senón tamén contribuiría a unha maior estabilidade económica e a unha distribución máis xusta dos beneficios que xera o financiamento público na música.

Tamén se pon de relevo a importancia da **educación e a formación en música** -en sentido amplo, desde a composición e produción musical até a xestión de eventos- para quen buscan unha carreira nesta industria.

Por tanto, identifícase a IM en Galicia como un campo dinámico e en constante evolución, onde a tecnoloxía foi un catalizador clave na transformación da forma en que se produce, distribúe e experimenta a música. Ademais, a IM caracterízase por ofrecer gran diversidade de oportunidades e experiencias, confluindo unha ampla gama de xéneros.

Condicións de traballo

Un aspecto amplamente tratado nas entrevistas é o relacionado coas condicións laborais dos participantes na IM en Galicia, caracterizadas por un conxunto de desafíos e evolucións. A **falta de contratos formais** foi tradicionalmente un problema, o que conduciu recentemente a esforzos para revertir esta situación, especialmente en eventos financiados con fondos públicos.

Detéctase unha concienciación crecente sobre a importancia da **regularización laboral** no sector, sobre todo desde 2010. Destácase neste sentido a creación dunha cooperativa en 2018, que foi fundamental para axudar na emisión de facturas e a cotización social dos artistas. Esta iniciativa representa un paso importante cara á profesionalización e a estabilidade no sector musical de Galicia. Con todo, a xestión de cotizacións e a facturación axeitada seguen sendo áreas problemáticas, destacando a necesidade dunha maior

estruturación e apoio nestas áreas. Na mesma liña, a xestión dos dereitos de autor e a súa posta en valor resultan cruciais para asegurar unha compensación xusta, o que require unha negociación coidadosa de contratos e acordos. Tamén se pon en relevo a baixa monetización dunha parte da actividade de artistas e profesionais.

Unha limitación importante de carácter legal no ámbito da celebración de eventos é a falta de uniformidade na normativa que os regula. Esta dispersión normativa en distintos ámbitos crea un panorama complicado para os organizadores, dificultando o cumprimento das normas e comprometendo a eficiencia na súa planificación e execución. A lexislación actual, ao estar fragmentada en varios niveis - local, rexional e nacional - e en diferentes sectores -como seguridade, saúde, medio ambiente e dereitos de autor, por exemplo- pode resultar nun entramado complexo de regras e regulacións que os organizadores de eventos deben afrontar, incrementando notablemente a carga administrativa e introducindo certo risco sobre os cumprimentos. Por iso, precísase dunha clarificación, simplificación e unificación das normas que concorren na celebración de eventos. A unificación destas normativas non só beneficiaría aos organizadores, senón que tamén facilitaría unha colaboración máis efectiva entre diferentes entidades e autoridades involucradas na súa regulación e supervisión.

En xeral, as **condicións de traballo** na IM son variadas e dependen do rol específico que desempeña cada axente. A precariedade laboral no sector foi unha preocupación constante, exacerbada pola pandemia e a falta de cumprimento dos convenios laborais existentes. Ademais, ponse o foco en dous factores que dificultan especialmente o desempeño nun clima laboral axeitado:

- Por unha banda, as viaxes e as xiras son unha parte integral do traballo para moitos artistas, o que pode ser esgotador e levar a pasar tempo lonxe da familia. Nestas xiras, os implicados (artistas, músicos e persoal de apoio, entre outros) adoitan afrontar horarios irregulares, coa necesidade de traballar de noite e durante os fins de semana. Isto pode xerar problemas de diversa índole (físicos, de conciliación, etc.).
- Por outra, a presión e a competencia na industria son intensas, o que pode resultar nunha alta inseguridade laboral e tensión tanto para os artistas emerxentes como para os xa establecidos. A presión creativa e necesidade de manterse activo e particularmente innovador son aspectos emocionalmente complexos que, xunto coas esixencias físicas e loxísticas, pode impactar a saúde e benestar dos traballadores da industria.

En canto aos aspectos legais e ás reformas, fixéronse avances, pero aínda persisten desafíos significativos. Neste sentido, destácase a necesidade de facer unha revisión completa da normativa vixente relacionada, que moitas veces é dispersa e ambigua, derivando en situacións de inseguridade xurídica. Igualmente, identifícanse liñas urxentes

de actuación. Por exemplo, o estatuto do artista e as reformas pendentes na lexislación laboral artística son áreas cruciais que requiren atención. Estas reformas son necesarias para garantir que os dereitos e as condicións laborais dos artistas e traballadores da música se recoñezan e protexan adecuadamente.

Por tanto, a IM en Galicia reflicte avances importantes en termos lexislativos e laborais, pero persisten desafíos significativos no ámbito laboral, incluíndo a regularización do emprego e a mellora das condicións laborais. É crucial que se continúe traballando para establecer condicións de traballo máis xustas e estables no sector.

Asociacionismo

O **asociacionismo** na IM de Galicia converteuse nun elemento clave para o seu fortalecemento e profesionalización. A formación de asociacións, iniciada ao redor de 2008, xorde como unha resposta á necesidade dunha maior profesionalización no sector, especialmente en aspectos laborais. Estas asociacións desempeñaron un rol crucial non só na regulación do sector, senón tamén proporcionando apoio esencial aos axentes implicados no sector.

En opinión dos participantes, non debe subestimarse a importancia das asociacións, que foron -e son- fundamentais na creación dunha estrutura máis sólida e organizada dentro da IM galega. Mediante a promoción de boas prácticas profesionais, a representación de intereses colectivos e a defensa dos dereitos dos seus membros, estas asociacións contribuíron significativamente ao desenvolvemento e á sustentabilidade do sector.

Estas asociacións emerxeron como actores indispensables na loita por unha mellor regulación laboral e prácticas máis xustas na industria. A través do seu traballo, fomentaron unha maior conciencia sobre os desafíos que afrontan os profesionais da música, desde cuestións contractuais até dereitos de autor e condicións laborais.

Apoio institucional

O **apoio institucional** emerxe como un alicerce fundamental para o crecemento e a sustentabilidade da IM en Galicia. Considérase que a colaboración e o respaldo de institucións -públicas e privadas- son vitais para o éxito e a viabilidade a longo prazo do sector. Este apoio maniféstase de varias formas, incluíndo o financiamento de proxectos, a dispoñibilidade de espazos para actuacións e a promoción da formación e o desenvolvemento profesional dos artistas e outros profesionais da música. Con todo, percíbese que as axudas de cando en cando afectan a todos os sectores implicados na IM, sendo patente a insuficiencia das dirixidas a procesos de creación musical ou distribución de

música, por exemplo. Ademais, tamén se fai fincapé na insuficiencia de incentivos fiscais. En particular, os existentes ,fundamentalmente para actividades de música en vivo, teñen un trato menos favorable que o deparado a outros sectores creativos.

A promoción e o apoio institucional tamén son cruciais na **difusión e o fomento** da música galega, aínda que se suxire que non deberían involucrarse como organizadoras directas de eventos musicais. En cambio, a súa función debería centrarse en proporcionar recursos, apoio e plataformas para que os artistas e organizadores de eventos poidan prosperar de maneira independente.

A necesidade dun maior apoio e regulación para promover aos músicos galegos é un tema recorrente, especialmente no que respecta a festivais e eventos financiados por administracións públicas. Isto inclúe non só o apoio financeiro, senón tamén o recoñecemento e a promoción dos talentos locais en plataformas nacionais e internacionais.

A falta de datos fiables sobre o sector identifícase como un obstáculo para o desenvolvemento de estratexias efectivas e o recoñecemento do seu verdadeiro impacto. En consecuencia, a **creación de observatorios** que analicen as dinámicas económicas e sociais que afectan o sector musical en Galicia é outra necesidade subliñada. Estes observatorios poderían proporcionar datos e análises fiables, identificación das necesidades do sector e facilitando a formulación de políticas efectivas..

Doutra banda, resáltase a necesidade dunha **regulación específica** e adaptada ás peculiaridades do sector musical, abordando desequilibrios como as diferenzas en reducións fiscais entre a música en vivo e gravada.

Finalmente, a **formación e capacitación profesional** no sector musical sinálanse como áreas deficitarias. A inclusión de formacións específicas no sistema educativo podería non só xerar emprego, senón tamén activar a economía ao converter a poboación pasiva en activa.

Das entrevistas e focus groups desenvolvidos, despréndese unha opinión mixta respecto das axudas públicas na IM de Galicia. Por unha banda, recoñécese a importancia do apoio institucional para o desenvolvemento e promoción do sector. Doutra banda, percíbese unha necesidade de maior consistencia e efectividade nestas axudas. Suxírese que as institucións deberían facilitar e promover a música, pero non necesariamente ser as organizadoras directas de eventos musicais. Isto indica o desexo dun marco de apoio máis sólido e estratéxico, que realmente responda ás necesidades dos músicos e á industria en xeral.

Retos e desafíos

Incídese fundamentalmente nos seguintes:

DESENVOLVEMENTO DE TALENTO: A IM enfrenta desafíos na promoción de novos talentos e na adaptación ás tendencias actuais, como o uso de redes sociais e a intelixencia artificial na música.

PROBLEMAS ECONÓMICOS E DE CONTRATACIÓN: Identifícanse dificultades económicas dentro do sector, destacando a inestabilidade na contratación de músicos e as disparidades nos cachés entre diferentes tipos de grupos musicais.

IMPACTO DA PANDEMIA DA COVID-19: A pandemia tivo un impacto profundo na industria, afectando non só a cantidade de traballo dispoñible, senón tamén intensificando a competencia entre os músicos e grupos. Aínda son precisas axudas para superar estas perdas, incluíndo a necesidade de máis proxectos e oportunidades para os músicos.

IMPACTO DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL (IA): Varios dos participantes poñen de manifesto a súa preocupación pola chegada da IA, que podería afectar a varios procesos de creación da cadea de valor (cando non eliminalos)

Tamén cabe destacar que non existe un consenso único en relación coa consideración de vantaxe ou desvantaxe dalgúns dos factores consubstanciais ao contexto actual da IM. Por exemplo, a apertura de novas canles de distribución, o cambio de patróns de consumo cara modelos máis personalizados e controlados polo consumidor ou a propia IA pode ser unha ameaza para a IM tal e como está actualmente concibida e deseñada, pero tamén abrir a porta a novas oportunidades se son correctamente xestionadas.

Resumo

A IM de Galicia presenta un panorama diverso e en constante evolución. Caracterizada por unha rica diversidade que abarca desde a música popular ata expresións tradicionais, a IM galega é un reflexo da riqueza cultural de Galicia. Despois do auxe experimentado na década dos 90, detéctase certo estancamento nalgúns xéneros, mentres que outros, como o pop e a música urbana, gañaron terreo. En paralelo, destácase que o recoñecemento da IM de Galicia ten ampla marxe de mellora.

A dixitalización e o cambio nas canles de distribución marcaron a evolución recente da IM en Galicia, afectando basicamente ao patrón de consumo de música. Os artistas independentes teñen gañado relevancia grazas á distribución dixital e as redes sociais, desafiando o dominio das discográficas tradicionais. Outro fenómeno digno de mención é o auxe dos festivais de música, aínda que xeran algunhas reticencias asociadas á concentración -tanto no que se refire a persoas e empresas implicadas como no volume

de actividade temporal-.

En termos de condicións laborais, detéctase preocupación en relación coa falta de contratos formais e a precariedade laboral, ademais de problemas asociados á xestión de cotizacións, facturación e dereitos de autor. Os aspectos legais e as reformas pendentes na lexislación laboral artística son áreas que requiren atención para garantir dereitos e condicións laborais axeitadas.

O asociacionismo xurdiu como un elemento clave para a profesionalización e regulación do sector. As asociacións fomentaron boas prácticas profesionais, defendido os dereitos dos seus membros e contribuído ao desenvolvemento sostible da IM en Galicia.

O apoio institucional considérase clave para o crecemento e sustentabilidade do sector. Con todo, percíbese unha necesidade de maior consistencia e efectividade nas axudas institucionais, así como un enfoque máis estratéxico que responda ás necesidades reais de músicos e industria.

Entre os retos e desafíos principais da IM en Galicia atópanse o desenvolvemento de novos talentos, e a adaptación ás tendencias actuais como o uso de redes sociais. Estes desafíos vense agravados pola preocupación sobre o impacto da IA na creación musical e a cadea de valor.

As principais fortalezas da IM en Galicia inclúen a súa diversidade e riqueza cultural, a crecente profesionalización e a adaptación ás novas tecnoloxías e patróns de consumo. Con todo, detéctanse tamén claras debilidades, como a necesidade dunha maior regulación e apoio institucional, o desenvolvemento de estratexias efectivas baseadas en datos fiábeis, e a adaptación aos desafíos emerxentes como a intelixencia artificial. A xestión eficiente destes aspectos pode abrir novas portas e garantir un futuro próspero e sostible para a IM en Galicia.

Estimación do impacto económico

Estimación do impacto económico

Na encrucillada da economía e a cultura, a IM en Galicia non só resoa como unha manifestación artística, senón tamén como un motor económico significativo. Este capítulo do informe presenta unha exploración rigorosa dese impacto económico, unha análise necesaria para entender plenamente o valor e o alcance da música alén das súas notas. A través desta análise, non só revelaremos a importancia intrínseca do sector musical, senón tamén o seu efecto multiplicador en diversas áreas da nosa economía.

Para iso, é crucial recoñecer que a obtención de datos precisos no sector musical galego é unha tarefa complexa. Os rexistros de empresas que facturan neste ámbito son, na súa maior parte, aproximacións. Estes datos tenden a centrarse en grandes entidades, que, aínda que significativas, non representan a diversidade e o verdadeiro alcance do sector musical galego. As pequenas empresas, que constitúen a maioría e son frecuentemente as máis representativas da realidade musical da rexión, permanecen, en gran medida, á marxe dos rexistros estatísticos.

Ademais, cando nos diriximos ao aspecto do emprego, as cifras dilúense nun contexto máis amplo, nomeadamente a industria cultural en xeral. O que conforma unha imaxe incompleta do emprego específico no sector musical. Así mesmo, outras fontes de datos, como os catálogos de ocupacións, rexistran o número de contratacións máis que de empregos estables. Isto é particularmente problemático nun sector caracterizado pola alta rotación laboral, o que pode conducir a unha percepción distorsionada da realidade.

Perante as ditas limitacións, adoptouse unha metodoloxía que intenta capturar non só o volume xeral de actividade económica da IM, senón tamén as súas interconexións con outras industrias e actividades auxiliares. Esta aproximación permite non só medir o impacto económico directo e relacionado da IM, senón tamén identificar o emprego que se xera a través da dita industria e as súas relacións con outras áreas de actividade económica. O rol da música esténdese así alén da creación artística, converténdose nun elemento catalizador que impulsa e sostén unha ampla gama de profesións e servizos relacionados.

Para avanzar nesta comprensión, partimos dos datos de facturación do sector, engadindo a isto as aportacións, tanto públicas como privadas, en forma de subvencións e patrocinios. A través desta análise, ofrecemos unha visión clara e comprensiva do impacto económico da IM galega, superando os obstáculos que supón a falta de datos específicos e directos. Este capítulo do informe presenta os resultados destas estimacións, esbozando un retrato completo da IM como unha peza clave na economía de Galicia.

Achegas ao sector

A contribución do sector da música á economía, a través da súa actividade directa e indirecta -por interacción con outras actividades económicas-, é considerable. Ademais da facturación recollida no primeiro apartado deste informe, para a estimación do volume total da actividade do sector deben terse en conta outros ingresos vinculados con esta. Isto inclúe (1) achegas estruturais das administracións públicas destinadas á IM nos seus orzamentos; e (2) contribucións derivadas de programas de subvencións ou acordos de patrocinio, tanto públicos como privados, que de maneira conxunta apoian economicamente a realización de eventos específicos.

Aportacións públicas de carácter estrutural

En relación co gasto orzamentado e liquidado polas administracións públicas destinado ao sector da música, os últimos datos dispoñibles por comunidades autónomas son do ano 2021 (segundo o Ministerio de Cultura, 2023). O nivel de desagregación das partidas varía segundo a administración correspondente. Así:

- A información sobre o gasto executado pola Administración Central do Estado non ofrece datos desagregados para a música, como tampouco estatísticas da súa distribución territorial.
- Nas Administracións Autonómicas existen datos de gasto en música e música gravada (consideradas epígrafes mutuamente excluíntes), que reflicten gastos específicos no sector da música (columna 2 do cadro X).
- No relacionado coas Administracións Locais (deputacións e concellos), só se recollen partidas para gastos en cultura en xeral ou en festas e festexos en particular. Para poder estimar as contías vinculadas, partiuse do suposto de que as festas e festexos son eventos predominantemente musicais, sobre a base de que a música é un ingrediente esencial destas celebracións e, por tanto, supón o gasto máis relevante destes eventos. As partidas que agrupan gastos en administración e promoción da cultura son tratadas como “caixas negras” para os fins desta análise.

Tendo en conta as referidas limitacións no acceso aos datos, estimouse a contía total destinada á IM en Galicia no conxunto da actividade cultural. Para elo, utilizouse como base a relación gasto en música/gasto en cultura, calculada coa información da Comunidade Autónoma de Galicia, que é a única fonte de datos que ofrece o nivel de desagregación necesario. A dita relación resultou nunha porcentaxe do 6,65%, que foi a referencia para o cálculo das estimacións. No caso das subvencións procedentes da Administración Central, que adoece de maiores limitacións de datos, combinouse este método coa

estimación por analoxías, asumindo que a importancia do sector musical de Galicia no gasto do Estado é similar ao peso do PIB galego no PIB de España.

A partir destes supostos, estímense as aportacións incluídas no cadro 34.

GALICIA (2021)	Administración central do Estado	Administración Autonómica	Deputacións	Concellos	TOTAL
Música gravada		553.000			553.000
Música		7.641.000			7.641.000
Festas populares e festexos			115.000	17.923.000	18.038.000
Administración xeral de cultura (música)	254.000		111.000	1.500.000	1.865.000
Promoción cultural (música)	55.000		1.218.000	5.008.000	6.281.000
Difusión cultural no exterior (música)	399.000				399.000
TOTAL	708.000	8.194.000	1.444.000	24.431.000	34.777.000

Cadro 34. Estimación do gasto público na IM en Galicia (2022)*

Fonte: elaboración propia con datos do Ministerio de Cultura de España: CULTURABase. Gasto liquidado en cultura por administración y comunidad autónoma (2023)

Aportacións públicas de carácter conxuntural

As aportacións económicas das administracións públicas ao sector da música, realizadas a través de institutos, axencias, empresas ou consorcios, adoitan tomar a forma de programas ou liñas de acción con obxectivos adaptados á situación da industria en cada momento. En Galicia, a Xunta de Galicia destaca polo seu papel na concepción, lanzamento e consolidación do Xacobeo, un macro evento cultural que coincide coas datas dos Anos Santos Composteláns, pero con contidos, temporalidade e obxectivos máis amplos. Non só abrangue todos os elementos da cultura galega, senón que tamén se espalla por toda a comunidade, financiando eventos en múltiples localizacións. Os seus obxectivos van máis alá da mera celebración cultural; promove a convivencia entre os galegos e facilita o acceso á cultura en áreas con menos oferta cultural. Ademais, o Xacobeo estimula o turismo cultural, atraendo visitantes interesados no patrimonio material e inmaterial de Galicia. Ao mesmo tempo, traballa para transmitir unha imaxe realista de Galicia e enriquecer as experiencias tanto dos residentes como dos visitantes, consolidándose así como un

evento cultural integral e representativo da rexión. En consecuencia, é o macro evento cultural -e musical- de maior dimensión e o destinatario de máis financiamento.

A música é un elemento central nos eventos do Xacobeo. Os expertos consultados para este apartado do informe estiman que máis do 60% do total dos patrocinios de actividades vinculadas co Xacobeo teñen como destino actividades musicais. Os festivais de música, en particular, son destacados por atraer patrocinios importantes, debido ao seu atractivo para o público novo e ao seu valor turístico, o que os converte nun activo económica e comercialmente rendible.

No 2022, Xacobeo e a Xunta de Galicia foron as marcas de institucións públicas máis visibles nos festivais celebrados en España, patrocinando 22 e 21 festivais, respectivamente (Mediabrand, 2023). Estas dúas institucións encabezan o ránking a nivel nacional de entidades públicas con presenza nos festivais como entidades patrocinadoras, seguidas da Generalitat de Cataluña, a Comunidade Valenciana, e a Junta de Castilla e León. En quinto lugar aparece a Deputación de Pontevedra, o que unido á presenza das de Lugo e Coruña (postos 12 e 18 respectivamente do ránking das Top40 marcas públicas con mais visibilidade a través dos festivais) dá idea da relevancia dos patrocinios públicos en Galicia.

Calcular o valor dos patrocinios non sempre é fácil, especialmente nos casos de patrocinios menores. Moitas veces a única fonte de datos son os medios de comunicación, vinculados coas comunicacións de grandes patrocinios. As subvencións, aínda que teoricamente máis fáciles de rastrexar, tamén presentan desafíos para identificar a súa asignación específica ao sector musical. A priori, podería parecer sinxelo identificalas, xa que nas resolucións oficiais figuran listaxes de proxectos subvencionados e os importes concedidos a cada un. Porén, sorprende a dificultade de clasificar estes proxectos dentro dun sector específico ou dun ámbito xeográfico concreto.

Un dos principais obstáculos é que, en moitas ocasións, o identificador dun proxecto na listaxe de subvencións é simplemente o nome dunha persoa física, o que non proporciona información suficiente sobre o ámbito ou sector ao que pertence o proxecto. Incluso cando se menciona o nome do proxecto, a miúdo resulta imposible determinar que sectores están involucrados ou como se desenvolve o proxecto en cuestión.

Un exemplo claro desta problemática é o caso das subvencións concedidas polo INAEM (Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música) no ano 2022. A pesar de revisar todas as subvencións, só se conseguiu identificar con certeza un proxecto musical galego. Este proxecto foi descartado como elemento de análise debido á imposibilidade de determinar con precisión o importe das axudas destinadas especificamente ao sector da música en Galicia por parte desta entidade pública.

En resumo, a falta de especificidade e claridade na información dispoñible sobre as subvencións fai difícil analizar o seu impacto real e específico no sector da música, un aspecto crítico para entender o apoio público á cultura. Por estas razóns, o estudo optou

por recoller os importes globais patrocinados ou subvencionados polas entidades públicas máis relevantes. Foron seleccionadas entidades cun papel protagonista no financiamento da cultura, incluída a música, e outras foron escollidas pola súa presenza en festivais musicais. Os importes dos patrocinios e subvencións destas institucións foron recollidos ou estimados especificamente para o sector da música e só para Galicia¹.

ORGANISMO	Concepto	Total
Xunta de Galicia	<i>Subvencións a concertos</i>	
	<i>Aceleradora de proxectos musicáis</i>	
	<i>Rede galega de música ao vivo</i>	
	<i>Xacobeo (so música)</i>	
	<i>Festivais Festgalicia</i>	
SUBTOTAL ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA		11.996.000
Deputación Pontevedra	<i>Musigal e varias</i>	
Deputación Lugo	<i>Tradigalu e Festivais</i>	
Deputación Coruña	<i>Bandas de música</i>	
Deputación Ourense	<i>Outras actuacións</i>	
Actuacións Concellos		
SUBTOTAL ADMINISTRACIÓN LOCAL		6.922.000
TOTAL 2022		18.918.000

Cadro 35. Contribución á economía da música dos principais patrocinadores/subvencionadores públicos

Fontes: elaboración propia con datos proporcionados polos expertos consultados, BOP da Deputación da Coruña, BOP da Deputación de Lugo, Orzamento Deputación de Ourense e Portal de transparencia da Deputación de Pontevedra.

Esta estimación é extremadamente cautelosa. Aínda que o peso da Xunta de Galicia minimiza outras contribucións², os patrocinios e subvencións do resto das administracións públicas fan supoñer unha cifra máis elevada. Un exemplo claro é o financiamento de todas as escolas de música municipais, non incluído na estimación pola dificultade ou imposibilidade de acceder a datos desagregados fiables.

1 Esta é unha das aportacións mais valiosas do estudo, xa que son habituais os intentos de cuantificar á economía da música que máis que optimistas son fantasiosos. Por exemplo, o uso de partidas de gasto en cultura como proxí.

2 Se o “Principio de Pareto” é aplicable á relación entre o número de financiadores e cuantías financiadas, o erro da estimación non debería ser alto. En todo caso, trataríase dunha infraestimación.

Aportacións privadas

No que respecta ás aportacións privadas de carácter conxuntural, determinar a contribución das empresas privadas mediante patrocinios é aínda máis complexo que no caso das públicas. O mercado dos patrocinios privados mantense nunha especie de limbo, onde as contribucións das empresas se clasifican como “contribucións sociais”, pero os seus importes dilúense entre os gastos publicitarios. Poucas empresas recoñecen abertamente a cantidade investida, e aínda menos o aforro fiscal real derivado dalgúns contratos de patrocinio. Ademais, o incremento do valor das marcas debido a esta presenza é outro factor a considerar.

Segundo un estudo de campo de Mediabrands (2023), Estrella Galicia é a primeira marca galega en presenza en festivais musicais en España, seguida de Gadis e Abanca (datos de 2022). Estas tres empresas sitúanse no 8º, 10º e 40º postos do ránking de entidades privadas con presenza nos festivais. Estrella Galicia tamén lidera en notoriedade espontánea, sendo lembrada por 829 asistentes a festivais de música en España en 2022 sen axuda. As marcas de bebidas dominan este sector³, o que non é casualidade, xa que encaixan demograficamente co público dos eventos musicais e preséntanse nun contexto propicio para o consumo. Ademais, as restricións normativas en publicidade convencional son un factor motivador para as bebidas alcohólicas líderes en notoriedade.

As vantaxes fiscais convértense en motivadores secundarios cando as empresas patrocinadoras toman conciencia do incremento da notoriedade das súas marcas, a imaxe coa que estas se perciben e o engagement que xeran no público obxectivo, entre outros efectos positivos. É precisamente o engagement coa marca o efecto máis destacado polos profesionais de márketing consultados no estudo de Mediabrands (2023), seguido da imaxe de marca transmitida, a notoriedade acadada, a fidelización dos clientes actuais, a captación de clientes novos e a proba do produto.

Parece, pois, que o patrocinio de eventos musicais é un investimento rendible para moitas marcas (a curto e a longo prazo). Como resaltamos anteriormente, tres das marcas que semellan ter conciencia deste feito son galegas e, non por casualidade, referentes do patrocinio da música en Galicia. Pese ao seu papel protagonista, as empresas non fan pública a información necesaria para calcular o importe da totalidade dos seus patrocinios no sector da música. Os únicos datos dos que temos coñecemento -a través de fontes institucionais- reflicten o importe de contratos de patrocinio do Xacobeo. Expertos consultados na fase de investigación cualitativa desenvolvida para realizar este informe, estiman en algo máis do 60% a parte mediante patrocinios que corresponde ao sector da música. Esta proporción será a ratio utilizada para imputar ao sector só a parte da

3 Coca Cola, Mahou, Red Bull, Heineken, Jagermeister, Damm, Alhambra, Brugal e Cruzcampo, son as empresas que ocupan os 10 primeiros postos en mencións. Todas son marcas de bebidas: 10 son marcas de cervexa, dúas, de bebidas espirituosas e outras dúas, de bebidas estimulantes.

cifra de patrocinios que lle corresponde, evitando a inclusión dos patrocinios que financian actividades non relativas a el. Este apartado, como o resto do estudo, mantén un enfoque conservador nas estimacións, baseándose unicamente en datos de fontes fiables. En conxunto, o importe das achegas así estimadas (cadro 36) ascende a 19,6 millóns de euros.

ENTIDADE	Total
Varios (patrocinios privados)	19.600.000
TOTAL 2022	19.600.000,00

Cadro 36. Contribución á economía da música dos patrocinadores privados

En definitiva, pódese confirmar que o sector da IM goza de importantes achegas públicas e privadas para o seu desenvolvemento, tanto de carácter estrutural coma conxuntural. O acceso a estes datos non sempre é doado, tendo que recorrer nas máis das veces a estimacións para calcular o seu importe. Para a elaboración deste apartado do informe, consultáronse as fontes dispoñibles (coma datos publicados polos ministerios ou contratos públicos incluídos nos portais de transparencia) e fontes secundarias (consultas a expertos no campo). Naqueles casos en que non había desagregación suficiente, recorreuse a facer estimacións, utilizando como base a relación gasto en música/gasto en cultura da Comunidade Autónoma de Galicia.

A partir destes datos, estímase que o conxunto de aportacións públicas e privadas á IM en 2022 sitúase na contorna dos **73 millóns de euros**. Cómpre sinalar que este ano, como o precedente 2021, non é un ano típico, por canto coincide coa celebración do Xacobeo 2021-2022. En consecuencia, debe terse en conta tanto unha cantidade superior de eventos musicais, como a existencia dun conxunto de incentivos fiscais que favorecen as colaboracións e achegas ao sector, sobre todo no eido privado. Con todo, optouse por incluír a dita información para proporcionar unha imaxe máis fiable e recente da vertente económica da IM.

Impacto económico da Industria da Música

A cuantificación do impacto económico da IM, tanto no que atinxe á propia actividade do sector, con impacto directo e indirecto noutros sectores da economía, como á que se xera de forma inducida ao redor da mesma, polas necesidades de consumo de bens e servizos dos asistentes ás actividade musicais, resulta de interese para valorar a súa importancia e contribución á economía de Galicia.

Para a dita cuantificación aplicamos unha metodoloxía baseada na previamente desenvolvida por Leontief, utilizando para iso as táboas input-output da economía galega. A partir

destas, estímense os principais agregados macroeconómicos -produción e emprego-, así como os ingresos recadados por impostos e cotizacións sociais por parte das Administracións Públicas.

Neste senso, no que atinxe ao impacto atribuíble ás propias actividades desenvolvidas pola IM, calcúlanse tres tipos diferentes de impacto:

- **DIRECTO.** Reflicte a actividade directamente desenvolvida polos axentes da IM.
- **INDIRECTO.** Transcende o efecto directo anterior. As actividades desenvolvidas pola IM necesitan de consumos noutros sectores da economía, xerando un ciclo secundario de transaccións. Os provedores destes consumos intermedios incrementan os seus pedidos aos seus propios provedores, xerando riqueza e emprego no conxunto da economía galega.
- **INDUCIDO.** O aumento da produción e o emprego derivado dos impactos anteriores xera ingresos para as persoas e entidades, en forma de salarios, ingresos mixtos e excedentes. Estes ingresos adicionais aumentan a demanda de bens e servizos, parte dos cales serán satisfeitos pola produción da economía galega, o que levará a novos incrementos na produción e na creación de emprego.

Á súa vez, na medida en que a asistencia aos eventos musicais require, e fomenta, do público asistente a demanda de determinados consumos en bens e servizos -transporte, comidas e bebidas, aloxamento e compra de determinadas mercadorías, principalmente-, procedemos a cuantificar os diferentes impactos -directo, indirecto e inducido- desta demanda impulsada polas actividades da IM.

Impacto económico das actividades integradas na IM

Para o cálculo do impacto asociado ás actividades directamente promovidas polos axentes que integran a IM, aplicando a metodoloxía antes referida, procedemos inicialmente realizando unha estimación dos recursos económicos manexados por estes, tendo en conta para elo tanto a información relativa á facturación polas entradas aos eventos musicais como as axudas e patrocinios públicos e privados.

Estimados os recursos económicos empregados en termos anuais polo sector, que cuantificamos nuns 181,6 millóns de euros, procedemos á súa atribución entre excedentes e gastos, considerando dentro destes últimos os gastos de persoal, os consumos intermedios e o pagos a artistas relevantes de fóra de Galicia -cachés-, considerando que estes últimos non teñen un impacto sobre a economía galega. Para iso utilizamos

información de ratios sectoriais do Banco de España no que atinxe aos excedentes, e información do sector, tanto cualitativa como cuantitativa sobre a distribución dos recursos empregados entre as partidas antes referidas.

Á súa vez, no que se atinxe aos consumos intermedios noutros sectores, que estimamos arredor do 50% dos gastos do sector, procedemos, tamén mediante técnicas cuantitativas e cualitativas, á súa distribución porcentual entre os diferentes produtos e servizos considerando, á súa vez, a diferente tipoloxía de actividades desenvolvidas pola IM.

Coa información anterior os resultados en termos de incremento da produción, postos de traballo equivalentes a tempo completo e ano creados e ingresos das Administracións Públicas derivados das actividades directamente desenvolvidas pola IM son os seguintes:

SUBVENCIONES	53.695
PATROCINIOS	19.600
ACTIVIDADE XERADA NO SECTOR	181.649
Multiplicador de actividade	3,38
Incremento Producción	167.444
Postos de Traballo	2.719
Retorno Administracións	27.954
Retorno Administración Autónoma	5.499
Taxa retorno sobre subvención	52,06%
Taxa retorno sobre Adm. Aut. sobre subvención	10,24%

Cadro 37. Impacto da IM

O impacto económico asociado ás actividades directamente desenvolvidas pola IM é significativo:

- Cunhas achegas públicas de 53,6 millóns de euros o sector da IM **desenvolve actividades por importe de 181,6 millóns**, o que supón un **efecto multiplicador do 3,38**. Por cada euro público o sector no seu conxunto gasta 3,38 euros.
- Isto xera unha demanda de produtos, e con ela **un incremento da produción do conxunto da economía**, de **167,4 millóns de euros** nos sectores directa e indirectamente impactados pola demanda do sector da IM.
- Á súa vez, esta actividade asociada á IM **supón a creación duns 2.700 postos de traballo equivalentes a xornada completa** e en termos anuais.
- Ademais, a actividade económica do sector xera **ingresos públicos** por polo pago de impostos e cotizacións a seguridade social por importe duns **27,9 millóns de euros, dos que uns 5,4 lle corresponderían á Comunidade Autónoma de Galicia**

no marco do Sistema de Financiamento. Isto supón unha **taxa de retorno para as Administracións Públicas sobre subvencións do 52%**.

Impacto económico inducido polas actividades da IM

As actividades desenvolvidas pola IM, na medida en que conlevan a asistencia de público que demanda determinados consumos específicos asociados a súa presenza en ditas actividades, como poden ser comidas e bebidas, aloxamento, transporte ou a compra de determinadas mercadorías, inducen unha actividade económica asociada, con **especial incidencia no ámbito da hostalería**, da que tamén debe considerarse o seu impacto económico para valorar a importancia da IM e as actividades con ela relacionadas no conxunto da economía de Galicia.

Neste sentido, cuantificamos tamén o impacto asociado a estas actividades para o que, mediante unha análise cualitativa e o resultado de diversas enquisas existentes ao respecto, estimamos o gasto no que incorren os asistentes aos eventos musicais, pódoo en relación co importe, no seu caso, das entradas pagadas, así como a súa distribución entre os consumos principais: servizos de comidas e bebidas, servizos de transporte, servizos de aloxamento e consumo de determinadas mercadorías -merchandising-.

Os resultados deste gasto en termos de incremento da produción, postos de traballo equivalentes a tempo completo e ano creados e ingresos das Administracións Públicas derivados das actividades asociadas a este tipo de consumo son:

INCREMENTO DA PRODUCCIÓN	60.342
POSTOS DE TRABALLO	531,3
Retorno Administracións	5.678,4
Retorno Administración Autónoma	1.155,2

Cadro 38. Impacto inducido da IM

Esta actividade inducida polos eventos levados a cabo pola IM tamén ten un impacto económico considerable:

- O **Incremento da produción** asociada a estas actividades inducidas pola IM é de **60,3 millóns de euros**, o que supón a creación de **531 postos de traballo equivalentes a xornada completa e ano**, e xeran un **retorno en termos de ingresos públicos de 5,6 millóns de euros**.

Impacto económico total asociado á IM

O impacto económico **conxunto** das actividades directamente desenvolvidas pola IM e das que induce noutros sectores asociadas á asistencia de público aos eventos musicais é o seguinte:

SUBVENCÍONS	53.695
PATROCINIOS	19.600
ACTIVIDADE XERADA NO SECTOR	181.649
Multiplicador de actividade	3,38
Incremento Producción	227.786
Postos de Traballo	3.251
Retorno Administracións	33.633
Retorno Administración Autónoma	6.654
Taxa retorno sobre subvención	62,64%
Taxa retorno sobre Adm. Aut. sobre subvención	12,39%

Cadro 39. Impacto total

- O Incremento total da produción asociada a estas actividades relacionadas coa IM é de **227,8 millóns de euros**. Isto representa unha achega ao PIB de Galicia do 0,20-0,22% deste.
- Xera un **emprego equivalente a tempo completo e ano duns 3.250 postos de traballo**, o que representa o 0,28% do total de empregados da Comunidade Autónoma.
- Induce **ingresos das Administración Públicas por importe duns 33,6 millóns de euros, o que supón que o 62% das axudas públicas que se conceden ao sector**, retornan ao sector público mediante o pago de impostos e de cotizacións á seguridade social.

Conclusións

O estudo revela que a IM en Galicia ten un impacto económico significativo:

- Cun investimento público de 53,6 millóns de euros, o sector xera unha actividade de 181,6 millóns de euros, resultando nun efecto multiplicador de 3,38. Por cada

euro público o sector no seu conxunto gasta 3,38 euros.

- Isto comporta unha demanda de produtos, e con ela un incremento da produción do conxunto da economía galega, de 167,4 millóns de euros nos sectores directa e indirectamente impactados pola demanda do sector da IM, e supón a creación duns 2.700 postos de traballo equivalentes a xornada completa e en termos anuais.
- Ademais, a actividade económica do sector xera ingresos públicos polo pago de impostos e cotizacións á seguridade social por importe duns 27,9 millóns de euros, dos que uns 5,4 lle corresponderían á Comunidade Autónoma de Galicia no marco do Sistema de Financiamento Autonómico. Isto supón unha taxa de retorno para as Administracións Públicas sobre subvencións do 52%.
- Mención especial merece o efecto tractor da IM sobre o sector da hostalería e o turismo. A asistencia aos eventos musicais impulsa unha demanda relevante en servizos como aloxamento, transporte, comidas e bebidas, así como en compras de merchandising. Este consumo adicional, inducido polos eventos da IM, xera un incremento da produción de 60,3 millóns de euros, contribúe á creación de 531 postos de traballo e orixina un retorno en ingresos públicos de 5,6 millóns de euros.
- En conxunto, as actividades relacionadas coa IM impulsan un incremento da produción de 227,3 millóns de euros, o que representa un peso no PIB do 0,20-0,22% deste; xeran un emprego equivalente a tempo completo e ano uns 3.250 postos de traballo, o que representa o 0,28% do total de empregados da Comunidade Autónoma; e inducen ingresos das Administracións Públicas por importe duns 33,6 millóns de euros, o que supón que o 62% das axudas públicas que se conceden ao sector, retornan ao sector público.

Estes datos evidencian a relevancia da IM como actividade tratora e dinamizadora de actividade económica e emprego, e con incidencia relevante noutros sectores de actividade en Galicia, especialmente na hostalería e no turismo. O turismo cultural, en particular, pode ser potenciado a través de eventos musicais, que non só atraen a visitantes senón que tamén fomentan o consumo en establecementos locais, reforzando así a economía de proximidade. Polo tanto, a IM debe ser considerada un aliado estratéxico doutros sectores da economía galega, con capacidade para atraer clientes e xerar maiores ingresos. É esencial, polo tanto, que o sector público e privado traballen conxuntamente para apoiar e maximizar o impacto económico da IM, o que, á súa vez, repercutirá positivamente no crecemento e sustentabilidade doutros sectores en Galicia.

Síntese e conclusións

Síntese e conclusións

O obxectivo principal deste informe é proporcionar unha análise profunda e detallada da IM en Galicia. O informe busca abranguer tanto a estrutura e as dinámicas da industria como o seu impacto na economía e no emprego da comunidade galega. A intención é ofrecer unha visión completa que destaque a importancia, os retos e as oportunidades da IM na rexión.

Estrutura do Informe

- 1. ANÁLISE DESCRIPTIVA DA IM EN GALICIA.** Esta sección inclúe unha análise detallada da IM en Galicia, utilizando datos dispoñibles en fontes oficiais. Proporciona unha visión xeral da industria, incluíndo o seu desenvolvemento recente e estado actual.
- 2. PERFIL DOS AXENTES IMPLICADOS.** Baseándose nos datos dun cuestionario distribuído no sector, esta parte do informe ofrece un perfil dos diferentes axentes implicados na IM. Aborda a súa dedicación, identificación e actividades, tanto específicas como complementarias, así como as súas formas xurídicas e a dispoñibilidade de axudas da administración. Préstase atención especial á análise das condicións de traballo na IM.
- 3. ENTREVISTAS E FOCUS GROUP:** Este apartado céntrase nas percepcións e opinións de distintos grupos de axentes implicados na IM, recollidas a través de entrevistas e grupos de enfoque. Aínda que é predominantemente cualitativa, esta sección ofrece perspectivas valiosas sobre as persoas que desenvolven a súa profesión no sector, permitindo completar a información anterior.
- 4. ESTUDO ECONÓMICO DA IM.** Esta sección estima a contribución da IM á economía e ao emprego en Galicia, ofrecendo unha análise cuantitativa do impacto económico da industria na rexión.
- 5. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.** A última parte do informe sintetiza a información obtida e proporciona conclusións relevantes. Ademais, ofrece recomendacións e liñas de mellora para a IM en Galicia.

O informe foi desenvolvido coa iniciativa da Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), co fin de ofrecer unha imaxe fiel do alcance e a contribución da IM ao conxunto da actividade económica de Galicia, así como do seu papel xerador de emprego e riqueza. Pretende ser unha ferramenta obxectiva, ampla, plural, completa, rigorosa e ambiciosa para a toma de decisións e para mellorar a comprensión da importancia da IM en Galicia.

Características xerais

A IM en Galicia presenta un conxunto de características que definen a súa natureza, que poden sintetizarse nos seguintes puntos:

- 1. DIVERSIDADE DE XÉNEROS E PRÁCTICAS:** A IM en Galicia abrangue unha ampla gama de xéneros, desde música tradicional e folk ata pop, rock e música urbana. Isto reflicte tanto o apego á cultura galega coma a capacidade da industria de adaptarse a tendencias musicais diversas. Cómpre destacar que a música tradicional galega mantén unha forte presenza no contexto galego.
- 2. IMPORTANCIA DOS GRANDES EVENTOS:** Nos últimos anos, a comunidade galega se posicionou como referente pola cantidade e calidade dos festivais de música realizados no seu territorio, que atraen tanto a talento local como internacional. Estes eventos son puntos clave de encontro cultural e musical, con importantes repercusións de carácter económico que dinamizan a actividade de sectores directa e indirectamente relacionados coa IM. Destaca, ademais, o carácter redistributivo e local de gran parte destes eventos.
- 3. EVOLUCIÓN DESIGUAL:** A industria experimentou un auxe significativo na década dos 90. Desde entón, algúns xéneros mostraron certos sinais de estancamento, mentres que outros, como o pop e a música urbana, gañaron terreo. O momento actual pode cualificarse como un período de transformación e adaptación ás novas realidades do mercado musical.
- 4. INSUFICIENTE RECOÑECIMENTO:** Malia o convencemento da fortaleza e identidade da IM en Galicia, obsérvase que o seu recoñecemento e a valorización a nivel máis amplo (nomeadamente, no eido exterior) ten amplo marxe de mellora.
- 5. IMPACTO DAS RECENTES TRANSFORMACIÓNS:** A evolución recente da industria estivo marcada pola dixitalización e cambios nas canles de distribución, afectando o patrón de consumo de música. En termos xerais, estas variables supuxeron un revulsivo para a IM, que probou a súa capacidade de adaptación. Os axentes implicados adaptáronse de forma efectiva á dixitalización, utilizando plataformas dixitais e redes sociais para distribuír música e conectar co público. Ademais, o acceso directo ao mercado a través de canles dixitais permite que artistas independentes emerxan e compitan máis eficazmente, podendo desenvolver a súa actividade á marxe das estruturas tradicionais das grandes discográficas.

En particular, cómpre destacar a capacidade de xerar contido creativo e diverso por parte dos axentes da IM. Moitos deles, cando están a manexar as súas redes sociais,

aportan contidos innovadores de calidade nas súas producións, as cales non só enriquecen o panorama cultural, senón que tamén reverten positivamente no propio sector musical (por exemplo, con actuacións en directo ou creación de temas que posteriormente incorporan á súa produción).

6. DIMENSIÓN SOCIOECONÓMICA VARIADA:

No aspecto socioeconómico e laboral, poden identificarse as seguintes características:

- Dominio do traballo autónomo e pequenas empresas. A IM está dominada por traballadores autónomos e pequenas empresas, o que indica unha industria altamente fragmentada pero con potencial de crecemento.
- Temporalidade e estacionalidade. Detéctase unha alta temporalidade e estacionalidade, concentrando moita da súa actividade nos meses de verán, o que implica períodos de relativa inactividade durante outras épocas do ano.
- As condicións laborais reproducen as ditas características, observándose unha alta temporalidade nas contratacións. Asemade, outra característica das ditas condicións é a falta de contratos formais e a precariedade laboral nas condicións de prestación dos servizos (horarios e necesidade de traslado, por exemplo).
- O asociacionismo revélase como un elemento crucial para a profesionalización e a regulación do sector.

7. IMPORTANCIA DO SECTOR INSTITUCIONAL:

O apoio das institucións públicas é visto como fundamental para o desenvolvemento e sustentabilidade do sector. Simultaneamente, identifícanse desafíos na promoción de novos talentos e na adaptación ás tendencias actuais.

Conclusiones

A partir dos datos deste informe, pódense extraer as seguintes conclusións:

1. SOBRE AS CIFRAS DA IM EN GALICIA.

- A comunidade galega ocupa a sexta posición no Estado español en canto á celebración de concertos de música clásica. Malia ter unha menor achega en

termos de número de concertos e recadación en comparación con outras comunidades, mantén unha porcentaxe estable de audiencia e eventos. Destaca a fortaleza dos macroeventos na comunidade galega.

- A música clásica, incluíndo a música sinfónica, de cámara, coral, e de bandas e rondallas, presenta unha actividade intensa, con preto de 6.000 eventos e unha recadación de aproximadamente 6 millóns de euros. A música de cámara é o xénero máis popular, seguido pola música sinfónica, bandas, e corais. No que se refire á música popular, o pop rock é o xénero máis popular en Galicia, representando o 82.3% dos concertos. Outros xéneros como jazz, blues, soul e música de cantautores tamén teñen unha presenza significativa, aínda que sen chegar ao volume do anterior xénero.
- A pandemia da COVID-19 impactou negativamente na IM, pero en 2022 observouse unha recuperación significativa en termos de eventos, asistencia e recadación. Aínda que non se alcanzaron os niveis pre-pandémicos, obsérvase unha tendencia positiva.
- O sector da música gravada en Galicia mostra unha adaptación ás tendencias actuais da industria, cunha forte inclinación cara aos formatos dixitais, especialmente ao streaming. Esta transición tecnolóxica sinala unha industria en constante adaptación e crecemento.
- A IM en Galicia demostra ser resiliente e diversa, cunha boa capacidade de recuperación post-pandemia e unha forte tradición en varios xéneros musicais. Detéctanse limitacións relacionadas coa escala dos eventos e o seu valor económico, especialmente na música clásica, onde os eventos tenden a atraer menos asistentes e xerar menos recadación que noutras rexións.

2. SOBRE AS PERCEPCIÓNS DO SECTOR

- A IM de Galicia presenta un panorama diverso e en constante evolución. Despois do auxe experimentado na década dos 90, detéctase certo estancamento nalgúns xéneros, mentres que outros, como o pop e a música urbana, gañaron terreo. En paralelo, destácase que o recoñecemento da IM de Galicia ten ampla marxe de mellora.
- A dixitalización e o cambio nas canles de distribución marcaron a evolución recente da IM en Galicia, afectando basicamente ao patrón de consumo de música. Os artistas independentes teñen gañado relevancia grazas á distribución dixital e ás redes sociais, desafiando o dominio das discográficas tradicionais.

- Outro fenómeno digno de mención é o auxe dos festivais de música, aínda que xeran algunhas reticencias asociadas á concentración -tanto no que se refire a persoas e empresas implicadas como ao carácter temporal da actividade-.
- En termos de condicións laborais, detéctase preocupación en relación coa falta de contratos formais e a precariedade laboral, ademais de problemas asociados á xestión de cotizacións, facturación e dereitos de autor. Os aspectos legais e as reformas pendentes na lexislación laboral artística son áreas que requiren atención para garantir dereitos e condicións laborais axeitadas.
- O asociacionismo xorde como un elemento clave polo seu labor no fomento de boas prácticas profesionais, defensa dos dereitos dos seus membros e a contribución ao desenvolvemento sostible da IM en Galicia.
- O apoio institucional considérase clave para o crecemento e sustentabilidade do sector. Con todo, percíbese unha necesidade de maior consistencia e efectividade nas axudas institucionais, así como un enfoque máis estratéxico que responda ás necesidades reais de músicos e industria.
- Entre os retos e desafíos principais da IM en Galicia atópanse o desenvolvemento de novos talentos, e a adaptación ás tendencias actuais como o uso de redes sociais. Estes desafíos vense agravados pola preocupación sobre o impacto da IA na creación musical e a cadea de valor.
- Identifícanse coma principais fortalezas da IM en Galicia a súa diversidade e riqueza cultural, a crecente profesionalización e a adaptación ás novas tecnoloxías e patróns de consumo.
- Pola contra, detéctanse tamén claras debilidades, como a necesidade dunha maior regulación e apoio institucional, o desenvolvemento de estratexias efectivas baseadas en datos fiábeis, e a adaptación aos desafíos emerxentes como a intelixencia artificial.
- Neste apartado, é importante salientar que os axentes que participaron nos focus group e nas entrevistas pertencen ao sector musical na súa dimensión estatal, traballando conxuntamente con socios en Galicia. Polo tanto, aportan unha perspectiva enriquecedora ao brindar unha visión externa da IM galega.

3. SOBRE AS CARACTERÍSTICAS DA IM

- O sector caracterízase pola súa diversidade de formas xurídicas e actividades,

cunha concentración notable de traballo autónomo e pequenas empresas, o que reflicte unha industria fragmentada e con potencial de crecemento e profesionalización.

- A temporalidade no emprego é unha característica destacada, o que pode ser indicativo tanto da natureza dos traballos dentro da IM como da falta de estruturas laborais estables.
- A estacionalidade da industria, coa súa actividade concentrada nos meses de verán, subliña tanto oportunidades como vulnerabilidades, especialmente en relación á dependencia de eventos específicos e á flutuación na demanda.
- Aínda que hai unha concienciación crecente sobre a igualdade de xénero e o respecto ao convenio colectivo, aínda existen importantes desafíos que abordar para alcanzar unha verdadeira equidade e condicións laborais xustas e de calidade.
- En canto á actividade económica, hai unha clara dependencia do sector público para a contratación, o que subliña a importancia de políticas de apoio continuas para a sustentabilidade do sector.
- Obsérvase unha tendencia cara á colaboración intra e intersectorial, con acordos privados e contratos menores como as formas máis comúns de asociación, o que pode ser un indicativo da busca de flexibilidade e dinamismo dentro dun sector que require constante adaptación e innovación.
- A pesar de que se perciben avances positivos na industria comparando 2023 con 2022 e hai un optimismo cauteloso respecto ao futuro, a pandemia da COVID-19 deixou unha pegada duradeira. As respostas á crise foron variadas, mais revelan unha necesidade de mellorar o deseño e a comunicación das medidas de apoio para alcanzar a todos os axentes afectados.
- No ámbito da difusión, o uso predominante das redes sociais reflicte unha adaptación ás tendencias dixitais e unha busca por conexión directa co público, sendo as plataformas como Facebook e Instagram as máis empregadas. Esta elección alíñase co desexo de amplificar a visibilidade e alcanzar unha audiencia máis ampla, crucial para artistas emerxentes ou independentes na era dixital.
- Lanzar novos artistas e atopar espazos para actuacións en vivo en Galicia percíbese como un desafío, ademais das oportunidades limitadas para novos talentos e unha percepción de falta de profesionalismo e talento na industria. Igualmente, neste apartado de preocupacións figura a incorporación da Intelixencia Artificial, as limitacións estruturais e financeiras, e a incerteza nos patróns de consumo. Igualmente, detéctase a necesidade de dispor de datos específicos do sector,

para poder facilitar a toma de decisións.

- Demándase unha maior integración da música na educación básica, como paso previo para a mellora da profesionalización e a diversificación.
- A percepción xeral sobre a falta de espazos para a realización de eventos musicais apunta a unha carencia crítica de infraestruturas axeitadas. A dificultade para obter espazos, combinada cos altos custos de alugueiro e a carga adicional que isto supón para os artistas, que moitas veces deben actuar como promotores, destaca unha barreira significativa para o desenvolvemento de actividades musicais en vivo en Galicia. Esta situación subliña a necesidade urxente de mellorar as infraestruturas e facilitar o acceso a espazos adecuados, permitindo así un florecemento máis amplo do talento e a diversidade cultural.
- É importante resaltar a relevancia da lingua galega na música como un elemento distintivo e unha ferramenta para a internacionalización. A industria recoñece a música galega non só como parte integral da súa identidade cultural, senón tamén como unha vantaxe competitiva no mercado global. A promoción e o fortalecemento da música na lingua galega poderían abrir portas a un maior éxito comercial e cultural, tanto dentro como fóra de Galicia.

4. SOBRE O IMPACTO ECONÓMICO

- O sector da IM goza de importantes achegas públicas e privadas para o seu desenvolvemento, tanto de carácter estrutural coma conxuntural. O acceso a estes datos non sempre é doado, tendo que recorrer nas máis das veces a estimacións para calcular o seu importe.
- O conxunto de aportacións públicas e privadas á IM en 2022 sitúase na contorna dos 70 millóns de euros. Cómpre sinalar que este ano, coma o precedente 2021, non é un ano típico, por canto coincide coa celebración do Xacobeo 2021-2022.
- O estudo revela que a IM en Galicia ten un impacto económico significativo: cun investimento público de 53,6 millóns de euros, o sector xera unha actividade de 181,6 millóns de euros, resultando nun efecto multiplicador de 3,38.
- Isto xera unha demanda de produtos, e con ela **un incremento da produción do conxunto da economía, de 167,4 millóns de euros** nos sectores directa e indirectamente impactados pola demanda do sector da IM, e **supón a creación duns 2.700 postos de traballo equivalentes a xornada completa** e ano.
- Ademais, a actividade económica do sector xera **ingresos públicos** polo pago

de impostos e cotizacións á seguridade social por importe duns **27,9 millóns de euros, dos que uns 5,4 lle corresponderían á Comunidade Autónoma de Galicia** no marco do Sistema de Financiamento. Isto supón unha **taxa de retorno para as Administracións Públicas sobre subvencións do 52%**.

- Mención especial merece o efecto tractor da IM sobre o sector da hostalería e turismo. A asistencia aos eventos musicais impulsa unha demanda relevante en servizos como aloxamento, transporte, comidas e bebidas, así como en compras de merchandising. Este consumo adicional, inducido polos eventos da IM, xera un incremento da produción de 60,3 millóns de euros, contribuíndo á creación de 531 postos de traballo e activa un retorno en ingresos públicos de 5,6 millóns de euros.
- En conxunto as actividades relacionadas coa IM impulsan un incremento da produción de **227,3 millóns de euros, o que supón unha achega ao PIB de Galicia do 0,20-0,22% deste**; xeran un **emprego equivalente a tempo completo e ano duns 3.250 postos de traballo**, o que representa o 0,28% do total de empregados da Comunidade Autónoma; e inducen **ingresos das Administracións Públicas por importe duns 33,6 millóns de euros, o que supón que o 62% das axudas públicas que se conceden ao sector**, retornan ao sector público.

Estes datos evidencian a relevancia da IM como actividade tratora e dinamizadora da actividade económica e o emprego, e con incidencia relevante noutros sectores de actividade en Galicia, especialmente na hostalería e turismo

Síntese

En correspondencia cos puntos previamente resaltados, pódense destacar os seguintes aspectos positivos:

- A IM é unha fonte significativa de riqueza cultural e diversidade, reflectindo a identidade de Galicia.
- Contribúe significativamente á economía local, xerando emprego e mobilizando a produción.
- Os eventos da IM dinamizan outros sectores, particularmente o turismo e a hostalería.
- A adaptación ás novas tecnoloxías e patróns de consumo dixitais permite unha

maior visibilidade e oportunidades para artistas emerxentes.

- Existe un marco forte de apoio institucional.
- A fragmentación de actividades, multiplicidade de axentes, e o impacto entre actividades económicas interrelacionadas revelan a existencia dun ecosistema sólido de desenvolvemento.

Pola contra, aparecen unha serie de aspectos negativos:

- A IM caracterízase por unha alta temporalidade e precariedade laboral.
- A falta de recoñecemento externo limita o seu potencial de crecemento e influencia.
- A dependencia de financiamento público e privado pode ser unha vulnerabilidade, especialmente en tempos de crise.
- Os desafíos na promoción de novos talentos e a adaptación a cambios tecnolóxicos como a IA presentan obstáculos adicionais.

Liñas de acción

Para fomentar o desenvolvemento sostible da IM en Galicia, propónse un catálogo de propostas e liñas de acción dirixidas a abordar os desafíos identificados e potenciar as súas fortalezas.

1. FOMENTO DE NOVOS TALENTOS

Programas de Incubación: Crear programas para apoiar e desenvolver novos talentos, incluíndo mentores, acceso a recursos e oportunidades de networking.

Concursos e Premios para Novos Artistas: Organizar concursos e premios que destaquen e promovan novos artistas e xéneros musicais.

Vincular o apoio ao talento musical coas axudas existentes no HUB audiovisual e a aceleradora de música, utilizando estes recursos para apoiar directamente aos músicos galegos.

Implantar campañas de márketing e promoción destinadas a incrementar o interese e a demanda do público pola música galega. Isto podería incluír eventos de mostra, colaboracións con influencers e campañas en medios de comunicación.

Traballar con organizadores de festivais e outros eventos musicais para garantir unha representación significativa de talento galego, ofrecendo incentivos ou subvencións que faciliten a súa inclusión.

2. DIVERSIFICACIÓN DA PROMOCIÓN DE PERFÍS PROFESIONAIS

Creación de programas específicos de mentoring e formación para profesionais da IM, centrados en mellorar as súas habilidades artísticas e empresariais. Isto incluíría formación en márketing musical, xestión de dereitos de autor, produción musical e outras habilidades clave.

3. MELLORA DAS CONDICIÓNS LABORAIS E PROFESIONALIZACIÓN

Reforma da Lexislación Laboral Artística. Traballar de forma coordinada e colaborativa para reformar a lexislación laboral, garantindo contratos xustos e seguridade laboral para os profesionais da IM.

4. FORMACIÓN E CAPACITACIÓN CONTINUA

Establecer programas de formación e capacitación para mellorar as habilidades profesionais dos traballadores da IM.

Desenvolver programas específicos para fomentar a innovación e a adaptación ás novas tecnoloxías, como a intelixencia artificial, tendo en conta o seu impacto en toda a IM.

Establecer liñas de acción específicas para a mellora do acceso ás condicións de financiamento e ás oportunidades de axuda pública.

5. FORTALECEMENTO DA INFRAESTRUTURA E ACCESO A ESPAZOS

Investir na creación e mellora de espazos culturais para actuacións en vivo, facilitando o acceso a estes para artistas de diferentes xéneros e tamaños.

Ofrecer subvencións ou tarifas reducidas para o alugueiro de espazos, aliviando a

carga financeira para artistas e promotores.

6. APOIO INSTITUCIONAL E POLÍTICAS PÚBLICAS

Manter o financiamento público para a IM, especialmente para proxectos innovadores e eventos que impulsen a cultura local.

Analizar as condicións de acceso ás políticas de apoio, cara a unha mellor capilarización das axudas e un mellor acceso por parte de sectores de menor dimensión no marco da IM.

Elaborar estratexias culturais que integren a música co turismo, a educación e outras áreas, potenciando o impacto económico e cultural da IM.

7. USO DE TECNOLOXÍA E INNOVACIÓN

Fomentar a adaptación á dixitalización para a creación e distribución musical, mantendo un equilibrio entre innovación e tradición.

Desenvolver ou apoiar plataformas dixitais que faciliten a promoción e distribución de música galega.

Crear unha plataforma que facilite a colaboración e comunicación entre os diferentes axentes da IM, incluíndo artistas, promotores, plataformas de distribución, entidades educativas e institucións públicas.

8. PROMOCIÓN DA MÚSICA GALEGA E INTERNACIONALIZACIÓN

Lanzar campañas para promover a música galega tanto a nivel nacional como internacional, destacando a súa singularidade cultural.

Establecer programas de intercambio e colaboración con artistas e entidades estranxeiras para fomentar a internacionalización da música galega.

Desenvolver unha “marca” forte para a música galega que destaque a súa unicidade e calidade, atraendo tanto a públicos locais como internacionais.

9. INTEGRACIÓN DA MÚSICA NA EDUCACIÓN

Incorporar programas de educación musical nas escolas para fomentar o interese

pola música dende idades temperás e apoiar a diversificación de xéneros musicais.

10. INVESTIGACIÓN E ANÁLISE DE DATOS

Realizar estudos regulares para analizar as tendencias do mercado, as necesidades dos consumidores e o impacto económico da IM, facilitando así a toma de decisións baseadas en datos.

Realizar un estudo exhaustivo para mapear a estrutura do ecosistema da IM en Galicia, identificando todos os axentes implicados, desde artistas a institucións, e as súas interrelacións.

Establecer un sistema de control e avaliación para revisar continuamente o estado da IM e axustar as estratexias conforme sexa necesario.

A partir das diversas análises e conclusións obtidas sobre a IM en Galicia, xurde unha recomendación fundamental: a necesidade de desenvolver e implantar un **Plan Estratéxico integral para a IM galega**. Esta recomendación emerxe como unha derivada natural das complexidades, retos e oportunidades identificadas no sector.

Por que un Plan Estratéxico é Crucial para a IM en Galicia?

- A IM de Galicia enfróntase a unha serie de desafíos entrelazados que inclúen a diversidade e recoñecemento dos xéneros musicais, as condicións laborais dos artistas, a dependencia do financiamento público e privado, e a necesidade de adaptarse ás novas tecnoloxías. Un plan estratéxico permitiría abordar estes desafíos de maneira coordinada e coherente.
- A diversidade cultural e musical, o crecente recoñecemento dos festivais musicais, e a capacidade de adaptación dixital son fortalezas clave da IM galega. Un plan estratéxico podería amplificar estas fortalezas, posicionando a Galicia como un referente musical a nivel nacional e internacional.
- Á vista dos resultados do impacto socioeconómico da IM, un plan estratéxico facilitaría a maximización deste impacto, non só para o sector musical, senón tamén para sectores relacionados como o turismo e a hostalería.
- A IM debe adaptarse continuamente a un entorno en cambio. Un plan estratéxico garantiría que a innovación e a sustentabilidade sexan piares fundamentais da

industria, fomentando así un crecemento a longo prazo.


- A IM funciona como un ecosistema interconectado de axentes diversos. Un plan estratéxico sería crucial para asegurar unha coordinación efectiva entre estes axentes, maximizando as sinerxías entre eles.
- As propostas e liñas de acción mencionadas previamente, como o fomento de novos talentos, a mellora das condicións laborais e a promoción da música galega, requiren un marco estratéxico claro para a súa implantación eficaz.
- Un plan estratéxico proporcionaría unha estrutura para o seguimento e avaliación continua do progreso da industria, permitindo axustes e melloras baseadas en datos reais e feedback.
- Ademais, a concreción dun Plan Estratéxico permitiría abordar un problema crítico identificado: a dificultade no acceso a datos fiables e completos sobre o sector. Esta carencia de información detallada e accesible representa varios desafíos significativos para o desenvolvemento e a xestión eficaz da industria:
 - Sen información precisa e actualizada, as decisións estratéxicas corren o risco de basearse en suposicións ou en datos obsoletos, o que pode levar a estratexias ineficaces ou a unha asignación inadecuada de recursos.
 - Complica a medición do verdadeiro impacto económico e cultural da IM, tanto a nivel local como nacional e internacional.
 - Impide á industria responder de maneira áxil a cambios no mercado, tendencias de consumo e innovacións tecnolóxicas.
 - A planificación estratéxica eficaz require unha comprensión clara da evolución da industria ao longo do tempo, algo que só pode ser conseguido mediante o acceso a datos históricos e actuais fiables.

Ademais, facilitar o acceso a datos transparentes e accesibles non só beneficiaría aos axentes internos do sector, senón tamén a investigadores, políticos e ao público en xeral, contribuíndo a unha maior comprensión e apreciación da IM.

Como derivada natural, a elaboración dun Plan Estratéxico para a IM en Galicia é unha necesidade imperiosa e unha resposta lóxica á complexidade e dinamismo do sector. Este plan proporcionaría unha base sólida para a planificación estratéxica e a toma de decisións informadas, facilitando afrontar os problemas detectados e outros subxacentes, ademais de establecer unha visión e un camiño cara o futuro, asegurando que a IM galega prospere nos vindeiros anos.



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



**AG
EM**
ASOCIACIÓN
GALEGA
DE EMPRESAS
MUSICAIS

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA